Un aspecto que cobrou relevancia nos últimos anos, sobre todo no confinamento pola pandemia do covid-19, como posteriormente á mesma, foi o *malestar*, en forma de emocións negativas como medo, tristeza, culpa, enfado, vergoña, etc. É unha advertencia de que podería chegar a desenvolverse un trastorno mental se a intensidade aumenta. O incremento do número de persoas que acoden a atención primaria por problemas de malestar é con frecuencia atendido cunha abordaxe farmacolóxica, en moitos casos inadecuado e ineficaz, sendo o malestar no traballo un tema recorrente. Así, o 27,4% das

persoas atendidas en atención primaria presenta algún problema psicolóxico ou trastorno mental, cunha frecuencia maior en mulleres (30,2%) que en homes (24,4%). Claramente, isto ten un enorme custo e só fai referencia á atención primaria. Os datos do Consello Económico e Social de España (2024) sinalan que o gasto total en saúde mental en España é duns 60.000 millóns de euros ao ano, o que representa un 4,2% do PIB.

Os factores socioculturais, económicos e tecnolóxicos poden agravar ou aliviar os síntomas, afectando á evolución dos trastornos. O ritmo de vida acelerado, con altas esixencias laborais, académicas e económicas, aumenta o estrés crónico. A presión polo éxito e a produtividade constante fai que moitas persoas ignoren os síntomas iniciais dos seus trastornos. Ademais, nalgunhas contornas laborais, o descanso e o autocoidado son vistos como signos de debilidade. A precariedade laboral e a inestabilidade económica poden facer que a ansiedade e a depresión sexan máis persistentes.

Por último, outro novo problema característico das sociedades desenvolvidas é o incremento da esperanza de vida. Isto levou a un maior envellecemento da poboación, á vez que descendeu a natalidade. A OMS sinala que a prevalencia dos trastornos mentais nos adultos de 60 ou máis anos é dun 14%, sendo a depresión e a ansiedade os máis frecuentes. Séguelle logo a demencia. Tamén se atopan neles problemas co consumo de alcol e o insomnio. En Galicia, co noso alto nivel de envellecemento hai máis problemas de demencias, Alzheimer e outros trastornos asociados a esas idades.

Tamén na actualidade son os grupos vulnerables (ex., personas sen fogar, en situación de pobreza, mulleres que sufriron violencia de xénero) os que teñen maior risco de desenvolver problemas de saúde. Estes grupos sofren máis exclusión social, marxinación e estigma por razóns de saúde, relixión, cultura, etnia, orientación sexual, xénero, discapacidade física ou mental, entre outros, por iso é polo que teñen máis risco de sufrir enfermidades e trastornos mentais.

Capítulo 7
Os trastornos mentais e do comportamento máis relevantes

Os trastornos mentais e do comportamento diagnostícanse con dous sistemas clasificatorios, o DSM-5-TR da Sociedade Americana de Psiquiatría e o CIE-10 ou CIE-11 da Organización Mundial da Saúde. Son equivalentes, aínda que difiren lixeiramente nalgúns trastornos ou síntomas que inclúen. Ambos permiten intercambiar información entre os profesionais. Iso facilita o diagnóstico e o tratamento. O CIE-11 inclúe distintos trastornos nas seguintes categorías:

- Trastornos do neurodesenvolvemento.
- Esquizofrenia ou outros trastornos psicóticos primarios.
- Catatonía.
- Trastornos do estado de ánimo.
- Trastornos de ansiedade ou relacionados co medo.
- Trastornos obsesivo-compulsivos e outros trastornos relacionados.
- Trastornos especificamente asociados ó estrés.
- Trastornos disociativos.
- Trastornos do comportamento alimentario.
- Trastorno de eliminación.
- Trastornos de distrés corporal ou da experiencia corporal.
- Trastornos debidos ao consumo de substancias ou a comportamentos adictivos.
- Trastornos do control dos impulsos.
- Trastornos de comportamento disruptivo e disocial.
- Trastornos da personalidade e trazos relacionados.

- Trastornos parafílicos.
- Trastornos facticios.
- Trastornos neurocognitivos.
- Trastornos mentais ou do comportamento asociados co embarazo, o parto ou o puerperio.
- Síndromes secundarias mentais ou do comportamento asociados con enfermidades ou trastornos clasificados noutra parte.

Dentro dos trastornos mentais adoita facerse unha referencia específica a un grupo de trastornos denominados como *trastorno mental grave* (TMG). Considéranse os seguintes: 1) esquizofrenia, trastornos esquizotípicos e trastornos delirantes, 2) trastorno bipolar, 3) trastorno límite da personalidade e 4) trastorno depresivo recorrente. Todos eles caracterízanse polo seu alto nivel de gravidade, cronicidade e con importante afectación social, familiar e social. Ás veces, tamén se inclúen na categoría de TMG ao trastorno obsesivo-compulsivo, o trastorno de pánico e o trastorno de estrés postraumático.

A continuación, describimos algúns dos trastornos máis prevalentes.

A *esquizofrenia e outros trastornos psicóticos relacionados* son trastornos graves que se caracterizan pola presencia de serias alteracións da percepción e do pensamento, ademais dunha significativa desorganización do comportamento e da personalidade. Caracterízanse pola distorsión do sentido en como perciben a realidade.

Os *trastornos de ansiedade e medo* caracterízanse pola presencia de niveles elevados de ansiedade e por medo excesivo. Inclúese o trastorno de ansiedade xeneralizada, o trastorno de pánico, a agorafobia, a fobia específica, o trastorno de ansiedade social, o trastorno de ansiedade por separación e o mutismo selectivo.

Os *trastornos do estado de ánimo* abarcan dous grandes grupos: os trastornos depresivos e os trastornos bipolares. Defínense segundo os diferentes tipos de episodios de estado de ánimo e como estes se presentan ao longo do tempo. A *depresión* é un dos problemas de saúde máis prevalentes e incapacitantes. Caracterízase por un estado de ánimo baixo persistente que pode manifestarse como tristeza profunda, irritabilidade ou unha sensación constante de baleiro ou por unha perda do interese e pracer en actividades que anteriormente resultaban gratificantes. A isto súmanse unha serie de síntomas cognitivos e condutuais que poden incluír dificultades para concentrarse, cambios no apetito ou o soño, diminución da enerxía, e sentimentos de inutilidade ou culpa. O *trastorno bipolar* é unha alteración do estado de ánimo caracterizada pola presenza de episodios que varían entre estados de euforia (teima ou hipomanía) e estados depresivos.

Os *trastornos debidos ao consumo de substancias psicoactivas e comportamentos adictivos* abarcan unha variedade de patróns de consumo e condutas que poden ter un impacto significativo na vida do individuo, afectando a súa saúde mental, as súas relacións interpersoais e o seu funcionamento en diversas áreas da vida diaria a partires de distintos fenómenos (ex., intoxicación, abstinencia, tolerancia).

Os *trastornos do neurodesenvolvemento* son trastornos que teñen especificamente os nenos e adolescentes . Xorden durante o período do desenvolvemento e crecemento da persoa causando problemas importantes na adquisición e desempeño de funcións intelectuais, motoras e sociais específicas. Son o trastorno do desenvolvemento intelectual, do desenvolvemento da fala ou da linguaxe, do espectro autista, do desenvolvemento da aprendizaxe e o trastorno por hiperactividade e déficit de atención.

Os *trastornos da conduta alimentaria* son alteracións psicolóxicas que afectan á relación dunha persoa coa alimentación. Estes trastornos inclúen tanto alteracións do comportamento que están relacionadas coa preocupacións polo peso e a figura corporal como a regurxitación voluntaria de alimentos e comportamentos anormais vinculados coa

inxesta ou preocupación pola comida, o peso e a figura corporal. Falamos dos trastornos de anorexia nerviosa, bulimia, ou o trastorno por atracón.

Os *trastornos de personalidade* caracterízanse pola presencia de problemas no funcionamento persoal, como a identidade, autoestima, percepción dun mesmo ou a capacidade de autodirección, e tamén pode incluír dificultades nas relacións interpersoais, como a habilidade para crear e manter vínculos próximos e satisfactorios, comprender as perspectivas dos demais ou manexar conflitos.

Capítulo 8
A atención á saúde mental en Galicia

A atención do SERGAS á saúde mental en Galicia estrutúrase en varios niveis, empezando nun primeiro pola atención primaria, cun segundo nivel na atención especializada, sobre todo nas Unidades de Saúde Mental, e complementado con toda unha serie de unidades hospitalarias, programas específicos e outros recursos asistenciais, con ou sen internamento.

O acceso dunha persoa cun trastorno mental ao sistema sanitario adoita ser a través do seu médico de atención primaria, onde case tres persoas de cada dez das que ve diariamente ten un trastorno mental, sobre todo de ansiedade e depresión xunto co malestar psicolóxico ou emocional. Tamén pode acceder polos servizos de urxencias dos PAC (puntos de atención continuada de atención primaria) ou polos servizos de urxencias dos hospitais. Dependendo da gravidade do trastorno será atendido polo médico de atención primaria ou derivado a unha Unidade de Saúde Mental (de adultos ou infanto-xuvenil dependendo da idade do paciente).

Actualmente existe un amplo número de programas, unidades e dispositivos en saúde mental, como os de ligazón de atención primaria-hospitalaria, unidade de psicoxeriatría, unidade de hospitalización de rehabilitación psiquiátrica, programa de hospitalización a domicilio, equipo de continuidade de coidados, programa de atención sociosanitaria, programas de interconsulta e ligazón, centros de orientación familiar, programas específicos (ex., de autismo), unidade de prevención do suicidio, unidade de trastornos da conduta alimentaria e unidades de apoio socio-comunitario para a atención ao trastorno mental grave). Estes dispositivos contan con profesionais como psiquiatras, psicólogos clínicos e enfermeiros especialistas en saúde mental.

Para a abordaxe dos trastornos adictivos existe unha rede específica, a Rede de Trastornos Adictivos de Galicia, que traballa coordinadamente co resto de dispositivos, xunto coas unidades de alcoholismo e outras adicións.

Debe destacarse, asemade, a rede asociativa existente de persoas que teñen trastornos mentais e os seus familiares (destacando o papel destes no coidado dos seus familiares con trastornos mentais), en moito casos financiadas polo Sergas ou Consellería de Sanidade total ou parcialmente. Todo o anterior compleméntase cos profesionais que traballan no campo privado, ao que acoden en moitos casos os pacientes polo problema das listas de espera. Existen en Galicia varios hospitais privados para pacientes con trastornos mentais, sendo o perfil máis frecuente o das persoas con trastorno mental grave. Por último, non podemos esquecer que hai un grupo de pacientes que tendo trastornos mentais non acoden en busca de axuda profesional.

Capítulo 9
Retos actuais relevantes en saúde mental

Hai varios retos actuais de relevancia na saúde mental. En primeiro lugar, a relación entre ética e saúde mental. Os principios éticos teñen unha especial importancia naqueles casos nos que o paciente non é capaz de poder tomar decisións por si mesmo, entre os que destacan os menores e as persoas con discapacidade.

En segundo lugar, os dereitos que teñen os pacientes. Na actualidade está regulado este aspecto por leis, como a da autonomía do paciente e dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, na de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os distintos códigos deontolóxicos profesionais, a de cohesión do Sistema Nacional de Saúde, e outras que regulan o consentimento informado, o consentimento por representación ou substitución, sexa por autorización expresa do paciente ou por representación legal, o dereito á confidencialidade de todo acto sanitario, a custodia das historias clínicas, a situación dos menores, sobre todo cando ten as súas capacidades intelectuais ou emocionais mermadas, ou cando en persoas adultas corre perigo a súa vida (ex., intento de suicidio) ou se é necesario un internamento obrigatorio por prescrición facultativa.

En terceiro lugar, un tema relevante cando falamos de persoas que teñen trastornos mentais é o do estigma que moitos deles sofren a diario. Recentemente, no ano 2022, a revista médica *The Lancet* publicou o informe dunha comisión específica para analizar o fenómeno do estigma e da discriminación en saúde mental e o modo de acabar con ela propoñendo varias accións contra o estigma e a discriminación destes pacientes.

En cuarto lugar, destaca o descoñecemento acerca dos trastornos mentais que existe na poboación e que adoita estudarse baixo a denominación de alfabetización en saúde mental. Hai experiencias en distintos contextos pero queda moito por facer nesta campo. No contexto galego podemos citar o Programa YAM, orientado ós adolescentes galegos.

En quinto lugar, o fenómeno no que estamos inmersos de consolidación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TICs). Nos últimos anos, a utilización das TICs nas intervencións dirixidas á mellora da saúde tivo un rápido crecemento, sendo os SMS, as chamadas telefónicas, as videochamadas e o uso de Apps algunhas das que máis creceron. Teñen ventaxas pero tamén desvantaxas (ex., presentan maiores taxas de abandono e unha menor adherencia que as intervencións tradicionais). As veces as TICs veñen paliar, dalgunha maneira, a escaseza de recursos humanos.

En sexto lugar, en relación co desenvolvemento e acceso a novos tratamentos en saúde mental, debe de asegurarse o acceso a todo tratamento eficaz e que sexa custo-eficiente, xa sexa farmacolóxico, psicoterapéutico ou social. Esta é a base para asegurar unha boa atención sanitaria e que o paciente reciba o tratamento máis axeitado para o trastorno mental que presenta. Complementando o anterior, é necesario que se avalíe de modo sistemático os tratamentos que se utilizan en función do custo-eficiencia.

Hai programas innovadores que mostraron a súa eficacia noutras comunidades autónomas ou noutros países, e cuxa implantación aquí sería posible. Tres exemplos son a medicina personalizada en psiquiatría, o programa británico de introdución de psicólogos clínicos en atención primaria e distintos programas innovadores para o tratamento da esquizofrenia.

En sétimo lugar, unha problemática importante que temos no Sistema Nacional de Saúde (SNS), e que afecta a todas as comunicades autónomas, son as listas de agarda. En Galicia para poder acceder aos servizos de saúde mental, sexan ao psiquiatra ou ao psicólogo clínico, unha vez que o médico de atención primaria fixo a derivación, o tempo de espera non baixa no mellor dos casos de 2-4 meses, chegando nalgunha área sanitaria, como é a de Vigo, a case os 12 meses. Se se quere promocionar a saúde mental deben

achegarse máis recursos, incluíndo a formación e contratación de máis profesionais, e non debemos obviar a xestión da calidade asistencial.

En oitavo lugar, un problema actual nas sociedades desenvolvidas con sistemas nacionais de saúde universais é o seu mantemento. Cada vez hai maior demanda de servizos sanitarios, un claro envellecemento da poboación, co correlativo incremento de enfermidades e trastornos mentais. Ademais, a tecnoloxía sanitaria e os tratamentos son, por unha banda, mellores e eficientes logrando alongar a vida das persoas, e por outra, máis caros. A clave está en achegar máis recursos económicos ao sistema, pero como facelo é un tema de debate nas últimas décadas e que en España non está resolto.

Por último, ademais do impacto directo na saúde e a necesidade de tratamento, os trastornos mentais xeran un importante custo indirecto que afecta tanto á economía como ás familias. A perda de produtividade laboral é unha das principais consecuencias, o que se tradúcese en custos significativos para as empresas e o sistema económico en xeral. Aparte, a carga familiar aumenta considerablemente.

Capítulo 10
Como previr os trastornos mentais e mellorar a saúde mental

A prevención é hoxe un campo relevante. Fálase de prevención universal (aquelas intervencións preventivas que se dirixen a todos en xeral ou ao conxunto da poboación que non ten un risco individual), selectiva (é un tipo de prevención máis específico que a universal xa que as persoas ou subgrupos de poboación teñan un risco de desenvolver un problema maior que a media) e indicada (diríxese a persoas de alto risco que se identificaron por ter signos ou síntomas mínimos, pero detectables, que poden levar a un trastorno mental, emocional ou condutual, ou marcadores biolóxicos que indiquen predisposición ao devandito trastorno, pero que non cumpran cun diagnóstico na actualidade).

Dado que a depresión é un dos trastornos máis prevalentes, desenvolvéronse distintos programas en diversas poboacións: nenos e adolescentes, poboación xeral ou grupos específicos (ex., no traballo). Oriéntase a mellorar os factores de protección e reducir os de risco para desenvolver depresión, amosando ser eficaces. En Galicia temos exemplos concretos de aplicación de programas preventivos para a depresión, como o "*Supera a túa depresión*", que se orienta a persoas con depresión leve ou moderada.

En canto ao suicidio, a OMS ven insistindo na necesidade de ter unha estratexia nacional en todos os países para a súa prevención. Recentemente, aprobouse en España, o Plan de Acción de Saúde Mental 2025-2027 e o Plan de Acción de Saúde Mental sobre o suicidio. De modo concreto, para o marco laboral, insístese en que sexa unha prioridade, cara á mellora da prevención de riscos psicosociais e promover a saúde mental e a prevención do suicidio en contornas laborais. A prevención do suicidio pódese facer en diversos niveis, a nivel social, comunitario, interpersoal, individual e escolar, onde mostraron ser eficaces. En España, como en Galicia, están a realizarse desde hai anos accións orientadas á formación dos profesionais no tema. Temos programas preventivos da conduta suicida e unidades específicas para o tratamento do suicidio, destacando en Galicia a aplicación do programa YAM (*Youth Aware of Mental Health;* Mocidade Consciente da Saúde Mental), programa preventivo escolar para mozos e mozas de 13 a 17 anos.

Dentro dos programas dirixidos a mellorar a fortaleza emocional e cognitiva para previr a aparición dos trastornos de ansiedade, a OMS destaca o programa FRIENDS. É un programa cognitivo-condutual que conta con versións para ser aplicado como

prevención universal, selectiva ou indicada en diversos contextos (ex., escolas, centros de saúde).

En canto á diminución dos eventos traumáticos hai programas preventivos dirixidos a reducir a probabilidade de que sucedan como son os programas escolares para reducir a conduta agresiva, para reducir o abuso a menores ou as accións dirixidas a reducir os conflitos armados e as consecuencias dos mesmos. Moitos destes programas oriéntanse á poboación máis nova pero tamén os hai para poboación de maior idade.

Un dos campos máis desenvolvidos na prevención é o das drogodependencias. Realízanse fundamentalmente na escola (prevención universal), que é onde se chega a máis persoas, e onde mostraron bos niveis de eficacia e custo-eficiencia. Adoitan aplicarse a partir dos 12-14 anos, que é cando se inician os consumos. Tamén se desenvolveron programas preventivos para os pais, así como a nivel comunitario e no eido laboral. Tamén no caso da prevención realizada na escola destacan os programas dirixidos ós trastornos da conduta alimentaria, a conduta agresiva e desadaptativa e para a prevención do *bullying* e *ciberbullying*, entre outros.

Respecto á prevención da esquizofrenia, segundo a OMS, 1 de cada 300 persoas no mundo a padece , sendo dentro dos trastornos psicóticos o máis frecuente polo que é relevante a súa prevención. Séguese aquí dúas liñas. A primeira baséase na detección temperá da psicose, o que leva a un mellor prognóstico e, a segunda, baséase na detección das persoas que se atopan aínda nunha fase prodrómica, previa á aparición do primeiro episodio psicótico. Destaca neste eido o programa que a Consellería de Sanidade, en colaboración coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), desenvolve para a captación e atención precoz a familiares ou coidadores nos casos de primeiros episodios de enfermidade mental grave e persistente.

Por último, a prevención dos trastornos mentais no medio laboral realízase nalgúns casos, pero son escasos os programas, ou non se difunden. Hai programas para a prevención do estrés, da depresión, do suicidio ou do trastorno de consumo de sustancias, entre os principales. Por exemplo, Renfe/Adif conta cun programa orientado a reducir o consumo de alcol e drogas a nivel laboral que leva en funcionamento varias décadas.

Capítulo 11
Como mellorar a accesibilidade e o tratamento dos trastornos mentais e do comportamento

Un aspecto central na atención sanitaria é que exista unha canle de acceso fácil á mesma. Hoxe isto non ocorre cando unha persoa ten un trastorno mental. Ata o de agora, debido ás limitacións que ten o Sistema Nacional de Saúde nos recursos que dedica á saúde mental, parte da problemática abórdase en atención primaria. Así mesmo, moitas persoas recorren á sanidade privada, o que introduce desigualdades significativas en función da capacidade económica.

En Galicia, como no resto das Comunidades Autónomas, hai unha alta demanda para o tratamento dos trastornos mentais e os profesionais son claramente insuficientes, o que se traduce en listas de agarda prolongadas, queixas dos pacientes e unha frustración xeneralizada ao non recibir moitos a atención que necesitan. Existen dous aspectos a destacar en canto ao acceso aos servizos de saúde mental. O primeiro é a dificultade que teñen as persoas da terceira idade para acceder a este tipo de atención, recomendando que sexa máis accesible para eles a atención á saúde mental. O segundo, as desigualdades de recursos que se observan por áreas sanitarias, así como unha mellor dotación de recursos nas áreas urbanas.

É evidente que o noso sistema sanitario pode mellorarse, tanto en canto ao incremento de profesionais coma no acceso aos tratamentos máis modernos e eficaces e a diminución das listas de agarda actualmente existentes. Destes aspectos, a necesidade de incrementar o número de profesionais, non só en saúde mental, é un dos que máis fincapé se está a facer nos últimos anos. Considérase que debía garantirse unha ratio mínima de profesionais de saúde mental no sistema sanitario público de 18 psiquiatras, 18 psicólogos clínicos e 23 enfermeiros especialistas en saúde mental por cada 100.000 habitantes. Un obxectivo a curto prazo é incrementar as ratios a un mínimo de 13-15 psiquiatras e psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes.

Os datos de 2025, do SERGAS, indican que hai 240 psiquiatras, 166 psicólogos clínicos e 182 enfermeiros especialistas en saúde mental. Debe sinalarse que a rede de grogodependencias tamén conta con psiquiatras, psicólogos clínicos, persoal de enfermería e outros profesionais, que non están computados nos anteriores. Deste xeito, o SERGAS conta cunha ratio de 8,9 psiquiatras, 6,1 psicólogos clínicos e 6,7 enfermeiros especialistas en saúde mental por cada 100.000 habitantes. Se se computa tamén aos profesionais da rede de drogodependencias de Galicia, as ratios serían de 9,7 psiquiatras, 7,4 psicólogos clínicos e 6,7 enfermeiros especialistas en saúde mental por cada 100.000 habitantes.

Outra cuestión relevante é o tempo que se lle dedica a un paciente cun trastorno mental, xa que o tempo actual de consulta é insuficiente. Adoita estar para a primeira sesión dun psiquiatra en 30 minutos e 15 minutos para as revisións (seguintes consultas), e en 45 minutos para as primeiras dun psicólogo clínico e 30 minutos para as revisións. O tempo entre a primeira consulta e as seguintes ten unha gran variabilidade e depende tanto do nivel de gravidade, como da axenda dispoñible e da área sanitaria. O incremento de recursos debe comportar incrementar eses tempos, tanto de consulta, como que estas sexan máis frecuentes. Debe subliñarse que os tratamentos en saúde mental son eficaces, custo-efectivos e custo-eficientes.

Hai varios aspectos aos que haberá que prestar unha especial atención no futuro: a monitoraxe epidemiolóxica e etiolóxica continua; o incremento da conciencia e alfabetización en saúde mental; a focalización nos trastornos de maior carga epidemiolóxica; a abordaxe estratificada segundo grupos etarios e características sociodemográficas; prestar unha especial atención aos trastornos mentais graves; o fortalecemento e ampliación de recursos humanos e materiais; a optimización e equidade na implementación de tratamentos; o desenvolvemento e implementación de programas de prevención; a erradicación do estigma e discriminación asociados aos trastornos mentais; e o sostemento do compromiso político e social cara á saúde mental.

Capítulo 12
Recomendacións

Como resultado de todo o Informe, fanse as seguintes recomendacións para a procura dunha mellora da saúde mental en Galicia.

1) No eido social

1) Fortalecer a atención á saúde mental mediante campañas de información e concienciación dirixidas a toda a poboación, incluídos os medios de comunicación para maximizar a difusión. É fundamental visibilizar os problemas de saúde mental, o elevado número de persoas afectadas, a necesidade de que sexan apoiadas e facilitar o seu acceso aos servizos sanitarios.

2) Potenciar a realización de estudos para ter datos fiables e obxectivos sobre a problemática da saúde mental na poboación galega, tanto en nenos como en adolescentes, adultos e persoas maiores.

3) Introducir e potenciar programas eficaces para a prevención dos trastornos mentais en toda a sociedade, pero especialmente no contexto escolar e universitario, no campo laboral e nos colectivos que teñen maior risco de desenvolvelos.

4) Transmitir aos responsables políticos e lexislativos que a saúde mental é un problema importante de saúde, que precisa maior atención e dispoñer dos recursos materiais e humanos suficientes para prestar unha boa asistencia sanitaria. Así, poderase reducir a incidencia dos trastornos mentais, axudar a mellorar a calidade de vida das persoas que os sofren e ter unha mellor saúde toda a sociedade.

5) Os problemas de saúde mental están influídos por múltiples factores, que poden presentarse separadamente ou varios á vez nunha persoa, como son os biolóxicos e xenéticos, os ambientais e sociais (culturais, familiares, crianza, ecolóxicos, escolares, socioeconómicos, laborais) e psicolóxicos. Xa que algúns se poden reducir ou cambiar (ex., o estrés laboral, a pobreza, o acoso, a discriminación, os nesgos cognitivos), deben priorizarse aqueles que favorecen que as persoas teñan unha mellor saúde mental.

6) Dado que temos identificados os principais factores que se relacionan co incremento actual dos trastornos mentais, deben tomarse medidas de tipo social, educativas e sanitarias para reducir o seu impacto, como son, entre outros, a soidade, sobre todo nos anciáns, os novos tipos de convivencia e de familias, a priorización do traballo, a mobilidade laboral, o alto nivel de competitividade e estrés, os novos valores sociais, a frecuente frustración nunha sociedade consumista, o uso problemático que fai sobre toda a mocidade das redes sociais en Internet, etc.

7) Pola relevancia que cobraron os problemas de saúde mental nos últimos anos, debería introducirse no currículum escolar, xa desde idades temperás, programas para mellorar a saúde mental e desenvolver adecuadas habilidades sociais, emocionais e de afrontamento para a vida cotiá.

8) Como se evidenciou na pandemia do covid-19, e pospandemia, os profesionais sanitarios víronse sometidos a un enorme esforzo e presión asistencial, que tamén incidiu na súa saúde mental. Esta presión asistencial continúa, como é claro en atención primaria e en saúde mental. Por iso, debe implantarse unha adecuada organización do traballo, medidas preventivas para reducir o estrés e o *burnout* dos profesionais sanitarios e que dispoñan do tempo necesario para a adecuada atención aos pacientes.

2) No eido sanitario

2.1) En atención primaria

9) Aumentar os recursos para unha mellor atención á saúde mental (tanto materiais como humanos) nos equipos de atención primaria, por ser a porta de entrada da maioría dos pacientes que teñen trastornos mentais.

10) Manter unha formación continua para todos os profesionais do equipo de atención primaria en cuestións de saúde mental, polo alto nivel de pacientes que ven diariamente nas súas consultas, en aspectos como a detección precoz dos trastornos, a abordaxe básica do malestar, a actualización no manexo de psicofármacos, non abusar da prescrición, a adecuada derivación, etc.

11) Introducir paulatinamente profesionais da Psicoloxía Clínica nos centros de Atención Primaria para a atención áxil aos pacientes con trastornos mentais, no seu propio contexto cando non esixan derivación ás Unidades de Saúde Mental, con intervencións

breves e/ou grupais para o seu tratamento ou para previr o agravamento e/ou cronificación dos seus trastornos.

12) Potenciar a creación de novos programas asistenciais en saúde mental nos centros de Atención Primaria para as persoas con trastornos mentais que permitan unha mellor atención ás demandas que presentan os pacientes.

13) Poñer en marcha programas de prevención dos trastornos mentais, sobre todo para os trastornos de ansiedade e trastornos depresivos, así como potenciar outros existentes. Estes deben implantarse tanto nos centros de Atención Primaria como noutros contextos comunitarios aos que se poida chegar.

14) Promover a dispoñibilidade de teleconsultas co equipo de saúde mental como unha ferramenta complementaria á atención presencial, permitindo tanto unha maior accesibilidade e continuidade de coidados como un maior apoio aos profesionais de atención primaria.

15) Ofrecer atención con axuda de intérpretes e contemplar a ampliación do tempo de consulta a pacientes que falen outras linguas e que teñen trastornos mentais.

16) Elaborar guías clínicas/protocolos estandarizados dos trastornos mentais específicos para aplicar na consulta de atención primaria.

2.2) En atención especializada á saúde mental

17) Poñer en marcha programas e tratamentos innovadores, así como unidades específicas e potenciar as existentes (ex., Unidades de Prevención da Conducta Suicida) para mellorar a asistencia á saúde mental.

18) Asegurar a atención á saúde mental ao longo de todo o ciclo vital, nenez, adolescencia, idade adulta e senectude, con unidades específicas, dado que os problemas de saúde mental varían en función das distintas etapas da vida.

19) Incrementar o número de profesionais de Psiquiatría, Psicoloxía Clínica e Enfermería especialista en saúde mental, nos distintos dispositivos de saúde mental, para asegurar unha atención de calidade e chegar ás ratios recomendadas deses profesionais.

20) Mellorar os tratamentos dispoñibles para os trastornos mentais (psiquiátricos, psicolóxicos e outros) tanto a nivel ambulatorio como hospitalario, xunto á continua actualización dos profesionais.

21) Potenciar os espazos de coordinación tanto entre o equipo de atención primaria como cos demais profesionais das unidades de Saúde Mental ou outros dispositivos hospitalarios. Neles débese facilitar o traballo multidisciplinar poñendo ao paciente no centro da abordaxe terapéutica.

22) Favorecer a atención, para aqueles pacientes que o precisan, fóra do hospital, coa participación activa de pacientes e familias.

23) Reducir as listas de agarda a través da mellora e optimización de recursos, profesionais e adecuados sistemas de derivación.

2.3) Noutros recursos asistenciais

24) Aplicar os mesmos criterios anteriores a outros recursos conveniados, como son a rede do Plan de Galicia sobre Drogas, as asociacións de ex-alcohólicos ou os centros de rehabilitación psicosocial para persoas con trastorno mental grave, entre outras.

25) Optimizar a colaboración cos recursos sociais existentes de saúde mental, como son as asociacións de pacientes, familiares, etc., que axudan ás persoas con trastornos mentais, para complementar os dispositivos públicos existentes.

3) No eido laboral

26) Aumentar a conciencia dos traballadores, empresarios, organizacións sindicais, organizacións empresariais, responsables políticos e lexislativos, sobre a presenza dos trastornos mentais no eido laboral e a súa incidencia negativa no rendemento laboral, absentismo e baixas laborais.

27) Dada a relevancia dos trastornos mentais no eido laboral, é necesario aumentar o coñecemento existente sobre eles, establecer intervencións de tipo preventivo, fomentar a detección temperá, facilitar o acceso á asistencia e facer unha adecuada incorporación laboral ao posto de traballo no caso de haber unha incapacidade laboral transitoria para evitar as recaídas.

28) Prestar unha especial atención aos riscos psicosociais no eido laboral que incrementan o risco de poder desenvolver trastornos mentais, así como levar a cabo accións para reducilos.

29) Dado que traballar é un factor protector para non padecer a maioría dos trastornos mentais máis prevalentes (ex., trastornos de ansiedade e depresión), en relación aos que están desempregados ou que teñen unha incapacidade, todas as medidas encamiñadas a reducir o paro, mellorar o ambiente laboral, previr os trastornos mentais e facilitar o acceso aos tratamentos adecuados para os que padecen trastornos mentais, leva a unha mellora da saúde mental global.

30) Seguir mellorando a lexislación laboral, incidindo na protección das persoas que teñen trastornos mentais, sobre todo para evitar o estigma e a marxinación, e para que reciban o mellor tratamento posible para a súa pronta recuperación e a súa incorporación ao posto de traballo.

31) Potenciar políticas laborais saudables que incidan positivamente nunha mellor saúde mental, como son impulsar medidas que favorezan a conciliación, a redución do estrés laboral, a prevención do burnout, a flexibilidade horaria, o adestramento en resolución de conflitos, a participación activa nas tarefas e decisións da empresa, etc.

32) Mellorar o atraso existente na revisión das baixas laborais por parte da inspección médica sanitaria, xa sexa por continxencia común ou profesional. A prestación económica do traballador depende dos devanditos informes. A actual carencia de suficientes profesionais na inspección médica está a levar a estes atrasos, que van mais alá dos que están fixados pola lei.

33) Garantir a reintegración dos traballadores tras unha baixa por un trastorno mental evitando calquera forma de estigmatización ou discriminación por medio de normas legais apropiadas, un funcionamento eficaz da inspección de traballo, o seguimento desde o servizo de vixilancia da saúde, así como a responsabilidade activa dos empregadores e da contorna laboral. A reincorporación debe desenvolverse en igualdade de condicións que calquera outra baixa por enfermidade.

Abreviaturas

AP = Atención Primaria
CIDI = Entrevista diagnóstica internacional da Organización Mundial da Salud
CIE = Sistema de clasificación internacional das enfirmidades da Organización Mundial da Saúde
CIG = Confederación Intersindical Galega
CCAA = Comunidade autónoma
CCOO = Comisións Obreiras
COF = Centro de orientación familiar
CSM = Centro de Saúded Mental
DSM = Manual diagnóstico e estadístico dos trastornos mentais
EIR = Enfermería de salud mental (especialidade de Enfermería)
EU = European Union, Unión Europea
GWAS = Estudios de asociación co xenoma complexo
INSST = Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
ISSGA = Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
MAP = Médico de atención primaria
MIR = Médico interno residente
OIT = Organización Internacional del Trabajo
OMS = Organización Mundial de la Salud
OPS = Organización Panamericana de la Salud
OR = Odds Ratio
PAC = Punto de atención continuada (atención primaria)
PYMES = Pequenas e medianas empresas
PIB = Producto Interior Bruto
PIR = Psicólogo interno residente
PGSD = Plan de Galicia sobre Drogas
PSMG = Plan de Saúde Mental de Galicia
SERGAS = Servicio Gallego de Salud
SCID = Entrevista clínica estructurada para el CIE
SNC = Sistema Nervioso Central
SNS = Sistema Nacional de Salud
TCA = Trastornos de la conducta alimentaria
TCAEs = Técnicos de cuidados auxiliares de enfermería
TDAH = Trastorno de Déficit de Atención con Hiperactividad
TEA = Trastorno del espectro autista
UAD = Unidad de Atención al Drogodependiente
UE = Unión Europea
UGT = Unión General de Trabajadores
UHB = Unidad de hospitalización breve
UHD = Hospitalización a domicilio
UME = Unidad de media estancia
USM = Unidad de salud mental (adultos)
USM IJ = Unidad de salud mental infanto-juvenil
WHO = World Health Organization (Organización Mundial de la Salud)

Capítulo 1
A saúde mental como un grave problema sanitario e social

1.1. A saúde mental
1.2. O incremento dos problemas de saúde mental
1.3. A saúde mental no estado do benestar
1.4. Os efectos da pandemia producida polo covid-19 e pospandemia na saúde mental
1.5. A actual visibilidade social dos problemas de saúde mental
1.6. A saúde mental en Galicia en relación ao resto do Estado e Europa
Referencias

1.1. A saúde mental

A Organización Mundial da Saúde (OMS) constituíuse en 1948 definindo á saúde como "*Un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades*". Xa nese momento insistíase na relevancia que ten a saúde mental, inseparable moitas veces da saúde física, do ambiente e do benestar social. Nesa mesma liña, a OMS define á saúde mental como "*un estado de benestar no cal cada individuo desenvolve o seu potencial, pode afrontar o estrés normal da vida, pode traballar de forma produtiva e frutífera, e pode achegar algo á súa comunidade*".

As persoas aspiramos a ter boa saúde xa que, con boa saúde, podemos vivir máis e mellor. Os avances do campo médico nos últimos 100 anos foron espectaculares, co que mellorou moito a esperanza de vida. Desde a implantación de medidas hixiénicas nas cidades (ex., traída de auga en boas condicións, saneamento, recollida de lixos), o descubrimento e a xeneralización das vacinas para enfermidades crónicas e de alta mortalidade infantil, o descubrimento dos antibióticos para tratar enfermidades antes mortais, ata os avances da cirurxía para curar ou paliar múltiples enfermidades. Isto explica o incremento da esperanza de vida nos últimos 100 anos en todo o mundo, situándose no caso de España nos 84 anos de esperanza de vida media (INE, 2025).

Pero a saúde, tal e como recolle a OMS, non só é física senón tamén é mental. Cos cambios sociais que estamos a vivir de forma acelerada nas últimas décadas, a pesar de que se mellorou moito na curación das enfermidades, incrementáronse os trastornos mentais, do comportamento e do neurodesenvolvemento. Sendo moi diversos os factores que explican este incremento, o estilo de vida, cambios na estrutura social e familiar, as condicións e mobilidade no traballo e outros cambios que iremos analizando ao longo deste informe. Dada esta situación, hoxe en día a saúde mental considérase un tema de gran importancia social, persoal, laboral, político e sanitario. É neste último campo onde é necesario dedicar máis esforzos e medios, polo incremento dos trastornos mentais, sobre todo como se evidenciou durante a pandemia producida polo covid-19 e na pospandemia.

Aínda que a OMS recolle o concepto en positivo, o certo é que para falar de boa saúde mental temos que falar da mala saúde mental. Na Táboa 1.1 recóllese a definición de trastorno mental que é tal e como se operativiza na clínica os problemas de saúde mental e son a base para a realización dos diagnósticos. Recóllense as dúas definicións de referencia a nivel internacional, sobre o que se entende por trastornos mentais, do comportamento ou do neurodesenvolvemento, por parte da OMS (Wold Health Organization, 2024) no CIE-11, e dos trastornos mentais como considera a Sociedade Americana de Psiquiatría, no DSM-5-TR (American Psychiatric Association, 2023). Todo isto irémolo ampliando ao longo dos capítulos do presente informe.

Táboa 1.1. Definicións de referencia a nivel internacional acerca dos trastornos mentais.

Definición de trastornos mentais, do comportamento e do neurodesenvolvemento segundo a CIE-11 da Organización Mundial da Saúde
"Os trastornos mentais, do comportamento e do neurodesenvolvemento son síndromes que se caracterizan por unha alteración clinicamente significativa na cognición, a regulación emocional ou o comportamento dun individuo que reflicte unha disfunción nos procesos psicolóxicos, biolóxicos ou do desenvolvemento que subxacen ao funcionamento mental e comportamental. Estas perturbacións están xeralmente asociadas cun malestar ou deterioro significativos a nivel persoal, familiar, social,

educativo, ocupacional ou noutras áreas importantes do funcionamento." (World Health Organization, 2024, páx. 9).

Definición de trastornos mentais e do comportamento segundo o DMS-5-TR da Sociedade Americana de Psiquiatría

"Un trastorno mental é unha síndrome caracterizada por unha alteración clinicamente significativa do estado cognitivo, a regulación emocional ou o comportamento do individuo que reflicte unha disfunción dos procesos psicolóxicos, biolóxicos ou do desenvolvemento que subxacen na súa función mental. Habitualmente, os trastornos mentais van asociados a un estrés significativo ou a discapacidade, xa sexa social, laboral ou doutras actividades importantes. Unha resposta predicible ou culturalmente aceptable ante un estrés usual ou unha perda, tal como a morte dun ser querido, non constitúe un trastorno mental. Os comportamentos socialmente anómalos (xa sexan políticos, relixiosos ou sexuais) e os conflitos existentes principalmente entre o individuo e a sociedade non son trastornos mentais, salvo que a anomalía ou o conflito débase a unha disfunción do individuo como as descritas anteriormente" (American Psychiatric Association, 2023, páx 20).

1.2. O incremento dos problemas de saúde mental

É frecuente ver ou oír nos medios de comunicación que os problemas de saúde mental aumentaron. A saúde mental é hoxe unha preocupación para toda a sociedade, de tal modo que pasou a estar presente na axenda social e política. O motivo fundamental é a súa alta prevalencia actual e a importante carga de enfermidade e discapacidade que teñen asociados estes problemas, o cal, víñase obviando. Ademais, non podemos esquecer que a pandemia producida polo covid-19 e a post-pandemia incrementaron e agravaron os problemas de saúde mental xa existentes. Por iso, ante a eclosión do problema, Nacións Unidas incluíu a súa preocupación polo coidado da saúde mental dentro dos obxectivos do desenvolvemento sostible para 2030, a coñecida como Axenda 2030 na Unión Europea.

Para analizar o incremento dos problemas de saúde mental dispoñemos de datos específicos como son as series de estudos epidemiolóxicos realizados ao longo de distintos anos, tanto en España como noutros países europeos ou nos Estados Unidos. Aínda que no capítulo 3, dedicado á prevalencia dos trastornos mentais, analizamos isto amplamente, podemos afirmar que desde hai anos vénse producindo un incremento paulatino e sostido dos problemas de saúde mental no mundo. E, como consecuencia da pandemia producida polo covid-19, incrementáronse notablemente os problemas de saúde mental, manténdose nun nivel maior que antes da pandemia.

En España, apréciase igualmente tal incremento e, como non podía ser doutro xeito, en Galicia a situación é semellante. No noso caso destacan trastornos como a ansiedade e a depresión, sobre todo en adolescentes e persoas maiores (ás veces difícil de detectar por estar enmascarada tras sintomatoloxía somática), intentos e suicidios consumados, onde estamos nos primeiros postos nacionais, e outros trastornos mentais en moitos casos asociados ao incremento da esperanza de vida e cambios no estilo de vida afectando de modo importante ás persoas de máis idade.

Outra cuestión que cobrou gran relevancia nos últimos anos é a análise das causas de morbilidade e mortalidade. A OMS (2023) indica que as principais causas de mortalidade e morbilidade a nivel mundial para os adolescentes e adultos novos son, por orde: accidentes de tráfico, afogamentos, violencia, consumo de alcol e drogas, consumo

de tabaco, saúde mental (sobre todo depresión e ansiedade), enfermidades transmisibles (como o VIH, tuberculose e outras infeccións), embarazos non desexados e partos prematuros, falta de hixiene, sobrepeso, desnutrición e falta de actividade física. Como vemos, o consumo de drogas, incluíndo o alcol e o tabaco, están nos primeiros postos, relacionándose tamén o seu consumo con outros riscos (ex., accidentes de tráfico, saúde mental, enfermidades transmisibles, embarazos non desexados). Por iso, o consumo das distintas drogas é un problema central tanto na adolescencia como na adultez temperá, coincidindo tamén esta etapa coa aparición de determinados problemas de saúde mental.

Táboa 1.2. Principais causas de morbilidade e mortalidade nos adolescentes, adultos novos e adultos.

Principais causas de morbilidade e mortalidade en adolescentes e adultos novos, mundo	*Principais causas de morbilidade e mortalidade en adultos, Europa*
Accidentes de tráfico. Afogamentos. Violencia. Consumo de alcol e drogas. Consumo de tabaco. Problemas de saúde mental (sobre todo depresión e ansiedade). Enfermidades transmisibles (ex., VIH, tuberculose, outras). Embarazos e partos prematuros. Falta de hixiene. Sobrepeso. Desnutrición. Carencia de actividade física. *Fonte:* OMS (2023).	Mortalidade - Enfermidade isquémica do corazón. - Enfermidade cerebrovascular. - Cancro de pulmón. - Cancro de mama na muller. - Diabetes mellitus. - Cirrose hepática e outras enfermidades crónicas do fígado. - Accidentes de tráfico. - Suicidio. Morbilidade - Enfermidades infecciosas. - Incidencia de cancro. - Vítimas de accidentes de tráfico. - Vítimas por accidentes de traballo. *Fonte:* Ministerio de Sanidade (2020).

1.3. A saúde mental no estado do benestar

Defínese o estado do benestar como "aquel modelo ou proposta política tendente a garantir a redistribución de recursos e o cumprimento dos dereitos sociais da totalidade dos habitantes dun país" (Díaz, 2021, páx. 34). O concepto xorde a mediados do s. XX orientado a tres aspectos sociais: a vivenda familiar, a saúde pública e o emprego. Co tempo, estes aspectos fóronse ampliando. O xurdimento do estado do benestar foi posible, en boa medida, polos avances de séculos pasados no control das epidemias producidas polas enfermidades contaxiosas (ex., corentena, illamento), que posibilitou pasar á protección da saúde (ex., redución das desigualdades de saúde) e á mellora social das condicións económicas e de supervivencia (Benavide *et al.,* 2018).

Na actualidade o estado do benestar oriéntase ao desenvolvemento de políticas e programas públicos destinados a garantir as necesidades básicas do benestar dos cidadáns, como son o acceso á educación, emprego, sanidade, seguro de desemprego ou por enfermidade, pensións, discapacidade, transporte, vivenda, urbanismo, servizos sociais, etc.

En España, o estado do benestar susténtase en tres piares: educación, pensións e sanidade, como recolle a Constitución Española, engadíndose máis recentemente a atención ás persoas en situacións de dependencia. Xunto coa Constitución Española, son fitos para o estado do benestar os Pactos da Moncloa (1977) e o Pacto de Toledo (1995). O estado do benestar protexe ós cidadáns dos riscos actuais ou futuros relacionados co acceso á educación, á sanidade e a prestacións en caso de estar sen traballo. É a Seguridade Social a que cubre as dúas últimas prestacións e a educativa é responsabilidade do Ministerio de Educación. Dentro da Seguridade Social é o Sistema Nacional de Saúde quen dá as prestacións sanitarias, incluíndo as de saúde mental, que están transferidas ás comunidades autónomas.

O estado do benestar viuse reflectido no incremento do gasto social en saúde nas últimas décadas e no incremento na esperanza de vida. Como exemplo, en España pasouse dunha esperanza de vida de 34 anos ao nacer en 1900 a 70 en 1960 e a 83 en 2021 (ver Táboa 1.3).

Táboa 1.3. Esperanza de vida (en anos) ao nacer en España desde 1900 a 2021.

Ano	*Todos*	*Homes*	*Mulleres*
1900	34,76	33,85	35,70
1930	4997	48´,38	51,60
1960	69´,85	67,40	72,16
1990	76,94	73,40	80,49
1998	78,71	75,25	82,16
2006	81,04	77,71	84,34
2021	83,20	80,25	86,12

Fonte: Elaborado a partir de Goerlich e Pinilla (2006) e Ministerio de Sanidade (2023).

Cando analizamos a cobertura do estado do benestar en distintos países. observamos a existencia de diferenzas tanto por causas históricas como culturais, destacando os países do norte de Europa pola súa máxima cobertura, e países de América Latina ou do leste asiático sen apenas cobertura. No caso de España, as políticas sociais cubren as necesidades básicas dos cidadáns, aínda que as recorrentes crises económicas non permitiron chegar ao nivel dos países con maior cobertura, pero haina que considerala comparativamente como boa, aínda que mellorable (Benavides *et al.,* 2018). Sabemos que en relación coa saúde, a existencia dun adecuado estado do benestar, como se estudou amplamente en relación a dispoñer de seguro de desemprego, que facilita o acceso aos servizos sanitarios, conleva unha menor mortalidade ao reducirse os problemas de saúde mental (Norström e Grönqvist, 2015).

Para Europa estimábase no ano 2010 que cada ano o 38,2% da poboación sufría un trastorno mental (Wittchen *et al.,* 2011). Os trastornos máis frecuentes eran os trastornos de ansiedade (14%), insomnio (7%), depresión maior (6,9%), trastornos somatomorfos (6,3%) e dependencia do alcol e as drogas (> 4%). En Europa, os trastornos neurolóxicos e os trastornos mentais contribúen nun 26,6% ao total de todas as causas de discapacidade, o que representa unha maior proporción en comparación con outras rexións do mundo. As afeccións individuais máis incapacitantes eran: a depresión, demencias e trastornos por consumo de alcol.

No informe sobre a saúde da Unión Europea de 2023, que se presenta anualmente e abarca 29 países europeos (os 27 da UE xunto con Noruega e Islandia) (European Comission, 2024), indica tres aspectos centrais na saúde aos que hai que prestar atención. O primeiro foi o impacto da pandemia producida polo covid-19 na saúde mental, ademais dos custos sanitarios que a pandemia carrexou. A crise vivida esixe prestar máis atención á saúde mental, á súa reforma, a mellorar os servizos e a atención aos afectados, así como a súa desestigmatización, a súa prevención e a incorporación social dos que teñen estes trastornos. O segundo aspecto céntrase nas desigualdades entre as persoas, indicando a necesidade de prestar unha atención especial á prevención do cancro, as desigualdades relacionadas cos determinantes e factores condutuais (ex., factores de risco asociados á dieta non saudable, inactividade física, polución ambiental, consumo de alcol e tabaco), un maior investimento na transmisión de mensaxes para a promoción da saúde e lexislación ao respecto. E, a terceira, a necesidade de seguir investindo en saúde, sobre todo na prevención, e para prepararnos para posibles novas crises de saúde no futuro. Destacan a necesidade de facer accesibles a todos os cidadáns os servizos sanitarios. O eurobarómetro sobre saúde mental indicou que durante a mesma o 46% dos europeos

experimentaron problemas emocionais ou psicosociais e destacouse a carencia de recursos para atender as demandas de saúde mental, polo que a UE quere mellorar a situación (Eurobarometer on Mental Health, 2023).

Ahmed *et al.* (2023) realizaron unha revisión acerca do impacto da pandemia na saúde mental e atoparon que a depresión, o trastorno de ansiedade xeneralizada e os problemas de saúde mental inespecíficos incrementáronse. Non existe evidencia de incremento no resto dos trastornos nin da conduta suicida cando se analiza a poboación en xeral. No caso de colectivos concretos, si recolle un incremento da prevalencia de todos os trastornos mentais durante a pandemia no caso dos nenos e adolescentes, en estudantes universitarios, así como en nais con fillos e en mulleres embarazadas.

Por exemplo, en Inglaterra, antes do covid-19, un 10% dos adultos tiñan síntomas de moderados a severos de depresión en 2019, subindo ao 19% en 2020 e baixando lixeiramente en 2022 ao 16%, pero aínda un 6% por enriba de antes de comezar a pandemia (Baker e Kirk-Wade, 2024).

3.4. Prevalencia dos problemas de saúde mental en España

3.4.1. O informe da Unión Europea sobre o estado da saúde en España

O informe da Comisión Europea sobre o estado da saúde (OCDE, 2024) dedica un dos seus sete apartados á saúde mental, sinalando que en España un 18% da poboación en 2019 tiña trastornos mentais, ocupando a sexta posición entre os países da UE en canto a prevalencia de trastornos mentais. Como dato positivo, a depresión en España ten unha menor incidencia que noutros países europeos (un 6%, cando a media europea é dun 7%) e os índices de suicidio mantéñense estables por baixo da media da UE, aínda que se aprecia un lixeiro incremento nos últimos anos. Utilizando datos de 2015 indican un custo directo e indirecto dos problemas de saúde mental no PIB do 4,2%. O informe recalca que unha porcentaxe importante dos problemas de saúde mental non están atendidos (ao redor dun 20%), aínda que con cifras similares ao resto da UE. O informe é optimista ao indicar a posta en marcha por parte do Ministerio de Sanidade e Comunidades Autónomas de novas medidas para abordar os problemas de saúde mental e dispoñer de máis recursos para a mesma.

3.4.2. Enquisa Europea de Saúde

A *Enquisa Europea de Saúde en España* (EESE) ofrece información periódica sobre a saúde mental da poboación. Os datos máis recentes están no Informe Anual do Sistema Nacional de Saúde de 2023 (Ministerio de Sanidade, 2024) e conta cun apartado dedicado aos problemas de saúde mental. En 2022 recóllese a existencia de 343 casos por cada 1.000 habitantes (374 en mulleres e 310 en homes). Isto significa que un 34% da poboación padeceu algún problema de saúde mental, sendo esta porcentaxe maior nos grupos de maior idade: nos de 50 ou máis anos aumenta ao 40% e nos de 85 e máis anos ao 50%.

Os trastornos máis frecuentes rexistrados na historia clínica de atención primaria son os de ansiedade (10,7%), soño (8,2%) e depresión (4,8%) e, en menores de 25 anos, os trastornos de ansiedade (3,3%), trastorno específico de aprendizaxe (2,9%) e problemas de hiperactividade (2,5%).

Os principais resultados que se recollen nesta enquisa son:

- Os problemas de saúde mental máis frecuentes son a ansiedade e a depresión. O 5,84% da poboación de 15 ou máis anos declara ser diagnosticado de ansiedade crónica,

3,50% no caso dos homes e 8,06% nas mulleres. O diagnóstico de depresión ten unha prevalencia do 5,28% e, do mesmo xeito que a ansiedade, a frecuencia de depresión na poboación adulta é máis do dobre en mulleres, 7,22%, que en homes 3,23%.

- A prevalencia de depresión é 3 veces máis frecuente entre quen se atopa en situación de desemprego (7,62%) que entre os que están a traballar (2,47%) e alcanza o 23,71% entre quen ten incapacidade para traballar. Algo similar ocorre no caso da ansiedade crónica cun 8,52%, 4,40% e 24,44%, respectivamente. A comparación entre 2016 e 2022 indica un claro incremento dos trastornos mentais. Así, no ano 2016 había un 6% de persoas con trastornos de ansiedade, que se incrementa ao 10,2% en 2022 (14% de mulleres, 7% de homes). Aquí vese como traballar é un factor de protección para non padecer os trastornos mentais máis prevalentes, como é neste caso a depresión e a ansiedade (ver Figura 3.1).

Figura 3.1. Prevalencia de depresión e de ansiedade (en %) en función de traballar, estar desempregado ou con incapacidade. Enquisa Europea de Saúde, España, 2022.



	Poboación xeral	Traballando	Desempregado	Incapacidade
Depresión	5,3	2,5	7,6	22,4
Ansiedade	5,8	4,4	8,5	24,4

- O 10,86% da poboación de 15 ou máis anos declara consumir medicamentos do tipo dos tranquilizantes, relaxantes ou pastillas para durmir nas últimas 2 semanas (14,19% das mulleres e 7,35% dos homes) e un 4,52% antidepresivos ou estimulantes (6,33% das mulleres e 2,6% dos homes). Destaca o incremento no consumo de psicofármacos, por exemplo, no caso dos antidepresivos, cunha dose diaria de 6 en 2012 a 9,9 en 2022 por cada 100 habitantes.

- Un 4,77% da poboación de 15 ou máis anos refire acudir ao psicólogo, psicoterapeuta ou psiquiatra nos últimos 12 meses, 5,49% das mulleres e 4% dos homes.

- A mortalidade por suicidio aumentou, pasando dun 7,5 por 1.000 en 2012 a un 8,3 por 1.000 en 2022. Isto representa 4.228 defuncións en 2022 (3.126 homes, 1.102 mulleres). Destaca o incremento de mortes en homes de máis de 80 anos, un 4,5% fronte ao 0,6% no caso das mulleres.

- Tamén destaca o incremento dos reingresos urxentes psiquiátricos nos hospitais do sistema nacional de saúde, que pasou do 9,8% en 2012 ao 10,4% en 2022.

Hai que destacar que tanto esta enquisa, como as que se fan deste tipo en España, non inclúe a avaliación de todos os problemas de saúde mental, como é o caso do trastorno bipolar, a esquizofrenia, o trastorno obsesivo compulsivo, o trastorno límite da personalidade ou os trastornos alimentarios.

3.4.3. Enquisa Nacional de Saúde realizada en 2017

A enquisa de referencia que dispoñemos na actualidade é a realizada en 2017 polo Instituto Nacional de Estatística (INE), a *Enquisa Nacional de Saúde*, onde se inclúe o estado da saúde mental (ENSE, 2019). Esta enquisa é representativa da poboación española, utilizando 29.155 entrevistas, 23.000 en persoas de 15 ou máis anos e 6.000 en menores de 15 anos. Estes datos son os que tamén aparecen na Estratexia de saúde mental do SNS (Ministerio de Sanidade, 2022).

O estudo sinala que, en xeral, un 10,8% da poboación de 15 ou máis anos padece un trastorno mental (7,2% homes, 14,2% mulleres), aumentado a frecuencia coa idade (ex., para 85 ou máis anos, 13,4% en homes e 25,2% en mulleres). Os dous trastornos máis prevalentes son a ansiedade e a depresión. Un 9,1% das mulleres e un 4,3% dos homes indicaron que padecían ansiedade crónica, un 9,2% de mulleres e un 4% de homes tiñan depresión e un 3,9% da mostra padecían ambos os trastornos. Por idades, o incremento da depresión en mulleres é claro a partir dos 55 anos (14,7% de 55-64 anos e 18,9% de 75 a 84 anos). Sucede algo semellante no caso da ansiedade, pero ata os 55-64 anos (13,4% en mulleres), descendendo para 85 e máis anos (8,44%).

A comparación entre os estudos realizados en 2011, 2014 e 2017 non indica incrementos importantes, pero si unha tendencia ascendente (ex., padecer algún trastorno mental, un 9,6% en 2011; 10,75% en 2014 e un 10,8% en 2017). Aínda que non temos resultados máis recentes desta enquisa que recolla o impacto da pandemia producida polo covid-19, outros estudos que se realizaron apuntan á existencia dun aumento.

En canto ás prevalencias en función da comunidade autónoma, Asturias (18,68%; 12,6% en homes e 24,2% en mulleres) e Galicia (16,20%; 9,9% en homes e 21,9% en mulleres) son as que presentan as prevalencias máis altas de trastornos mentais. Son ademais as persoas xubiladas e as que teñen incapacidade para traballar as que presentan maiores prevalencias. Por exemplo, as persoas con incapacidade presentan un 30,1% de depresión e un 27,4% de ansiedade crónica.

Respecto á poboación infantil, de 0 a 14 anos, esta mesma enquisa explora a presenza de determinados problemas, diagnosticados por un médico, nos últimos 12 meses, e os trastornos da conduta, do estado de ánimo e os trastornos do espectro autista, na poboación de 3 a 14 anos. En 2017 a prevalencia de menores que foran diagnosticados de trastornos da conduta e de hiperactividade foi do 1,8%, de trastornos mentais (depresión, ansiedade) foi o 0,6% e de autismo ou trastornos do espectro autista (3-14 anos), tamén o 0,6%. A prevalencia é maior en homes, excepto a depresión/ansiedade, sendo os trastornos da conduta (incluíndo hiperactividade) onde se atopan máis diferenzas en función do sexo, 2,8% en nenos e 0,7% en nenas a expensas dos trastornos da conduta e do espectro autista.

O estudo do deterioro cognitivo, como dificultade para lembrar ou concentrarse, avaliárono en persoas de 45 ou máis anos, atopando que un 19,7% contestaban afirmativamente (16,1% de homes, 23% de mulleres) cun claro incremento coa idade (era do 9,9% aos 45-54 anos, subindo ata o 57% nos de 85 ou máis anos). O nivel de estudos

e estar a traballar son factores protectores. En Galicia estamos nunha posición media, cun 19,2% (Ministerio de Sanidade, 2022).

Respecto ao consumo de psicofármacos, o 10,7% da poboación de 0 ou máis anos consome tranquilizantes, relaxantes ou pastillas para durmir (13,9% en mulleres e 7,4% en homes) e, da poboación de 15 e máis anos, o 5,6% tomou antidepresivos ou estimulantes (7,9% das mulleres e 3,2% dos homes) nas últimas dúas semanas; un 12,5% tranquilizantes, relaxantes ou pastillas para durmir (8,6% de homes, 16,1% de mulleres), cun maior consumo de ambos a partir dos 65 anos, sobre todo no colectivo dos xubilados, persoas dedicadas aos labores do fogar e, no maior nivel, as persoas con discapacidade (neste caso un 26,1% toman antidepresivos e un 43% toman tranquilizantes, relaxantes ou pastillas para durmir). Galicia ocupa o segundo posto, despois de Asturias, no consumo de antidepresivos, cun 9,6%, e o primeiro en tranquilizantes, relaxantes e pastillas para durmir, cun 16,7%.

Un 5,4% da poboación dende 0 e máis anos acudiu ao psicólogo, psicoterapeuta ou psiquiatra nos últimos 12 meses (6,1% das mulleres e 4,6% dos homes). O maior nivel de consultas é no grupo de entre 5 e 14 anos (8,9% homes, 5,1% mulleres) e o de menor no de 85 ou máis anos, que non chega ao 1%. Galicia sitúase na media de todas as comunidades autónomas. Cando se compara con estudos previos constátase que o número de consultas crece cada ano, pasando do 3,48% en 2011, ao 4,61% en 2014 e ao 5,34% en 2017. Aínda que quizais o dato máis preocupante é que o 1,3% da poboación de 15 ou máis anos indica que non puido recibir atención polos seus problemas de saúde mental por motivos económicos. Curiosamente, en Galicia só o 0,05% indica este motivo.

De forma específica, na poboación de 0 a 14 anos, a presenza de determinados problemas padecidos nos últimos 12 meses e diagnosticados por un médico, e os trastornos da conduta e do estado de ánimo na poboación de 3 a 14 anos, engádense os trastornos do espectro autista. En 2017 a prevalencia de menores que foran diagnosticados de trastornos da conduta e de hiperactividade foi do 1,8%, de 0,6% de trastornos mentais (depresión, ansiedade), e de autismo ou trastornos do espectro autista (3-14 anos), o 0,6%.

Todos os indicadores de morbilidade neuropsiquiátrica en adultos mostraron un gradiente segundo a posición socioeconómica, máis acusado no caso das mulleres. Esta maior morbilidade en mulleres e nos niveis socioeconómicos máis baixos reflíctese perfectamente no consumo de psicofármacos, pero non así no uso e acceso aos servizos de saúde mental. En adultos, o gradiente social observouse tanto na presenza dalgún trastorno mental (13,5% na clase máis desfavorecida vs. 5,9% na clase máis favorecida), como no risco de padecela (23,6% na clase VI (a mais baixa) vs. 12,4% en clase I (a mais alta); e na discapacidade debida a un trastorno mental (desde o 5,3% na clase VI ata o 1,9% entre a clase I). A brecha é clara por sexo a medida que diminúe o nivel socioeconómico: 2,5 puntos porcentuais de diferenza entre homes e mulleres de clase I e 7,2 puntos porcentuais de diferenza na clase VI.

Para a maioría dos indicadores de saúde mental os resultados da ENSE de 2017 non suxiren cambios relevantes con respecto a enquisas anteriores. A excepción é o risco de mala saúde mental en poboación xuvenil, onde as visitas ao psicólogo, psicoterapeuta ou psiquiatra, aumentan escalonadamente entre 2011 (3,5%), 2014 (4,6%) e 2017 (5,3%) en poboación de 15 ou máis anos.

Táboa 3.5. Principais resultados da Enquisa Nacional de Saúde de 2017 sobre saúde mental en España.

- O 10,8% da poboación de 15 ou máis anos padece un trastorno mental (7,2% homes e 14,2% mulleres). - Asturias e Galicia teñen as prevalencias máis altas de trastornos mentais. En Galicia un 16,2% en homes e un 21,9% en mulleres. - Nas persoas de 65 ou máis anos un 31,3% indicou ter deterioro cognitivo. - Na poboación infanto-xuvenil un 1,8% tiña trastornos de conduta (incluíndo hiperactividade), un 0,6% outros trastornos mentais (ansiedade, depresión) e un 0,6% trastornos do espectro autista. - O 10,7% da poboación de 0 ou máis anos consome tranquilizantes, relaxantes ou pastillas para durmir (13,9% en mulleres, 7,4% en homes). - Galicia ocupa o segundo posto, despois de Asturias, no consumo de antidepresivos, onde os consome un 9,5% da poboación. E o primeiro no consumo de tranquilizantes, relaxantes e pastillas para durmir, cun 16,7% da poboación. - Un 5,4% acudiu ao psicólogo, psicoterapeuta ou psiquiatra nos últimos 12 meses (7,9% mulleres, 3,2% homes).

3.4.4. Rexistro de problemas de saúde mental en atención primaria

En España dispoñemos da Base de datos Clínicos de Atención Primaria (BDCAP) (https://www.sanidad.gob.es/estadestudios/estadisticas/estadisticas/estministerio/siap/home.htm), onde se recolle información dunha ampla mostra de historias clínicas das persoas atendidas en atención primaria no conxunto do Sistema Nacional de Saúde (4,8 millóns en 2017). Anualmente recompílase información sobre os problemas de saúde activos, as interconsultas ao segundo nivel, os procedementos (de imaxe, laboratorio e outros procedementos diagnósticos e terapéuticos), o valor de varios parámetros, os medicamentos que foron prescritos e dispensados e os contactos con atención primaria.

A continuación, realizarase unha comparativa dos datos de 2017 que recolle datos específicos de saúde mental (Ministerio de Sanidade, 2019) cos datos do ano 2021, que son xenéricos sobre todos os problemas de saúde (Ministerio de Sanidade, 2023). En 2017 un 27,4% das persoas tiña rexistrado en atención primaria un problema de saúde mental (30,2% mulleres, 24,4% homes). O problema máis frecuentemente rexistrado foi o trastorno de ansiedade (6,7%), seguido polo trastorno depresivo (4,1%) e trastornos psicóticos (1,2%). O trastorno do soño afecta ao 5,4%. Respecto ás diferenzas en función do sexo, observábase unha maior prevalencia entre as mulleres adultas, fundamentalmente no caso da anorexia nerviosa (7 veces máis) e o trastorno depresivo (3 veces máis). É frecuente a existencia de gradiente social, xa que o problema de saúde é máis prevalente a medida que diminúe o nivel de rendas, especialmente no caso dos trastornos psicóticos (esquizofrenia, 12 veces máis no nivel de renda máis baixo respecto ao máis alto), os trastornos da personalidade (11 veces máis) e os trastornos de somatización (7 veces máis). O 34,3% das mulleres e o 17,8% dos homes de 40 ou máis anos retirou na farmacia polo menos un envase de antidepresivo, ansiolítico ou hipnótico/sedante no ano 2017. En termos cuantitativos dispensáronse un total de 203,6 DHD (doses diarias definidas por mil persoas e día), sendo os máis utilizados os antidepresivos (98,8 DHD), os ansiolíticos (64,5 DHD) e os hipnóticos e sedantes (40,2 DHD).

En canto aos datos do ano 2021 (Ministerio de Sanidade, 2023), nun dos p eríodos de confinamento do covid-19, un 12,7% tiña un trastorno de ansiedade (16,5% mulleres;

8,7% homes); un 4,7% depresión (6,6% mulleres; 2,7% homes); un 7,9% presentaba un trastorno do soño (8,4% mulleres; 7,4% homes) e un trastorno hiperactivo o 0,77% (0,39% mulleres, 0,16% homes). Como apreciamos, hai un incremento significativo dos trastornos mentais atendidos en atención primaria, de 2017 a 2021, que coincide coa pandemia producida polo covid-19, constatándose un incremento dos problemas depresivos e ata o dobre no caso dos problemas de ansiedade. Cando se publiquen novos estudos veremos se esta situación mantense ou volve en parte ao estado anterior á pandemia.

3.4.5. A análise da conduta suicida

Un aspecto de gran relevancia actual é a conduta suicida. En Europa, o número de suicidios aumenta coa idade, tanto en homes como en mulleres, alcanzando un pico entre os 45-64 anos. Por países, a taxa de suicidio entre a poboación de todas as idades, con taxas (estandarizadas por idade) é de 10,2 mortes por 100.000 habitantes no ano 2021, o que representa 47.346 mortes por suicidio en Europa. Na UE, as taxas de suicidio entre os homes son 3,7 veces maiores que entre as mulleres, aínda que esta diferenza pode estar en parte afectada por unha maior porcentaxe de tentativas de suicidio que conseguen o seu obxectivo no caso dos homes.

Aínda que o grupo de idade con maior suicidio é o de 45 a 64 anos (o 37% do total), seguido do de 65 ou máis anos, o suicidio é unha das principais causas de morte entre adolescentes e persoas mozas adultas xunto coa mortalidade producida polos accidentes de tráfico. En persoas mozas é máis probable que tenten suicidarse se teñen antecedentes familiares de problemas co consumo de alcol e drogas.

Por países, o nivel máis alto teno Estonia (21,1 mortes por 100.000 habitantes), seguida de Eslovenia (19,8) e Hungría (15,8). As taxas máis baixas son as de Chipre (2,7), seguida de Grecia (4,2) e Italia (5,9). España está nunha situación media baixa, sendo Asturias e Galicia as comunidades con taxas máis altas (11 e 10,9 por 100.000 respectivamente) (Eurostat, 2024). En España, o suicidio considérase un grave problema de saúde pública. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, en 2020 a taxa de suicidios por idade e sexo foi de 8,3/100.000 habitantes/ano. En 2020 mantívose como a primeira causa externa de mortalidade, con 3.941 falecementos, dos cales 2.930 foron homes e 1.011 mulleres. Na etapa da adolescencia prodúcese un punto de inflexión, pasando de 4 suicidios no grupo de menores de 15 anos a 189 no grupo de 15 a 29 anos (ano 2023). A etapa da adolescencia é unha etapa de especial risco. En canto á tendencia, os datos do INE dos últimos anos indican 3.539 suicidios no 2018, 3.941 suicidios no 2020, e nos anos 2022 e 2023, 4.227 e 4.116, respectivamente. No ano 2023 por idades o número de suicidios foi de 4, en menores de 15 anos; 189, entre 15-29 anos; 411, entre 30-44 anos; 867, entre 45-64 anos; 288, entre 65-74 anos; e 338, entre 75 ou máis anos. A todo isto, debemos sumar que o suicidio dunha persoa afecta a súa contorna, polo menos, a outras seis persoas.

3.4.6. O consumo de drogas na poboación xeral e na poboación traballadora

En España temos unha enquisa representativa da poboación xeral sobre o consumo de drogas (EDADES), unha sobre o consumo en mozos escolarizados (ESTUDES) e outra que analiza o consumo de drogas nas persoas que traballan, a cal conclúe que o consumo entre as persoas traballadoras é semellante ao do resto da poboación. Esta enquisa analizarémola amplamente nun capítulo posterior.

.

Táboa 3.6. Prevalencia de consumos de drogas en España, ano 2024 (enquisa da poboación xeral de 15-64 anos). Plan Nacional sobre Drogas.

Substancia	*Consumo, vida (%)*	*Consumo, últimos 12 meses (%)*	*Consumo, últimos 30 días (%)*	*Idade de inicio*
Alcol	92,9	76,5	63,5	16,4
Tabaco	66,6	36,8	33,9	16,6
Cánnabis	43,7	12,6	10,5	18,4
Éxtase	5,1	0,7	0,2	20,9
Alucinóxenos	5,6	0,6	0,2	21,3
Anfetaminas/speed	4,5	0,4	0,2	20,8
Metanfetamina	1,3	0,2	0,1	22,0
Cogomelos máxicos	3,2	0,4	0,1	22,6
GHB	0,7	0,1	0,0	22,2
Cocaína (po e/ou base)	13,3	2,5	1,4	21,4
Heroína	0,7	0,1	0,0	21,6
Inhalables volátiles	1,1	0,2	0,0	20,7
Hipnosedante con e sen receita	27,4	12,0	8,0	34,4
Analxésicos opioides con e sen receita	15,2	6,6	3,9	33,9

Fonte: OEDA (2024).

Táboa 3.7. Prevalencia de consumos de drogas en España, ano 2023 (enquisa da poboación escolar de 14-18 anos). Plan Nacional sobre Drogas.

Substancia	*Consumo, vida (%)*	*Consumo, últimos 12 meses (%)*	*Consumo, últimos 30 días (%)*	*Consumo, últimos 12 meses (%)*		*Idade de inicio*
				Homes	*Mulleres*	
Alcol	75,9	73,6	56,6	71,2	76,1	13,9
Tabaco	33,4	27,7	21,0	24,7	30,8	14,1
Cánnabis	26,9	21,8	15,6	22,5	21,0	14,9
Éxtase	3,1	2,2	0,9	2,6	1,8	15,4
Alucinóxenos	1,9	1,3	0,5	1,8	0,8	15,1
Cogomelos máxicos	1,5	1,1	0,5	1,5	0,6	15,0
Anfetaminas	1,7	1,3	0,7	1,8	0,8	15,1
Metanfetaminas	1,5	1,1	0,6	1,5	0,8	15,0
Cocaína (po e/ou base)	2,9	2,3	1,0	3,2	1,5	14,7
Heroína	0,7	0,5	0,4	0,8	0,2	14,1
Inhalables volátiles	2,8	2,1	1,0	2,4	1,8	15,3
GHB	0,7	0,5	0,3	0,8	0,3	14,4
Hiponosedantes sen receita	9,7	7,4	3,8	5,3	9,5	14,7
Hipnosedantes con e sen receita	19,6	14,8	8,2	9,7	20,0	14,1
Esteroides anabolizantes	0,6	0,5	0,4	0,8	0,1	14,1

Fonte: OEDYLT (2023a).

Os resultados en xeral sinalan a existencia dun elevado consumo de substancias psicoactivas en España. De aí o alto número de persoas que están en tratamento nos centros de drogas ou adiccións, tanto da rede pública como privados. Os datos do ano 2021 indican que foron admitidos a tratamento un total de 44.347 persoas con adicción a drogas, excluíndo tabaco e alcol, na rede do Plan Nacional sobre Drogas (OEDYD, 2023). Ademais, unha parte importante destas persoas teñen outros trastornos asociados.

No caso de Galicia, no ano 2022 estiveron en tratamento un total de 16.022 persoas nos centros do Plan de Galicia sobre Drogas (Plan Nacional sobre Drogas, 2024), aos que hai que engadir os que estiveron en tratamento nas Unidades de Alcoholismo

3.4.7. A enquisa do CIS sobre saúde mental e a covid-19

No mes de febreiro de 2021 o Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) realizou un estudo sobre as consecuencias da pandemia producida polo covid-19 sobre a saúde metal (CIS, 2021). Entre os resultados obtidos destaca que os pais/nais e avós/oas manifestan que os seus fillos ou netos empeoraron o seu comportamento neste período mostrando máis condutas desobedientes, irritables, protestas, etc., como consecuencia do confinamento. Isto indica unha relación de causalidade entre o illamento e cambios na súa conduta.

3.4.8. A prevalencia de trastornos mentais en estudantes de instituto e universidade

Para finalizar este apartado, é de interese comentar o estudo realizado pola OMS en 2018 (Auerbach *et al.,* 2018) que compara a presenza de trastornos mentais en estudantes de instituto ou primeiros anos de universidade (ver Táboa 3.8). Os resultados indicaron que o 35,3% do total da mostra tivo algunha vez na súa vida un trastorno mental, sendo o máis prevalente o episodio depresivo maior (21,2%) seguido do trastorno de ansiedade xeneralizada (18,6%), o trastorno por consumo de alcol (6,8%), o trastorno por consumo de substancias (5,1%), o trastorno de pánico (5,0%) e a teima (3,5%).

Táboa 3.8. Trastornos mentais no estudo da OMS en varios países, de 2018, en estudantes de instituto ou primeiros anos de universidade.

País	*Prevalencia, vida (%)*	*Prevalencia, últimos 12 meses (%)*
Todos os países	35,3	31,4
Australia	48,3	43,3
Bélxica	22,4	19,1
Alemaña	41,1	36,2
México	27,0	23,7
Irlanda do Norte	39,1	36,9
Sudáfrica	36,1	32,2
España	39,8	33,2
Estados Unidos	28,7	27,0

Fonte: Auerbach *et al.* (2018).

Tamén en relación coas consecuencias da pandemia, fixéronse en España distintos estudos epidemiolóxicos sobre a incidencia do confinamento na saúde mental de mozos e universitarios. No auspiciado polo Ministerio de Universidades e o Ministerio de Sanidade, realizado entre finais de 2022 e principios de 2023 (Ministerio de Universidades y Ministerio de Sanidad, 2023), atoparon a presenza dun 46,9% de

síntomas depresivos, un 21,4% de ideación suicida, un 47,2% de problemas de ansiedade de intensidade moderada a grave, un 24,1% de insomnio e un consumo de risco de alcol do 12,7%. A limitación deste estudo é que a taxa de resposta dos estudantes foi moi baixa, polo que os datos deben de verse con cautela. (só responderon o 3,5% dos estudantes matriculados, baixando ao 1,4% na segunda fase do mesmo).

Por último, noutro estudo, auspiciado polo Consello de Universidades (Balluerka *et al.,* 2020), cunha mostra representativa dos universitarios españois, realizado no período de confinamento do covid-19, analizaron os cambios que a pandemia produciu na súa vida cotiá, atopando cambios na relación co consumo de drogas e medicamentos.

3.4.9. Outros estudos realizados en España

Dispoñemos doutros estudos realizados en España, uns que van na liña do comentado ata aquí; outros, con resultados algo distintos. Comentámolos brevemente a continuación.

Henares *et al.* (2020) resume e analiza a evolución dos trastornos mentais en España. Indican que en 2017 había unha morbilidade psiquiátrica global do 19,1% (22,8% mulleres, 14,6% homes), do 22,2% no ano 2006 e do 22,1% no 2011. Neste estudo Galicia atópase nun nivel baixo, cunha prevalencia do 10,3% (12,4% mulleres, 7,6% homes).

Pola súa banda, en Andalucía fíxose o estudo PISMA-es, aínda que só presentaron datos parciais de distintos trastornos mentais (ex., Hortas *et al.,* 2022) polo que non nos é útil para comparar con outros.

Tamén se fixo un estudo sobre a saúde mental na cidade de Barcelona, en nenos, adolescentes e adultos, para os anos 2021 e 2022 (Cortés *et al.,* 2022). Atoparon que aumentaron os problemas na poboación, pero diminuíu a procura de servizos de saúde mental, tanto polo medo ao contaxio como pola dificultade do acceso. Isto tamén pode explicar a maior demanda posterior ao confinamento. O que si indican é que non hai probas de que aumentase o nivel de gravidade nos que xa tiñan problemas de saúde mental. Notemos que Ahmed *et al.* (2023), na súa revisión sobre o incremento dos problemas de saúde mental coa pandemia do covid-19, atopou que con ela incrementáronse, pero, despois da mesma, foron baixando.

3.5. Prevalencia dos problemas de saúde mental en Galicia

Dispoñemos en Galicia dun estudo epidemiolóxico de 2017 con información acerca da situación da saúde mental (Mateos e Gómez, 2017). Utilizaron unha mostra representativa da poboación xeral de 18 ou máis anos (N = 3.170) e realizaron entrevistas nas casas particulares, partindo do universo de persoas con tarxeta sanitaria do SERGAS. Utilizaron o CIDI (*World Mental Health-Composite International Diagnostic Interview*), o módulo de psicose do SCID-I do DSM-IV, así como a avaliación da carga familiar, as condicións crónicas de saúde e o estado cognitivo co Mini-Mental.

Os datos obtidos foron que un 21,6% dos participantes tiveran algún trastorno mental ao longo da súa vida, sendo do 7,4% nos últimos 12 meses. Os trastornos máis prevalentes son os trastornos do estado de ánimo (9,9% algunha vez na vida e 3,7% nos últimos 12 meses), os trastornos de ansiedade (5,7% e 3,1%) e o trastorno por consumo de substancias (10,5% e 1,7%). Mentres que é máis probable que as mulleres teñan un trastorno do estado de ánimo que os homes, nestes é máis probable que teñan un trastorno por consumo de substancias (ver Táboa 3.9).

Analizando o nivel de gravidade dos trastornos mentais, a metade deles están no nivel severo para calquera agás os trastornos de ansiedade (aquí baixa ó 34%) e o trastorno por consumo de sustancias (aquí baixa ó 12%).

Táboa 3.9. Prevalencia para algunha vez na vida e para os últimos 12 meses, dos principais trastornos mentais, Galicia.

	Prevalencia, vida, %			*Prevalencia, últimos 12 meses, %*		
Trastorno mental	*Todos*	*Homes*	*Mulleres*	*Todos*	*Homes*	*Mulleres*
Episodio depresivo maior	9,4	5,9	12,5	3,6	2,3	4,3
Distimia	1,8	1,1	2,4	1,5	1,1	1,9
Calquera trastorno do estado de ánimo	9,9	6,1	13,4	3,7	2,4	4,9
Trastorno de ansiedade xeneralizada	2,4	1,2	3,5	1,1	0,7	1,5
Fobia social	2,2	1,7	2,7	1,3	1,1	1,4
Agorafobia	0,6	0,4	0,8	0,3	0,3	0,4
Trastorno de angustia	1,6	0,9	2,3	0,8	0,4	1,1
Calquera trastorno de ansiedade	5,7	3,7	7,6	3,1	2,0	4,0
Abuso de alcol	9,5	16,0	3,8	1,6	2,6	0,7
Dependencia do alcol	0,8	1,5	0,2	0,2	0,4	0,0
Abuso de drogas	1,9	3,2	0,7	0,1	0,2	0,1
Dependencia de drogas	0,5	0,8	0,2	0,1	0,2	0,0
Calquera trastorno de uso de substancias	10,5	17,2	4,5	1,7	2,8	0,8
Calquera trastorno mental	21,6	23,1	20,2	7,4	6,3	9,4

Fonte: Mateos e Gómez (2017).

Tamén analizaron a presenza de trastornos subumbral (presenta algúns criterios do DSM-IV, pero non chega ao diagnóstico), atopando unha prevalencia para algunha vez na vida de depresión maior subumbral do 6,3% e do 4% para a ansiedade xeneralizada. Estas prevalencias eran maiores nos grupos de idade máis nova (18-35 vs. 36-65 anos). Neste estudo tamén se realizou un cribado da presenza de problemas psicóticos, atopando que un 8,2% da mostra considerouse como "probable caso" (56,9% das mulleres, 50% dos homes, entre os 36 e os 65 anos; 52,3% deles casado/a ou convivindo en parella; 62,6% deles vivía en zonas urbanas e o 43% deles vivía en zonas de interior).

Respecto á ideación suicida (ver Táboa 3.10), atoparon que algunha vez na vida un 4,3% tiveron pensamentos suicidas, un 1,3% un plan suicida e 1,2% intentos de suicidio. As mulleres tiñan máis pensamentos suicidas, plans suicidas e intentos de suicidio, aínda que sabemos que logo os que máis perden a vida pola conduta suicida son os homes.

Táboa 3.10. Ideación suicida, ao longo da vida, Galicia

Grupo	*Pensamento suicida*	*Plan suicida*	*Intento suicida*
Todos	4,3	1,3	1,2
Homes	3,5	1,0	1,1
Mulleres	4,9	1,5	1,4
Rural	3,3	1,2	1,4
Urbano	5,0	1,3	1,1

Fonte: Mateos e Gómez (2017).

Outro aspecto relevante en Galicia, polo envellecemento da poboación, é o deterioro cognitivo e os trastornos relacionados. Utilizando un punto de corte de 23/24 para o MEC30 (Mini-exame Cognoscitivo de Lobo, versión de 30 puntos), indica una prevalencia do 40,66%, e un 42,99% para o MMSE (*Mini Mental State Examination*). Utilizando o MEC35 a prevalencia é do 32,18%. Obtiveron unha prevalencia de probable "deterioro cognitivo severo" do 7,8%, sendo maior en mulleres que en homes (ex., cunha puntuación de 23 co MEC30, terían deterioro cognitivo un 49,3% de mulleres e 27,9% de homes).

Tamén analizaron os factores de risco para os trastornos mentais, sobre todo por variables sociodemográficas (sexo, idade, estado civil, grao de urbanización, dicotomizado polo tamaño do municipio de residencia, localización xeográfica e costa vs. interior). Os homes teñen un risco lixeiramente superior de padecer algún trastorno mental e catro veces maior no caso dos trastornos por consumo de substancias. No caso das mulleres, estas teñen un risco máis de dúas veces superior ao dos homes de padecer trastornos do estado de ánimo ou de ansiedade. Por idade, os maiores de 65 anos presentan tres veces menos risco de padecer algún trastorno mental ao longo da vida. Por estado civil, as persoas solteiras ou que estiveron casadas teñen un risco dobre de padecelo. Por último, vivir nun medio rural ou urbano non inflúe no risco de padecer un trastorno mental ao longo da vida.

O estudo tamén analizou o uso de servizos de saúde mental, concluíndo que a gran maioría non os utiliza. Así, no caso das persoas cun trastorno psiquiátrico grave ou moderado o 43,6% non utilizou no último ano o servizo de atención primaria e o 72,7% non utilizou os de atención especializada. As mulleres acoden máis que os homes (54% vs. 28%), pero os homes utilizan máis os servizos cando a patoloxía é grave (65,4% vs. 50,8%) ou moderada (42,4% vs. 20,5%), mentres que as mulleres os fan máis cando presentan unha patoloxía leve (30,7% vs. 20,2%). Este patrón xeral ocorre tanto para os trastornos do estado de ánimo como de ansiedade

Por último, respecto á carga familiar obtiveron que, de cada 10 coidadores, 6 son mulleres e que é máis probable que sexan coidadores dunha persoa con problemas físicos (24,4%) que dunha persoa con trastorno mental grave (9,6%).

3.7. Conclusións sobre as diferenzas de prevalencia de trastornos mentais

Ao longo deste capítulo citáronse múltiples estudos sobre a prevalencia de trastornos mentales na poboación. Tal e como podemos observar na Táboa 3.10 e Figura 3.1, existen grandes diferenzas entre os estudos, cuxa causa se debe a aspectos moi diversos, que abarcan desde a metodoloxía de investigación ata a definición concreta de "trastorno mental".

Unha primeira razón para explicar estas discrepancias relaciónase co modo en que se recollen os datos. Non é o mesmo realizar entrevistas en persoa, con cuestionarios diagnósticos estandarizados como o WHO-CIDI ou a SCID (utilizados habitualmente en estudos epidemiolóxicos formais), que facer enquisas máis xenerais ou autoinformes, xa sexa por teléfono ou por Internet. Cando se empregan procedementos clínicos exhaustivos, a tendencia para identificar trastornos subclínicos ou non diagnosticados previamente é maior, polo que as cifras adoitan ser máis elevadas. En cambio, as enquisas de saúde poboacionais que preguntan á persoa se algunha vez déronlle un diagnóstico de ansiedade ou depresión subestiman os casos que nunca acudiron a un profesional, e os seus resultados poden mostrar porcentaxes máis baixas.

Outro factor crítico é o conxunto de trastornos que se toman en consideración e

a forma de definilos. Hai investigacións que se centran case exclusivamente na depresión e a ansiedade, talvez porque son os problemas de saúde mental máis frecuentes e coñecidos. Outros estudos inclúen un abano moito máis amplo, con trastornos psicóticos, trastornos da personalidade, problemas por consumo de substancias e mesmo trastornos da infancia ou a adolescencia. Canto maior é ese espectro, máis probabilidades hai de que xurdan cifras elevadas de prevalencia total. O uso de criterios diagnósticos distintos (por exemplo, DSM vs. CIE) ou a consideración de "casos subumbrales" (sintomatoloxía sen chegar a un diagnóstico completo) tamén modifica as taxas resultantes.

A selección da poboación estudada introduce outras fontes de variación. Por unha banda, existen traballos que se circunscriben a adultos de certa franxa de idade, mentres outros poden incluír adolescentes ou poboacións de maior idade, onde os trastornos se manifestan con particularidades diferentes. Tampouco é o mesmo estudar a prevalencia na poboación xeral que en grupos clínicos (é dicir, pacientes que acoden xa ao sistema sanitario) ou en colectivos máis específicos, como universitarios ou persoas que viven en contornas de gran vulnerabilidade. En cada un destes segmentos, a proporción de persoas cun trastorno mental pode aumentar ou diminuír de forma notable en comparación coa media poblacional.

O momento histórico ou social no que se realiza o estudo tamén incide significativamente. Viuse, por exemplo, que as prevalencias de ansiedade e depresión aumentaron tras períodos de crises económicas ou durante a pandemia da covid-19. Se un estudo foi realizado antes deses eventos, as súas cifras poderían ser máis baixas que as doutro levado a cabo durante ou despois desas épocas difíciles. Os cambios na conciencia social e no estigma asociado aos problemas de saúde mental tamén contribúen a que as persoas estean máis ou menos dispostas a recoñecer síntomas ou a buscar axuda, o que á súa vez repercute na forma en que contestan as enquisas.

Por último, é fundamental ter presente a taxa de resposta e a validez das mostras empregadas. Nalgunhas enquisas nacionais, realízanse miles de entrevistas, pero ás veces a taxa de resposta é baixa ou existe certo nesgo nas persoas que deciden participar (por exemplo, poden contestar máis aqueles que padecen algún problema de saúde mental ou, pola contra, quen se sente máis san). Así mesmo, existen investigacións de rexistros clínicos de atención primaria que só reflicten a quen foron atendidos, deixando fóra a todos os casos non diagnosticados ou que non acoden ao sistema sanitario. Coñecer todos estes matices resulta esencial para interpretar correctamente os datos de prevalencia e non caer en conclusións simplistas sobre por que un estudo ofrece porcentaxes moi distintas doutro.

Táboa 3.10. Resumo de resultados de estudos sobre prevalencia de trastornos mentais.

Estudo (País) (Referencia)	*Ano*	*Metodoloxía*	*Poboación*	*Resultados principais*
SAMHSA (EE.UU.) (National Survey on Drug Use & Health)	2023	- Enquisas presenciais e en domicilio. - Mostra de 71.369 persoas.	- Persoas de 12 ou máis anos (adolescentes e adultos).	- 23,1% cumpre criterios dalgún trastorno mental no último ano. - 6% sofre un trastorno mental grave. - 19,5% de adolescentes (12–17) tivo un episodio depresivo maior en 12 meses. - Elevada comorbilidade entre depresión e consumo de substancias.
Stephenson (Canadá) (Mental Health & Access to Care Survey)	2022	- Versión modificada de WHO-CIDI. - 9.861 entrevistas representativas.	- Persoas de 15 ou máis anos.	- 14% tivo un episodio depresivo maior na vida; 7,6% nos últimos 12 meses. - Trastorno de ansiedade xeneralizada: 13,3% (vida) e 5,2% (12 meses). - Fobia social: 14,6% (vida) e 7,1% (12 meses). - Aumento notable da prevalencia respecto a enquisas anteriores (factor pandemia).
National Study of Mental Health & Wellbeing (Australia)	2023	- Entrevistas persoais. - WHO-CIDI versión 3.0. - 10.000 fogares.	- Adultos de 16 a 85 anos.	- 43% sufriu algún trastorno mental ao longo da súa vida. - 22% sufreu un trastorno mental no último ano. - Trastornos máis comúns no último ano: 17% ansiedade, 8% trastornos afectivos e 3% consumo de substancias.
Wittchen *et al.* (Europa)	2011	- Revisión paneuropea de estudos epidemiolóxicos.	- Poboación xeral de distintos países de Europa.	- Estimación de 38,2% da poboación con algún trastorno mental no último ano. - Trastornos máis frecuentes: 14% ansiedade, 7% insomnio, ~7% depresión maior, >4% dependencia de alcol/drogas.
Enquisa Nacional de Saúde (ENSE, España) (INE)	2017	- Enquisa representativa nacional. - 29.155 entrevistas (adultos e menores).	- Poboación ≥15 anos (resultados xenerais). - Poboación 0-14 anos.	- 10,8% padece algún trastorno mental (7,2% homes; 14,2% mulleres). - Trastornos máis prevalentes: depresión e ansiedade (entre 4–9%). - Marcado gradiente de xénero e socioeconómico. - En Galicia, a prevalencia global sitúase ao redor do 16,2% (unha das máis altas de España).

Estudo (País) (Referencia)	*Ano*	*Metodoloxía*	*Poboación*	*Resultados principais*
Base de datos Clínicos de Atención Primaria (España) (BDCAP)	2017	- Rexistro clínico de 4,8 millóns de historias de Atención Primaria no SNS.	- Poboación atendida en Atención Primaria.	- 27,4% tiña rexistrado algún problema de saúde mental (máis en mulleres). - Trastorno de ansiedade: 6,7%. - Depresión: 4,1%. - Psicose: 1,2%. - En 2021 (datos posteriores), a cifra de ansiedade duplicouse (12,7%) e tamén aumentou a depresión (4,7%), coincidindo co impacto da pandemia.
Mateos e Gómez (Galicia) (Estudo SERGAS)	2017	- Entrevistas en domicilio. - WHO-CIDI + módulo SCID-I para psicose. - Mostra de 3.170 persoas.	- Persoas ≥18 anos (Galicia).	- 21,6% algún trastorno na vida; 7,4% nos últimos 12 meses. - Trastornos anímicos: 9,9% (vida), 3,7% (12 meses). - Ansiedade: 5,7% (vida), 3,1% (12 meses). - Trastorno por consumo de substancias: 10,5% (vida), 1,7% (12 meses). - Ideación suicida ao longo da vida: ~4,3%.

Figura 3.1. Exemplos de prevalencia de trastornos mentales na poboación xeral, para os últimos 12 meses, en diferentes países, España e Galicia.



Referencias

Ahmed, N., Barnett, P., Greenburgh, A., Pemovska, T., Stefanidou, T., …, Johnson, S. (2023). Mental health in Europe during the COVID-19 pandemic: a systematic review. *Lancet. Psychiatry, 10*(7), 537–556.

Arias-de la Torre, J., Vilagut, G., Ronaldson, A., Bakolis, I., Dregan, A., …, Alonso, J. (2023). Prevalence and variability of depressive symptoms in Europe: update using representative data from the second and third waves of the European Health Interview Survey (EHIS-2 and EHIS-3). *Lancet. Public Health, 8*(11), e889–e898.

Auerbach, R. P., Mortier, P., Bruffaerts, R., Alonso, J., Benjet, C., …, WHO WMH-ICS Collaborators (2018). WHO World Mental Health Surveys *International College Student Project: Prevalence and distribution of mental disorders. Journal of Abnormal Psychology, 127*(7), 623–638.

Australian Bureau of Statistics (2023). *National Study of Mental Health and Wellbeing Latest release. Summary statistics on key mental health issues including national and state and territory estimates of prevalence of mental disorders*. Australian Bureau of Statistics. En: https://www.abs.gov.au/statistics/health/mental-health/national-study-mental-health-and-wellbeing/latest-release

Australian Government (2021). *National Child and Adolescent Mental Health and Wellbeing study of Australian children and adolescents*. Australian Government, Department of Health and Aged Care. En: https://www.health.gov.au/our-work/national-child-and-adolescent-mental-health-and-wellbeing-study

Baker, C. e Kirk-Wade, E. (2024). *Mental health statistics: prevalence, services and funding in England.* House of Commons Library

Balluerka, N., Gómez, J., Hidalga, M. D., Gorostiaga, A., Espada, P., Padilla, J. L. e Santed, M. A. (2020). *Las consecuencias psicológicas de la Covid-19 y el confinamiento. Informe de investigación*. Servicio de Publicaciones de la Universidad del País Vasco. En https://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/las-consecuencias-psicologicas-de-la-covid-19-y-el-confinamiento-informe-de-investigacion/

Bukten, A., Virtanen, S., Hesse, M., Chang, Z., Kvamme, T. L., …, Stavseth, M. R. (2024). The prevalence and comorbidity of mental health and substance use disorders in Scandinavian prisons 2010-2019: a multi-national register study. *BMC Psychiatry, 24*(1), 95.

Bommersbach, T. J., McKean, A. J., Olfson, M. e Rhee, T. G. (2023). National Trends in Mental Health-Related Emergency Department Visits Among Youth, 2011-2020. *JAMA, 329*(17), 1469–1477.

Centro de Investigaciones Sociológicas (2021). *Encuesta sobre la salud mental de los/as españoles/as durante la pandemia del Covid-19. Avances de resultados. Estudio 3312.* En https://www.cis.es/-/avance-de-resultados-del-estudio-3312-encuesta-sobre-la-salud-mental-de-los-espanoles-durante-la-pandemia-de-la-covid-19-

Cortés, M., Pérez, C. e Artazcoz, L. (2022). *La salut mental a Barcelona.* Consorsi Sanitari de Barcelona, Agencia de Salut Pública.

Eurobarometer on Mental Health (2023). Large majority of Europeans consider mental health promotion as important as physical health promotion. En: https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/en/ip_23_4782

Eurostat (2024). *Death by suicide in the EU*. En: Deaths by suicide in the EU down by 13% in a decade - Eurostat

European Comission (2024). *State of health in the EU Synthesis Report 2023. Luxcemburgo: Publications Office of the European Union.* En: https://health.ec.europa.eu/system/files/2023-12/state_2023_synthesis-report_en.pdf

Henares, J., Ruíz-Pérez, I. e Sordo, L. (2020). Salud mental en España y diferencias por sexo y por comunidades autónomas. *Gaceta Sanitaria, 34*(2), 114-119.

Huertas, P., Moreno-Küstner, B., Gutiérrez, B. e Cervilla, J. A. (2020). Prevalence and correlates of suicidality in Andalusia (Spain): Results of the epidemiological study PISMA-ep. *Journal of Affective Disorders, 266,* 503–511.

OCDE (2024). *State of Health in the EU. España. Perfil sanitario nacional 2023. OCDE y Organización Mundial de la Salud.* En: https://health.ec.europa.eu/document/download/4fb13aaa-c338-4661-b46a-b1e8e9bddaf6_en?filename=2023_chp_es_spanish_0.pdf

Mateos, R. e Gómez, M. (2017). *Prevalencia de los trastornos mentales en Galicia.* Xunta de Galicia, Servicio Galego de Saúde. En: https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/prevalencia_de_los_trastornos_mentales_en_galicia_def.pdf

Ministerio de Sanidad (2019). *Salud mental en datos: prevalencia de los problemas de salud y consumo de psicofármacos y fármacos relacionados a partir de los registros clínicos de atención primaria.* Ministerio de Sanidad.

Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. Encuesta Nacional de Salud ENSE, España [ENSE, 2019]. Serie informes monográficos. 1. Salud Mental. Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, 2019

Ministerio de Sanidad (2023). *Caracterización de los problemas de salud no transmisibles a partir de los registros clínicos de atención primaria (BDCAP).* Ministerio de Sanidad.

Ministerio de Sanidad (2024). *Informe Anual del Sistema Nacional de Salud 2023. Ministerio de Sanidad.* En: https://www.sanidad.gob.es/estadEstudios/estadisticas/sisInfSanSNS/tablasEstadisticas/InfAnualSNS2023/INFORME_ANUAL_2023.pdf

Ministerio de Universidades y Ministerio de Sanidad (2023). *La salud mental en el estudiantado de las universidades españolas.* En: https://www.universidades.gob.es/estudio-sobre-la-salud-mental-en-el-estudiantado-de-las-universidades-espanolas/

Observatorio Español de la Drogas y de las Adicciones [OEDYD,] (2024). *Edades 2024. Encuesta sobre alcohol y otras drogas en España..* Plan Nacional sobre Drogas, Ministerio de Sanidad. En: https://pnsd.sanidad.gob.es/profesionales/sistemasInformacion/sistemaInformacion/pdf/2024_Informe_EDADES.pdf

Plan Nacional sobre Drogas (2024). Memoria sobre el Plan Nacional sobre Drogas. En: https://pnsd.sanidad.gob.es/pnsd/memorias/docs/2024_MEMORIAPNSD__2022_ANEXOS.pdf

Richter, D., Wall, A., Bruen, A. e Whittington, R. (2019). Is the global prevalence rate of adult mental illness increasing? Systematic review and meta-analysis. *Acta Psychiatrica Scandinavica, 140*(5), 393–407.

Stephenson, E. (2023). *Insights on Canadian Society. Mental disorders and access to mental health care.* Statistics Canada, Govern of Canada. En: https://www150.statcan.gc.ca/n1/en/pub/75-006-x/2023001/article/00011-eng.pdf?st=vA1qeQ61

Substance Abuse and Mental Health Services Administration [SAMHSA] (2023). *Key substance use and mental health indicators in the United States: Results from the 2022 National Survey on Drug Use and Health*. SAMHSA.

Terlizi, E.P. e Norris, T. (2021). *Mental health treatment among adults: United States, 2020. NCHS Data Brief, nº 419.* National Center for Health Statistics. En: Users/Usuario/Downloads/cdc_110593_DS1.pdf

Wittchen, H. U., Jacobi, F., Rehm, J., Gustavsson, A., Svensson, M., …., Steinhausen, H. C. (2011). The size and burden of mental disorders and other disorders of the brain in Europe 2010. *European Neuropsychopharmacology, 21*(9), 655–679.

Witters, D. (2023). *U. S. depression rates reach new highs*. En: https://news.gallup.com/poll/505745/depression-rates-reach-new-highs.aspx

Capítulo 4
As causas do incremento dos problemas de saúde mental

4.1. Introdución
4.2. Factores biolóxicos e xenéticos
    4.2.1. Xenética
    4.2.2. Maduración fetal, danos fetais no embarazo ou no nacemento
    4.2.3. O cerebro, as neuronas e os neurotransmisores
    4.2.4. Consumo de drogas ou alcol da nai antes do nacemento
    4.2.5. Desnutrición
    4.2.6. Exposición a metais pesados, substancias químicas e pesticidas
    4.2.7. Microbiota
    4.2.8. Inflamación
    4.2.9. O eixo HTA (hipotálamo-pituitaria-adrenal) e a súa relación co estrés
    4.2.10. Enfermidades e consumo de medicamentos
    4.2.11. Consecuencias biolóxicas da neglixencia, malos tratos, abuso, trauma, perda (ex., morte da nai) ou estrés crónico na crianza
    4.2.12. Papel da bioloxía na adolescencia e a súa transformación en adulto
4.3. Factores ambientais e sociais
    4.3.1. Factores culturais, familiares e de crianza
    - Tipo de cultura (normas sociais, sistema socioeconómico, relixión, características específicas desa cultura)
    - Socialización e estilo de crianza
    - Desorganización familiar, falta de proxenitores e nivel de apego
    - Malos tratos infantís e experiencias infantís adversas
    - Historia familiar de consumo de drogas ou de trastorno mental
    - Carencia de oportunidades ou incerteza (reais ou subxectivas)
    - Alto nivel de estrés social e eventos vitais estresantes
    - As redes sociais da Internet
    4.3.2. Factores ambientais e ecolóxicos
    - Ambiente físico (urbanización, polución por ruído e lumínica, temperatura, espazos verdes, cambio climático, etc.)
    - Variables sociodemográficas (sexo, xénero, idade, nivel económico, estudos)
    - Lugar onde se vive disfuncional ou problemático
    - Cambio frecuente de vivenda, escola ou traballo (mobilidade)
    - Expectativas sociais e ambientais
    4.3.3. Factores escolares
    - Calidade da escola e clima social positivo
    - Expectativas académicas e de futuro adquiridas na escola
    - Estrés escolar pola presión académica
    - Fracaso escolar ou abandono temperán da escola
    - Nivel de formación académico e profesional
    - Violencia escolar e bullying
    4.3.4. Factores socioeconómicos e laborais
    - Baixo nivel de ingresos e baixa renda per cápita familiar
    - Desemprego
    - Pobreza
    - Acoso laboral
    - Estrés laboral
    - Factores económicos relacionados con factores ambientais

4.3.6. Rede de apoio social
- Rede de familiares
- Rede de amigos e outras redes sociais
- Acceso a recursos sanitarios e redes sociais de axuda

4.4. Factores psicolóxicos

4.4.1. Trauma agudo e crónico (como abuso físico, psicolóxico ou sexual, morte dun ou ambos pais, accidentes, guerras, violación, atraco abandono na infancia, divorcio conflitivo dos pais, ruína económica)
4.4.2. A aprendizaxe, a motivación e os procesos psicolóxicos
4.4.3. Carecer de adecuadas habilidades de afrontamento, sociais e relacionais
4.4.4. Os procesos cognitivos: crenzas, expectativas e distorsións cognitivas
4.4.5. Incerteza
4.4.6. Os cambios psicolóxicos da adolescencia
4.4.7. Problemas internalizantes e externalizantes
4.4.8. Ciclo do desenvolvemento inadecuado (nenez, adolescencia, adultez, senectude)

4.5. A interacción dos factores bio-psico-sociais na persoa

Referencias

4.1. Introdución

Este capítulo ten dous obxectivos. O primeiro, é analizar as causas que explican os problemas de saúde mental, é dicir, por que unhas persoas desenvolven ou teñen trastornos mentais ao longo da vida, e outros non. O segundo, é comprender as causas que explican o incremento de certos trastornos mentais nas últimas décadas. Aínda que este incremento non é homoxéneo, nalgúns trastornos o incremento é claro, noutros hai unha estabilidade ao longo de tempo e, mesmo, nalgún pódese falar de certo descenso.

A causa dos trastornos mentais é multifactorial. Hai factores que se relacionan coa predisposición para padecer certos trastornos mentais, outros co mantemento, coa cronicidade e tamén os que favorecen superalos. De modo habitual estes factores agrúpanse en tres grandes grupos: xenéticos e biolóxicos, sociais e ambientais, e psicolóxicos. O habitual é que se relacionen e interaccionen entre eles, aínda que ás veces un deles precipita os outros.

Na Táboa 4.1. indicamos os que imos analizar a continuación.

Táboa 4.1. Distintas causas ou factores que se relacionan con ter un trastorno mental.

Factores xenéticos e biolóxicos
- Xenética.
- Maduración fetal e danos fetais no embarazo ou no nacemento.
- Consumo de drogas ou alcol por parte da nai antes do nacemento.
- Desnutrición.
- Exposición a metais pesados, substancias químicas e pesticidas.
- Microbiota.
- Inflamación.
- O eixo HPA (hipotálamo-pituitario-adrenal) e a sua relación co estrés.
- O cerebro, as neuronas e os neurotransmisores.
- Enfermidades e consumo de medicamentos.
- Consecuencias biolóxicas da neglixencia, abuso, trauma, perda (ex., morte da nai) ou estrés crónico na crianza.
- Papel da bioloxía na adolescencia e a súa transformación en adulto.

Factores culturais, sociais, familiares, ambientais, ecolóxicos, escolares, socioeconómicos, laborais e rede de apoio social

a) Factores culturais, sociais, familiares e de crianza
- Tipo de cultura (normas sociais, sistema socioeconómico, relixión, características específicas da cultura).
- Socialización e estilo de crianza.
- Desorganización familiar, falta de proxenitores e nivel de apego.
- Malos tratos infantís e experiencias infantís adversas.
- Historia familiar de consumo de drogas ou presenza de trastorno mental nos pais.
- Carencia de oportunidades ou incerteza (reais ou subxectivas).
- Alto nivel de estrés social e eventos vitais estresantes.
- As redes sociais da Internet.

b) Ambientais e ecolóxicos
- Ambiente físico e social (urbanización, polución por ruído e lumínica, temperatura, espazos verdes, cambio climático, etc.).

- Variables sociodemográficas (sexo, xénero, idade, nivel económico, estudos).
- Lugar onde se vive disfuncional ou problemático.
- Cambio frecuente de vivenda, escola ou traballo (mobilidade).
- Expectativas sociais e ambientais.

c) Factores escolares e de socialización secundaria
- Calidade da escola e clima escolar positivo.
- Expectativas académicas e de futuro adquiridas na escola.
- Estrés escolar pola presión académica.
- Fracaso escolar ou abandono temperán da escola.
- Nivel de formación académico e profesional.
- Violencia escolar e bullying.

d) Factores socioeconómicos e laborais
- Baixo nivel de ingresos e renda per cápita familiar.
- Desemprego.
- Pobreza.
- Ter débedas.
- Acoso laboral.
- Estrés laboral.
- Factores socioeconómicos relacionados cos factores ambientais.

e) Rede de apoio social

Factores psicolóxicos
- Trauma agudo e crónico, como abuso físico, psicolóxico ou sexual, morte dun ou ambos pais, accidentes, guerras, violación, atraco, abandono na infancia, divorcio conflitivo dos pais, ruína económica.
- A aprendizaxe, a motivación e os procesos psicolóxicos.
- Carecer de adecuadas habilidades de afrontamento, sociais e relacionais.
- Os procesos cognitivos: crenzas, expectativas e nesgos cognitivos.
- Incerteza.
- Os cambios psicolóxicos da adolescencia.
- Problemas internalizantes e externalizantes.
- Ciclo do desenvolvemento inadecuado (nenez, adolescencia, adultez, senectude).

4.2. Factores biolóxicos e xenéticos

4.2.1. Xenética

O ser humano nace cunha carga xenética dos seus antepasados que lle pode predispoñer a padecer distintas enfermidades físicas, así como trastornos mentais. No campo da saúde mental fixéronse moitos estudos xenéticos con xemelgos para coñecer o peso que ten a xenética e o ambiente en varios dos trastornos mentais máis relevantes. Como un exemplo, na Táboa 4.2 indicamos varios estudos que se fixeron con xemelgos (comparten 100% dos xenes se son univitelinos e o 50% se son bivitelinos) e o peso da xenética e o ambiente. As relacións son importantes para a esquizofrenia e o trastorno bipolar, como para as drogas, pero con menor peso para o alcol, a depresión ou o trastorno de ansiedade xeneralizada (McGue *et al.*, 2018).

En xeral, destaca a importancia da carga xenética no caso da esquizofrenia. No relevante estudo de Gottesman (1991) atopouse que o risco de padecer esquizofrenia en

xemelgos univitelinos era do 48%, que baixaba en bivitelinos ao 17%, en familiares de primeiro grao ao 9%, de segundo grao ao 4% e que era do 1% para os non emparentados. Estudos máis recentes indican que o risco de padecer esquizofrenia é dun 2% nos familiares de terceiro grao; un 9% nos familiares de primeiro grao; dun 27% cando ambos pais teñen esquizofrenia; e chega a un 50% en xemelgos monocigóticos. E iso atópase tanto en estudos de pais-fillos, como de nenos adoptados (Trifu *et al.*, 2020). O estudo de heredabilidade xenética na esquizofrenia de Sullivan *et al.* (2006) en Europa e Norte América conclúe que a heredabilidade pode chegar ata o 81%.

En conclusión, estes estudos indican que, para algúns trastornos, como a esquizofrenia ou o trastorno bipolar, hai un nivel superior ao esperado por azar en carga xenética que explica parte do trastorno.

Táboa 4.2. Porcentaxe do peso da carga xenética, ambiente compartido e ambiente único para distintos trastornos mentais.

Autor	*Trastorno*	*Xenética (1)*	*Ambiente compartido*	*Ambiente único*
Sullivan *et al.* (2003)	Esquizofrenia	0,81	0,11	0,08
McGuffin *et al.* (2003)	Trastorno bipolar	0,85		0,15
Sullivan *et al.* (2000)	Depresión	0,37		0,63
Hettema *et al.* (2001)	Trastorno de ansiedade xeneralizada	0,32		0,68
Verhulst *et al.* (2015)	Alcohol	0,51	0,10	0,39
Kendler *et al.* (2000)	Drogas	0,71		0,29

(1) Heredabilidade xenética aditiva.
Adaptado de McGue *et al.* (2018, páx. 95-96).

Na ampla revisión de estudos en xemelgos de Stallings *et al.* (2016) en relación co consumo de drogas, indicaron que a carga hereditaria está entre o 33 e o 54% e unha porcentaxe similar polo ambiente (Táboa 4.3). Por tanto, hai unha interacción entre xenética e ambiente que sempre temos que considerar. Os datos anteriores son inferiores para os que non son xemelgos (ex., irmáns), á vez que se aprecia que esta relación é clara en adultos, pero menos en adolescentes.

Táboa 4.3. Estudos en xemelgos sobre consumo de drogas. Media de resultados dos estudos realizados.

	Xenética	*Ambiente compartido*	*Ambiente*
Dependencia da nicotina, adultos	0,53	0,06	0,41
Dependencia do alcol, adultos	0,54	0,00	0,46
Uso problemático de alcol, adolescentes	0,33	0,27	0,40
Abuso/dependencia de cánnabis, adultos	0,47	0,20	0,34

Nota: Xenética (a^2); Ambiente compartido (c^2); Ambiente (e^2).

Hai moitos xenes implicados nos distintos trastornos mentais, sendo dous dos elementos máis estudados a variación xenética nos transportadores da serotonina e da dopamina, dous importantes neurotransmisores. Un dos problemas da realización de

estudos con xemelgos é que se sobreestima a heredabilidade polo que tamén se fixeron estudos con GWAS, ou estudos de asociación co xenoma completo. Neles, o nivel de explicación xenética diminúe a 0,20 no caso da esquizofrenia, trastorno bipolar ou trastorno depresivo maior.

De todos os xeitos, a interacción xene-ambiente vai ser importante para padecer ou non un trastorno, téñase ou non predisposición para iso (Wahbeh e Avramoppoulos, 2021), xa que os factores ambientais poden precipitar ou non esa probabilidade xenética. Por exemplo, estudos recentes indican que o risco de padecer esquizofrenia relaciónase coa exposición do feto a enfermidades infecciosas, sobre todo no segundo trimestre do embarazo (Trifu *et al.*, 2020).

A análise de como o ambiente incide na expresión xenética, activando ou non os xenes que temos denomínaselle *epixenética*. Ademais, estes cambios epixenéticos pódense manter no tempo e mesmo transmitirse aos fillos. Por iso é polo que nin a xenética nin o ambiente poden considerarse independentemente como factores causais, dado que hai unha interacción mutua entre ámbolos dous.

4.2.2. Maduración fetal, danos fetais no embarazo ou no nacemento

Os circuítos cerebrais créanse sobre todo a partir do nacemento, aínda que xa comezaron no período fetal, incidindo niso distintas circunstancias do ambiente (ex., nutrición, enfermidades, infeccións), crianza proporcionada (ex., efectos do nivel de estrés, ruídos, luz, temperatura), da familia, elementos externos onde vive (ex., contaminación, radiación) e polas posibilidades de aprendizaxe que proporciona o medio ao longo das etapas da vida. Por iso é polo que elementos externos, como o abuso físico, emocional ou sexual, o consumo de drogas, ou situacións de estrés crónico, perdas, traumas, etc., van influír de modo significativo neles (Kendall *et al.*, 2024).

Aínda da coñecida plasticidade cerebral, un cerebro en desenvolvemento creará uns ou outros circuítos en función da xenética, epixenética e o ambiente, sobre todo en relación aos denominados trastornos do neurodesenvolvemento (Rodriguez e Ortega, 2016). A exposición a factores ambientais (inadecuados ou problemáticos como a privación afectiva), en períodos críticos pode afectar ó desenvolvemento cerebral, o que pode levar á aparición de trastornos mentais.

Dentro do proceso madurativo do cerebro están implicados os circuítos cerebrais, distintos neurotransmisores, as hormonas e o consumo de drogas e medicamentos por parte da nai. Esta incidencia pode ser a curto prazo (ex., a síndrome alcohólica fetal no nacemento), ou con consecuencias en meses ou anos posteriores. Véxase que o 75% de todos os trastornos mentais xorden entre os 12 e os 25 anos (Uhlhaas *et al.*, 2023). Nestes períodos sensibles é relevante o papel do eixo HPA (hipotálamo-hipófise-adrenal) para regular a resposta ao estrés a través da liberación das hormonas glucocorticoides. A desregulación do eixo HPA está implicado en varios trastornos mentais (Nederhof *et al.*, 2015) e nas funcións cognitivas de orde superior, como a memoria de traballo, inhibición da resposta, supervisión do rendemento, e control cognitivo, que son aspectos centrais do desenvolvemento cerebral (Larsen e Luna, 2018). Estas funcións son centrais para a integridade dos circuítos corticais prefrontais, rexión que está implicada en varios trastornos mentais como a agorafobia, o trastorno bipolar ou a depresión (Chini e Hanganu-Opatz, 2021).

4.2.3. O cerebro, as neuronas e os neurotransmisores

O cerebro humano é o órgano central do sistema nervioso e está composto por miles de millóns de células chamadas neuronas, encargadas de procesar e transmitir información mediante impulsos eléctricos e sinais químicos (Fitzpatrick *et al.*, 2018).

Para entender que son os neurotransmisores e a súa relevancia na saúde mental, é importante coñecer primeiro como funcionan as neuronas e a organización básica do cerebro.

Unha *neurona* é unha célula especializada do sistema nervioso central que se comunica con outras células para regular practicamente todas as funcións corporais, desde o pensamento e a aprendizaxe ata a regulación dos latexos do corazón (Fitzpatrick *et al.*, 2018) Aínda que existen diferentes tipos de neuronas, a maioría comparte unha estrutura básica composta por:

- *Soma ou corpo celular.* Contén o núcleo e a maquinaria celular responsable da produción de proteínas e o mantemento da neurona.

- *Dendritas.* Proxeccións ramificadas que reciben sinais químicos ou eléctricos doutras neuronas.

- *Axón.* Prolongación longa e delgada que transmite o impulso nervioso desde o soma ata as terminales axónicas.

- *Terminales axónicas.* Pequenos "botóns" no extremo do axón, onde se almacenan as vesículas que conteñen neurotransmisores.

Cando a neurona recibe suficiente estimulación nas súas dendritas ou corpo celular, desencadéase un potencial de acción (impulso nervioso) que viaxa ao longo do axón ata as terminais axónicas. Alí, libéranse neurotransmisores no espazo que separa dúas neuronas, chamado fenda sináptica, co fin de comunicarse coa seguinte célula (Fitzpatrick *et al.*, 2018).

É tamén relevante coñecer o funcionamento básico do cerebro. Este está organizado en distintas rexións que se especializan en múltiples funcións, aínda que traballan de forma interconectada. Algunhas áreas regulan procesos como a visión, a audición ou a linguaxe, mentres que outras se encargan de coordinar funcións como as emocións, o razoamento ou a memoria. A comunicación entre estas rexións baséase en redes neurais altamente organizadas.

Cada neurona pode conectarse con miles doutras neuronas, formando unha rede extremadamente complexa. Os neurotransmisores son esenciais neste proceso, pois permiten que o sinal nervioso transmítase dunha célula a outra de maneira precisa e axustable. Un desequilibrio nestes mensaxeiros químicos pode alterar o funcionamento global das redes neurais e, polo tanto, influír na conduta, o estado de ánimo e a cognición.

Un *neurotransmisor* é unha molécula liberada pola neurona emisora (presináptica) que se une a receptores específicos da neurona receptora (postsináptica). Dependendo do tipo de receptor, o sinal pode ser excitatorio (alentar a activación da neurona postsináptica) ou inhibitorio (diminuír a probabilidade de activación). Tras exercer a súa función, o neurotransmisor é eliminado mediante recaptación cara á neurona emisora ou degradación enzimática, o que evita unha estimulación continua e incontrolada (Fitzpatrick *et al.*, 2018).

Os principais neurotransmisores implicados na saúde mental son:

- *Serotonina (5-HT).* Participa na regulación do estado de ánimo, o apetito e o ciclo soño-vixilia. Unha regulación ineficiente de serotonina asóciase con depresión e trastornos de ansiedade. A maioría dos antidepresivos regulan á alza este neurotransmisor (Stahl *et al.*, 2013).

- *Dopamina (DA).* Desempeña un papel clave na motivación, a recompensa e o control do movemento. Alteracións na dopamina relaciónanse con trastornos como a esquizofrenia (onde podería existir hiperactividade dopaminérxica en certas áreas) e o Parkinson (asociado á redución de dopamina en determinadas rexións). Ademais, é fundamental na adicción a substancias, ao reforzar condutas que xeran pracer (Stahl *et al.*, 2013).

- *Noradrenalina (NA).* Está implicada na resposta ó estrès, a atención e a regulación do estado de ánimo. Un desequilibrio nos seus niveis pode contribuír á depresión e os trastornos de ansiedade. Moitos antidepresivos actúan regulando á alza este neurotransmisor (Stahl *et al.*, 2013)

- *GABA (Acedo gamma-aminobutírico).* É o principal neurotransmisor inhibitorio do sistema nervioso central. A súa función é "frear" o exceso de actividade neuronal. Unha regulación ineficiente do GABA asóciase coa ansiedade, o insomnio e a predisposición a convulsións. Medicamentos como as benzodiacepinas reforzan a acción de GABA, reducindo a excitabilidade neuronal (Purves *et al.*, 2018).

- *Glutamato*. É o neurotransmisor excitatorio máis abundante no cerebro. Participa en procesos de aprendizaxe e memoria. Un exceso nos seus niveis ou actividade pode causar dano neuronal (neurotoxicidade) e asociouse con diversas patoloxías neurodexenerativas e psiquiátricas (Bear *et al.*, 2016).

O balance entre diferentes neurotransmisores é fundamental para manter a estabilidade das redes neurais que sustentan as nosas capacidades cognitivas, emocionais e condutuais. Os avances en neurociencia permitiron desenvolver fármacos e terapias específicas para modular a síntese, liberación ou acción destes mensaxeiros químicos, mellorando a calidade de vida de moitas persoas con trastornos mentais.

Con todo, o funcionamento cerebral é sumamente complexo e os neurotransmisores actúan de forma interrelacionada. Poren, comprendelos no seu contexto neurobiolóxico e psicolóxico resulta esencial para deseñar tratamentos máis efectivos e con menos efectos secundarios. A medida que a investigación siga progresando, esperasw profundar aínda máis na comprensión do cerebro e, en consecuencia, dos mecanismos subxacentes á saúde mental e aos trastornos psiquiátricos.

4.2.4. Consumo de drogas ou alcol da nai antes do nacemento

O consumo de drogas por parte da nai relaciónase coa presenza de problemas de saúde mental e co consumo de drogas posteriormente nos seus fillos. Salom *et al.* (2015) realizaron un dos estudos de referencia ao analizar en 6.703 mulleres embarazadas o efecto de varias variables de consumo e o efecto posterior nos seus fillos aos 5, 14 e 21 anos. O consumo de tabaco, o consumo intensivo de alcol e a presenza de distrés na nai no embarazo aparecía asociado á presenza de trastornos de saúde mental, trastornos por consumo de substancias ou ambos nos seus fillos aos 21 anos. No caso do pai, fumar e beber alcol asociábase coa comorbilidade de trastorno mental e trastorno por consumo de substancias. En canto ás diferenzas en función do sexo, os fillos era máis probable que tivesen un trastorno por consumo de substancias e as fillas un trastorno de saúde mental. Outros factores que tamén se sinalan como relevantes son aspectos do ambiente familiar, como baixo nivel de afecto maternal, pobre comunicación co fillo, pais separados ou relacións violentas.

Outro aspecto para destacar é que unha de cada tres mulleres volve ao seu nivel previo de consumo de alcol dentro dos tres meses despois do parto, o cal incide negativamente nos seus fillos, especialmente no caso da lactación materna, ao pasar o alcol polo leite ao neno. Despois do parto é un momento de especial risco para a muller, dado que algunhas se senten soas e illadas socialmente, o cal pode incrementar o risco de volver beber alcol (Prior *et al.*, 2024) para manexar a ansiedade e o estrés, os cales predín o consumo de alcol intensivo na muller (Timko *et al.*, 2008).

Wolfe (2016) estudou a nais cun trastorno por consumo de alcol nunha mostra representativa da poboación norteamericana, que tiñan fillos de entre 10 e 14 anos. Ao comparalas con nais que non tiñan este trastorno, atoparon que os seus fillos presentaban máis problemas internalizantes e externalizantes, menor proximidade a familiares e

amigos, experimentaban máis presión social, vivían en ambientes menos seguros e en lugares máis illados. Estas nais vivían en ambientes máis pobres, con menos ingresos, peor saúde, traballos precarios, tiñan menos anos de escolaridade e máis separacións maritais. Todo isto suxire que a saúde mental destes nenos está máis danada no caso de que a súa nai teña este trastorno. É o que Umberson *et al.* (2014) denominan cadeas de desvantaxes, que chegarán ata a idade adulta.

Ademais, o abuso de alcol e a dependencia de drogas por parte da nai incrementa o risco de malos tratos infantís cara aos seus fillos, peores prácticas de crianza e a presenza de máis problemas sociais (Cataldo *et al.*, 2019).

O consumo de psicoestimulantes na muller embarazada tamén ten efectos negativos, como maior risco de parto prematuro, menor peso do fillo ao nacer e menor longo e circunferencia da cabeza. No estudo de Linares *et al.* (2006), con nenos de 6 anos expostos ao consumo de cocaína antes de nacer, atoparon que tiñan máis síntomas do trastorno oposicionista desafiante e de TDAH en relación a nenos non expostos. Respecto ao consumo de opioides, é ben coñecido a síndrome de abstinencia neonatal aos opioides (Wouldes e Lester, 2023). Por último, en canto ao consumo de cánnabis por parte da muller embarazada, ademais dos problemas que pode padecer a propia muller (ex., complicacións no embarazo) e o fillo no momento de nacer (ex., baixo peso ao nacer), aparecen problemas posteriormente, como ter peor rendemento académico, máis condutas agresivas e problemas de atención, tanto en nenos como en nenas (Gerede *et al.*, 2024). Tamén se relaciona co desenvolvemento de problemas neuropsiquiátricos, hai unha relación clara co trastorno de déficit de atención con hiperactividade (TDAH) (increméntase un 13% o risco de telo) e un maior risco de consumo de cánnabis por parte do fillo na etapa da adultez temperá (increméntase o risco un 20%) (Bassalov *et al.,* 2024).

Con relación á influencia paterna na saúde do fillo antes da concepción, pode haber cambios epixenéticos no ADN a través da dieta ou do consumo de tabaco (Easey e Sharp, 2021). Con todo, a día de hoxe, non temos clara evidencia de que factores como o consumo paterno de alcol, tabaco, cafeína ou actividade física inflúan no inicio dun trastorno mental no seu fillo (Easey e Sharp, 2021).

4.2.5. Desnutrición

Trastornos tan prevalentes como os depresivos, de ansiedade, ou o estrés, poden estar asociados á desnutrición, mala alimentación ou inseguridade alimentaria (Pourmotabbed *et al.,* 2020). Un período de especial relevancia é cando a muller está embarazada ou na etapa de lactación e ten carencias nutricionais (Sparling *et al.*, 2021).

Os cambios na nutrición relaciónanse con cambios na microbiota e, por iso, tamén no cerebro. Un cerebro para funcionar precisa carbohidratos, proteínas, graxas, vitaminas e minerais, consumindo do 2% ao 30% de toda a enerxía que gasta o organismo diariamente. Ademais, distintos aminoácidos teñen un papel importante como precursores de distintos neurotransmisores (o triptófano como precursor da serotonina; a histidina como precursora da dopamina; a tirosina como precursora da dopamina, adrenalina e norepinefrina), os cales relaciónanse con distintas funcións psicolóxicas, con implicacións a nivel cognitivo e emocional.

Kirolos *et al.* (2022) analizaron a desnutrición infantil e posibles danos no neurodesenvolvemento, cognitivos, condutuais e de saúde mental, concluíndo que a desnutrición prexudica sobre todo ao neurodesenvolvemento e ao rendemento académico. Só atoparon moderada evidencia de que afectase á cognición e a ter máis problemas condutuais no caso da nenez e adolescencia. Os resultados non eran concluíntes para os trastornos mentais. Todos estes datos sinalan a necesidade de reducir a desnutrición dadas

as importantes consecuencias, non só a nivel físico senón tamén a nivel de saúde mental (Rico de la Rosa *et al.*, 2022).

4.2.6. Exposición a metais pesados, substancias químicas e pesticidas

Distintas substancias tóxicas que entran no organismo poden producir enfermidades e trastornos mentais. Desde hai un século sabemos que a exposición a hidrocarburos carrexa problemas de saúde. Cando hai unha inhalación continuada deles vese afectado o Sistema Nervioso Central, o metabolismo da acidose e prodúcense arritmias. Os individuos con abuso de hidrocarburos (ex., butano, propano, gasolina, gas natural) teñen condutas máis violentas e déficits de memoria e cognitivos, dado que se relaciona con disfunción no cerebelo, encefalopatía, debilidade e demencia, entre outros efectos (Tormoehlen *et al.*, 2024).

James e OShaughnessy (2023) revisaron como varios metais pesados, químicos que alteran o sistema endócrino e pesticidas, relaciónanse con trastornos mentais en nenos. Estas substancias teñen o potencial de modificar os sistemas de neurotransmisión, a barreira hemato-encefálica, modificar a expresión xenética cerebral e incrementar a vulnerabilidade para padecer trastornos mentais, desregular o eixo hipotálamo-hipofisiario-adrenal, reducir a plasticidade neuronal e inducir estrés oxidativo e a neuroinflamación. Atoparon que o chumbo, o manganeso, o cubre e o mercurio relaciónanse con ter trastornos mentais, de igual modo que químicos disruptores do sistema endócrino, como os ftalatos, éteres difenílicos polibromados, os bisfenoles e as substancias per e polifluoroalquiladas, así como distintos pesticidas utilizados na agricultura. Estes resultados deben ser considerados con cautela, dado que a exposición a estas substancias vai unida a outros factores, polo que non se pode afirmar de modo claro esta relación.

Respecto á esquizofrenia, Ma *et al.* (2019) analizaron a presenza de metais con alto grao de toxicidade (ex., arsénico, cadmio, chumbo, cromo, mercurio) nunha mostra de persoas da China, atopando asociación entre altos niveis de chumbo e esquizofrenia (odds ratio, OR, de 3,15). Outros estudos, realizados tamén na China, coinciden na relación da presenza de chumbo e a esquizofrenia (Shen *et al.*, 2024), indicando que varios xenes teñen o seu papel na esquizofrenia a través dos efectos que producen no organismo tales metais (ex., o TP53 ou o TNF).

En relación coa depresión, Nguyen *et al.* (2022) fixeron un extenso estudo en Corea do Sur, cunha mostra representativa de 16.371 persoas. Ter o dobre de cadmio recomendado aumentaba un 21% o risco de ter depresión. Con todo, non se asocia a unha maior ou menor intensidade da mesma. No estudo de Tang *et al.* (2024), cunha mostra de 7.301 persoas, tamén atoparon relación entre maiores niveis de cadmio e depresión E, por último, Jiang e Zhao (2024), cunha mostra de 7.732 adultos norteamericanos, atoparon relación entre maiores niveis de cadmio (OR = 1,38), chumbo (OR = 1,27) e seis metabolitos de hidrocarburos aromáticos policíclicos (OR de 1,24 a 1,47) con ter depresión. En cambio, neste estudo para o mercurio non atoparon relación.

4.2.7. Microbiota

Nos últimos anos o estudo da microbiota cobrou unha gran relevancia tanto para distintas enfermidades físicas como para varios trastornos mentais. O termo *microbiota* refírese ás comunidades microbianas, compostas de bacterias, virus, protozoos, arquexas e fungos que están presentes no hóspede. Cando este conxunto de microorganismos habita no tracto gastrointestinal, denomínaselle microbiota intestinal. Esta é unha parte importante do microbioma humano completo e ten unha relación bidireccional con varios sistemas, particularmente co sistema nervioso central. Os roteiros de comunicación son

circulares entre o microbioma intestinal e o sistema nervioso a través do nervio vago, os metabolitos do triptófano e os produtos microbianos, por exemplo, os ácidos graxos da cadea curta ou o peptidoglucano.

A modo de exemplo, no caso da depresión sabemos que hai un desequilibrio no eixo hipotálamo-pituitaria-adrenal (HPA), desregulación do sistema inmunitario e deficiencia do metabolismo do triptófano. E, tal e como afirman Rivera e Aguilar (2024), "as alteracións do microbioma poden ter un papel importante na fisiopatoloxía da depresión ao afectar a liberación de neurotransmisores como a serotonina, dopamina e norepinefrina, o que inflúe nos niveis do factor neurotrófico derivado do cerebro, en resposta ó estrés e no eixo hipotálamo-pituitaria-adrenal (HPA). Así mesmo, estas alteracións poden desencadear a liberación de substancias inflamatorias" (páx. 30). Ata un 92% da serotonina sintetízase no intestino e algo semellante ocorre con outros neurotransmisores como a dopamina e a norepinefrina. Isto levou a que varios autores consideren a depresión como un trastorno inflamatorio, sendo a inflamación unha condición común subxacente a varias enfermidades (ex., cancro, enfermidades cerebrovasculares, diabete mellitus, trastornos neurodexenerativos) e atopáronse alteracións do microbioma intestinal en pacientes con ansiedade, depresión e esquizofrenia. Por iso é polo que se suxeriu que o uso de probióticos podería aliviar os síntomas depresivos, ao mellorar o equilibrio do microbioma intestinal.

4.2.8. Inflamación

Nos últimos anos cobrou unha gran relevancia a hipótese da inflamación para explicar a orixe dalgunhas enfermidades, como as autoinmunes, e distintos trastornos mentais. A explicación da teoría da inflamación parte da perspectiva evolucionista, onde os nosos antepasados tiñan un nesgo inflamatorio xenético cara aos depredadores e axentes patóxenos do ambiente, desenvolvendo respostas inmunolóxicas e condutuais para iso, que lles permitían defenderse contra as infeccións e unha mellor cicatrización das feridas (Erazo, 2020). O cambio do medio rural ao urbano, cun maior nivel de patóxenos neste, leva á aparición de máis enfermidades autoinmunes, alérxicas e inflamatorias. E tamén a que certos marcadores de inflamación asócianse con trastornos mentais como a depresión, trastorno bipolar, trastorno de ansiedade xeneralizada e o trastorno de estrés postraumático (Erazo, 2020). Niso parece que ten un papel relevante as citoquinas.

Por iso, considérase que a inflamación é a resposta natural do sistema inmune ante os patóxenos, ao estrés e as lesións. A inflamación aguda sería un mecanismo adaptativo para reparar os danos, pero a inflamación prolongada ou crónica produce danos ou enfermidades nos tecidos. Esta última é a que se atopa asociada aos trastornos mentais (Feng *et al.*, 2020).

A evidencia epidemiolóxica, xenética e de estudos transversais indica que en varios deles hai relación entre a inflamación e distintos trastornos mentais. Así, no amplo estudo de Zeng *et al.* (2024) con case 600.000 persoas de Suecia analizaron varios marcadores da inflamación. Atoparon que ter un nivel medio ou alto de leucocitos, aptoglobina e proteína C-reactiva (PCR) asociábase a un maior risco de ter un trastorno mental, como ocorría tamén con ter niveis baixos de inmunoglobulina G (IgG). Estes resultados indicaban que a avaliación de eses biomarcadores de inflamación relacionábanse, 30 anos despois, con ter o diagnóstico dun trastorno mental.

De modo semellante, cunha mostra de medio millón de persoas do Reino Unido, a proteína C-reactiva (PCR) estaba asociada con ter probable depresión (OR=1,29) e probable trastorno de ansiedade xeneralizada (OR=1,15), así como a Interleukina 6 (IL-6) para a depresión (OR= 1,18). Beurel *et al.* (2020) indican que o sistema inmune regula

o estado de ánimo e que a desregulación da resposta de inflamación pode levar á depresión. Pero pode haber outras variables implicadas que hai que ter en conta (ex., alteracións no microbioma ou unha resposta de estrés agudo, entre outras).

Finalmente, hai que indicar que as alteracións na microbiota relaciónanse tamén coa inflamación (Ouabbou *et al.*, 2020).

4.2.9. O eixo HPA (hipotálamo-pituitaria-adrenal) e a súa relación co estrés

A adaptación e a resistencia ao estrés son prerrequisitos fundamentais para a vida. O estrés afecta directamente á saúde a través de respostas automáticas e neuroendocrinas e, indirectamente, en producir cambios en condutas relacionadas coa saúde (ex., enfermidades cardiovasculares, obesidade, incremento de risco de cancro). O estrés é esencial para a supervivencia, ao ter que adaptarnos a cambios internos e ao ambiente externo. Isto coñécese como homeostase, pola cal o organismo regula os estados fisiolóxicos internos (ex., a temperatura corporal). Para manter esa homeostase libéranse hormonas (ex., cortisol, adrenalina e noredralina) e prodúcense cambios no sistema nervioso autónomo e no sistema nervioso central para adaptarse e responder as situacións estresantes. Cando non hai estresores isto non ocorre. Se a persoa mantén o estado de resposta ó estrés no tempo iso incide na súa saúde e no seu benestar (O´Connor *et al.*, 2021).

O estrés crónico causa múltiples problemas, na saúde física e mental. O estrés pódese deber a diversos factores: laborais, familiares ou da parella, malos tratos, condicións sociais de pobreza, etc. (Sandín, 2024). As respostas que produce o estrés crónico son tanto biolóxicas como psicolóxicas. Entre as biolóxicas están cambios hormonais, do sistema cardiovascular, metabólico ou neuroendocrino. Nunha situación de estrés actívanse dous sistemas: o sistema SAM (simpático-adrenal-medular) e o HPA (hipotálamo-pituitaria-adrenal). O cortisol é a principal hormona efectora primaria do sistema de resposta ao estrés do eixo HPA.

Sabemos que padecer eventos temperáns adversos (ex., trauma na infancia, violencia doméstica) leva á persoa na vida adulta a ter máis enfermidades e trastornos mentais, incluíndo maio risco de suicidio. Niso o eixo HPA ten un papel importante (O´Connor *et al.*, 2021). Un exemplo claro dos seus efectos témolo nos malos tratos infantís e a desregulación que produce no eixo HPA. Este sistema neuroendocrino primario ten un papel central en regular as respostas corporais para varios estresores, abarcando tanto ameazas físicas como estresores psicolóxicos (ex., estrés social, subordinación e ameazas percibidas). A actividade do eixo HPA regúlase a través do inicio da secreción do factor de liberación de corticotropina (CRP) e vasopresina (AVP) do núcleo paraventricular do hipotálamo. Estes activan a secreción da hormona adrenocorticotropina (ACTH), estimulando a síntese e secreción de glucocorticoides, incluíndo o cortisol, do córtex suprarrenal. O cortisol executa a súa función activando tanto os receptores glucocorticoides (GR) e mineralocorticoides (MR) en múltiples tecidos corporais, proporcionando inhibición do feedback negativo da activación do eixo do hipotálamo. A activación do eixo HPA representa un mecanismo adaptativo esencial en resposta ás ameazas e ao estrés. A prolongada activación do eixo HPA de neno incrementa a vulnerabilidade á psicopatoloxía posterior de adulto. Como exemplo, os malos tratos infantís inducen unha modificación duradeira dos sistemas de respostas ó estrés, especificamente do eixo HPA (Ferrara *et al.*, 2024).

Estudouse amplamente a incidencia do estrés en distintos trastornos mentais, como a depresión, a ansiedade, a psicose e as adiccións (Slavich e Auerbach, 2018). Dado que o estrés tamén afecta a distintos procesos biolóxicos, asociouse o mesmo ao sistema inmune, á inflamación e a outros cambios biolóxicos. Por iso é polo que con frecuencia

hai unha relación estreita entre estrés, depresión e enfermidades físicas (Miller e Raison, 2016).

4.2.10. Enfermidades e consumo de medicamentos

Diversas enfermidades orgánicas e medicamentos, non directamente vinculados con trastornos mentais, poden desencadear ou exacerbar síntomas neuropsiquiátricos como depresión, ansiedade e mesmo psicose (Fucci *et al.*, 2021; Kaplan e Sadock, 2022). Indicámolos a continuación clasificados por apartados.

- *Sistema endócrino.* Alteracións na glándula tiroide como o hipotiroidismo dificultan o metabolismo cerebral e provoca síntomas depresivos, apatía e diminución da concentración; mentres que o hipertiroidismo xera nerviosismo, ansiedade e mesmo episodios psicóticos. A síndrome de Cushing (exceso de cortisol) desemboca en irritabilidade e alteracións cognitivas, en tanto que a enfermidade de Addison (insuficiencia suprarrenal) induce apatía, fatiga e posibles estados confusionais. Tamén os desaxustes bruscos nos niveis de glucemia orixinan irritabilidade, cambios repentinos de ánimo e confusión. Cambios radicais nos niveis de estróxenos e proxesterona (menopausa, posparto) afectan de modo significativo o estado de ánimo e a función cognitiva.

- *Sistema inmunolóxico.* O lupus eritematoso sistémico, ao inflamar diversas estruturas corporais, pode comprometer o cerebro e dar lugar a alteracións no comportamento, delirios ou alucinacións. Doutra banda, a enfermidade celíaca non diagnosticada xera fatiga crónica e "néboa mental", o que repercute no estado de ánimo e as funcións cognitivas.

- *Sistema metabólico e carencial.* A deficiencia de vitamina B12 asóciase con irritabilidade, depresión e deterioro cognitivo en fases avanzadas. Do mesmo xeito, deficiencias de folato e outras vitaminas do grupo B facilitan o xurdimento de síntomas depresivos e confusión mental. Tamén déficits de minerais como magnesio ou calcio xeran síntomas neuropsiquiátricos (irritabilidade, dificultade de concentración e ansiedade).

- *Sistema dixestivo.* Cando existe cirrose ou fallo hepático grave, aparece a encefalopatía hepática, caracterizada por desorientación, letargo e cambios drásticos na conduta que poden evolucionar ata o delirium.

- *Sistema renal.* A insuficiencia renal crónica conleva a acumulación de toxinas en sangue, provocando cansazo, apatía e, en casos avanzados, alteracións mentais agudas que desembocan en delirium. Os trastornos na concentración de sodio desencadean confusión, letargo e irritabilidade, e se se descontrolan, desembocan en delirium ou convulsións.

- *Sistema nervioso.* Enfermidades como a epilepsia, sobre todo en crises parciais complexas, pode confundirse con psicoses ou alteracións profundas da personalidade. Infeccións como meninxite e encefalite inflaman directamente o cerebro, ocasionando delirium, axitación e cambios rápidos do estado de conciencia. O VIH, ademais do seu impacto sistémico, dana o tecido nervioso e facilita trastornos neurocognitivos e afectivos.

- *Enfermidades neurodexenerativas.* Trastornos como o Parkinson e a esclerose múltiple, ao afectar gradualmente ó sistema nervioso, poden desencadear depresión, ansiedade e deterioro cognitivo significativo, con repercusións graves na calidade de vida.

- *Trastornos xerais e infeccións sistémicas.* En adultos maiores, procesos infecciosos como pneumonías ou sepse desencadean con frecuencia un estado de delirium agudo, con confusión, desorientación e alucinacións visuais ou auditivas.

- *Dor crónica.* Independentemente da causa (musculoesquelética, neuropática), a dor persistente aumenta o risco de depresión e ansiedade, máis aínda se se recorre a opioides ou polifarmacia.

Existen fármacos que xa sexa pola súa acción principal ou polos seus efectos secundarios poden ocasionar ou exacerbar alteracións neuropsiquiátricas. Citamos algúns dos máis prevalentes agrupados por familias:

- *Medicamentos corticosteroides.* Empregados en múltiples patoloxías inflamatorias ou autoinmunes, o seu uso prolongado ou a doses elevadas induce irritabilidade, euforia e en ocasións cadros psicóticos ou maníacos.

- *Betabloqueantes (cardioloxía).* Prescritos para hipertensión e outros problemas cardiovasculares, asociáronse a depresión, fatiga emocional e cambios no estado anímico, sobre todo en persoas predispostas.

- *Opioides (analxésicos).* Alivian a dor, pero poden xerar dependencia, cambios de humor significativos e un enturbiamento do nivel de conciencia, especialmente tras usos prolongados.

- *Antibióticos (fluoroquinolonas).* Poden causar insomnio, nerviosismo e confusión, cun maior risco de alteracións condutuais en pacientes de idade avanzada ou con polimedicación.

- *Anticolinérxicos.* Empregados en diversas afeccións (alerxias, incontinencia, Parkinson), reducen a actividade colinérxica, o que desencadea confusión, desorientación e aumento do risco de delirium, sobre todo en anciáns.

- *Quimioterápicos.* Deseñados para atacar células cancerígenas, afectan tamén o Sistema Nervioso Central, propiciando cansazo, deficiencias cognitivas (chamadas "*quimio-brain*") e alteracións do estado anímico.

- *Agonistas dopaminérxicos.* Indicados no tratamento do Parkinson e a síndrome de pernas inquietas, poden estimular condutas impulsivas, hipersexualidade e xogo patolóxico, complicando a situación clínica.

- *Polifarmacia.* As interaccións entre múltiples fármacos, mesmo con doses baixas, incrementan as probabilidades de delirium, confusión e deterioro do funcionamento mental, sobre todo en persoas vulnerables como adultos maiores ou persoas con insuficiencia renal ou hepática.

A utilización exacta dos fármacos é moi difícil de coñecer tanto polo consumo sen receita como pola adherencia, que modula o consumo real ou efectivo que se realizou. Os fármacos para o sistema nervioso ocupan, en conxunto, o terceiro lugar do consumo farmacéutico, despois dos fármacos do aparello cardiovascular e dos fármacos do aparello dixestivo (Ministerio de Sanidad, 2021). Na enquisa do Sistema Nacional de Saúde recóllese que os psicofármacos constitúen o 70% dos fármacos consumidos e o 17,1% os analxésicos. Destácase que existe un claro predominio feminino no consumo destes psicofármacos, que duplica e en ocasións triplica o consumo dos homes. A diferenza crece coa idade (ata os 75-80 anos). O consumo segue crecendo ata os 80-84 anos, para logo descender. Obsérvase un gradiente social, de modo que o consumo se dispara a medida que diminúe a renda, sobre todo no caso das mulleres. O consumo é maior nas persoas nadas en España e nas persoas desempregadas, en todos os grupos de idade e sexo.

En definitiva, é fundamental que os profesionais da saúde realicen unha valoración integral do paciente descartando e atendendo posibles causas orgánicas ou farmacolóxicas cando se presentan síntomas psiquiátricos, para así brindar unha abordaxe integral e eficaz, así como a personalización dos tratamentos.

4.2.11. Consecuencias biolóxicas da neglixencia, malos tratos, abuso, trauma, perda (ex., morte da nai) ou estrés crónico na crianza

Nos últimos anos consolidouse o termo de experiencias infantís adversas, ou ACE (*Adverse Childhood Experiences*). As ACE xa empezan a incidir a nivel prenatal e posteriormente na nenez e adolescencia, chegando os seus efectos ata a adultez (Erikson *et al.*, 2024) e mesmo a vellez (Sales *et al.*, 2024). Os eventos traumáticos na infancia incrementan a probabilidade de ter un trastorno mental posteriormente. Entre os eventos traumáticos están a experimentación dunha morte ou vivir a ameaza de morte á propia persoa ou a outras, danos ou lesións graves, ou violencia sexual (abuso sexual, violación ou outras experiencias de asalto sexual). Tamén a exposición á violencia, sobre todo cando é continuada, sufrir accidentes graves, catástrofes naturais, ou mesmo ser diagnosticado dunha enfermidade grave (ex., cancro) (Furr *et al.*, 2018). Os factores que constitúen as ACE son o abuso físico, sexual ou emocional; os malos tratos; a desorganización familiar (violencia, violencia doméstica, consumo de substancias dos pais, encarceramento dun proxenitor, divorcio); desnutrición; exposición a toxinas ambientais; pobreza e baixo nivel económico; e estrés crónico (Sales *et al.*, 2024).

As ACE asócianse cun maior risco de padecer trastornos como depresión, ansiedade e abuso de substancias, entre outras (Barbosa *et al.*, 2024), influíndo no risco o nivel de gravidade do suceso traumático, sendo de gran relevancia actual o trauma complexo (os efectos de estar expostos a eventos traumáticos múltiples e recorrentes); a incidencia dos desastres e as súas consecuencias (ex., perda da casa por un incendio ou unha inundación), sobre todo en nenos; e a exposición ao trauma de modo continuo nalgunhas partes do mundo cun alto nivel de violencia (ex., naqueles países onde levan varios anos de guerra). De todos os xeitos, non debemos esquecernos de que unha parte dos nenos logran ser resilientes ante esta situación e ter un desenvolvemento adulto normal (Becoña, 2007).

Sabemos que hai unha interacción entre a bioloxía, o ambiente e a persoa. Os niveis altos de ACE asócianse a funcións cerebrais alteradas en adultos, as cales median no padecemento de trastornos mentais como os do estado de ánimo, ansiedade, esquizofrenia e consumo de substancias (Devi *et al.*, 2019). De modo concreto, Keator *et al.* (2024) analizaron a relación entre ACE, trastornos psiquiátricos e función cerebral nunha ampla mostra de 7.275 pacientes, mediante análises de neuroimaxen con escáner SPECT de distintas áreas das rexións frontal e occipital do cerebro, áreas básicas para a rede de control cognitivo, atopando que o maior nivel de ACE incrementa o risco de ter un trastorno de ansiedade, depresivo ou de consumo de substancias. E que varias rexións cerebrais aparecen como potenciais mediadores, como unha maior actividade en áreas básicas para o control cognitivo e liña base de actividade neuronal e unha menor actividade no estriado dorsal e o cerebelo. Por todo iso, hipotetizan que ter ACE de neno altera a súa percepción do mundo, incidindo as súas experiencias no desenvolvemento e función cerebral que, de adulto, pode levar a desenvolver máis trastornos mentais ou a mediar ou facilitar a súa aparición. Como un exemplo, no trastorno por consumo de substancias, ten un claro papel a ínsula, o putamen e o caudado.

Os malos tratos infantís, sexa en forma de malos tratos físicos, psicolóxicos ou sexuais son un factor de risco ben establecido para o desenvolvemento dun trastorno mental na infancia, adolescencia ou vida adulta. Os malos tratos infantís están asociados á ansiedade, trastorno psicótico, trastorno por déficit de atención con hiperactividade, trastornos de conduta, abuso de substancias, dano autoinflixido e suicidio (Baldwin *et al.*, 2023). Os malos tratos alteran a estrutura e función cerebral dos nenos e mozos (Gehred *et al.*, 2021) o que os fai máis vulnerables ao ambiente, ter menor estabilidade emocional e a ser menos resilientes (McLauhlin e Lamert, 2017). No meta-análise de Baldwin *et al.*

(2023) atoparon que os nenos que sofren malos tratos tamén teñen unha maior probabilidade de ter outros factores de risco ambiental (ex., problemas económicos, bullying) co que se incrementa a posibilidade de padecer un trastorno mental.

4.2.12. Papel da bioloxía na adolescencia e a súa transformación en adulto.

A adolescencia é un período de transición único no que converxen cambios físicos, psicolóxicos e sociais. Desde a perspectiva biolóxica, comprende unha etapa de reestruturación cerebral e de intensas modificacións hormonais que sentan as bases para a entrada na idade adulta. O estudo deste proceso é esencial para entender por que moitas patoloxías psiquiátricas, tales como a depresión, a ansiedade e algúns trastornos do comportamento, teñen a miúdo os seus primeiros síntomas ou agrávanse durante a adolescencia (Casey *et al.*, 2008).

En primeiro lugar, o sistema endócrino experimenta un gran axuste durante esta fase. Coa chegada da puberdade, prodúcese un incremento significativo de hormonas sexuais (estróxenos, testosterona) e doutras substancias neuroactivas como a hormona do crecemento. Estes cambios hormonais interactúan co cerebro en desenvolvemento, afectando non só a fisioloxía corporal, senón tamén a forma en que se experimentan as emocións e a motivación (Dahl, 2004). Este incremento hormonal pode ter repercusións na regulación emocional, de modo que algúns adolescentes poden volverse máis impulsivos ou presentar unha resposta esaxerada ó estrés. Se a iso súmanselle factores xenéticos ou ambientais, as probabilidades de desenvolver trastornos como a ansiedade ou a depresión poden aumentar (Spear, 2000).

Outra cuestión relevante é que hai por unha banda un risco emerxente (vinculado ás novas formas de organización do traballo, como o uso intensivo de plataformas dixitais, o control algorítmico ou a hiperconectividade) e a emerxencia social do risco (cando determinados problemas alcanzan centralidade pública e institucional, como ocorreu coa

saúde mental tras a pandemia) (Montes *et al.,* 2023; Szekér *et al.,* 2023). Isto foi relevante para comprender o interese que xurdiu pola saúde mental, no eido laboral, social e sanitario, e a correspondente demanda de intervención en saúde mental.

5.3. Principais problemas de saúde mental no traballo

Tal e como xa se sinalou, os principais trastornos mentais no lugar de traballo, do mesmo xeito que na poboación xeral, son os trastornos de ansiedade, depresivos, o consumo de substancias e os trastornos adaptativos (Ministerio de Sanidad, 2022b). Pero, ademais, o estrés que poden carrexar determinadas condicións laborais é un factor modulador de distintos trastornos mentais e enfermidades. A modo de exemplo, na Táboa 5.17 recóllese a prevalencia do consumo de drogas nas persoas que están a traballar en España. Se comparamos estes datos coa prevalencia do consumo na poboación xeral, son equivalentes.

Táboa 5.17. Prevalencia de consumo de drogas a nivel laboral en España.

	Consumo nos últimos 12 meses (%)					
Substancia	*Todos*	*Homes*	*Mulleres*	*16-34 anos*	*35-64 anos*	*% de consumo, últimos 30 días*
Alcohol	81,0	85,6	75,6	81,9	80,7	67,5
Tabaco	42,3	46,5	37,3	48,1	40,2	40,0
Cigarros electrónicos	4,1	4,9	3,2	7,7	2,9	1,9
Hipnosedantes, con e sen receita médica	11,2	8,4	14,6	8,4	12,2	7,3
Analxésicos opioides sen receita	0,8	0,7	0,9	0,6	0,9	0,6
Cánnabis	10,9	14,7	6,3	19,7	7,7	8,5
Cocaína	3,1	4,6	1,3	4,1	2,7	1,4
Éxtase	1,0	1,5	0,5	1,9	0,7	0,4
Anfetaminas/speed	0,8	1,1	0,4	1,4	0,6	0,3
Alucinógenos	0,7	1,1	0,2	1,4	0,4	0,2
Heroína	0,1	0,2	0,0	0,0	0,1	0,1

Fonte: OEDA (2021).

A xestión da saúde mental e o benestar no lugar de traballo por parte dos empregadores é un aspecto que recibe cada vez maiores apoios dados os beneficios económicos resultantes pola mellora da produtividade ao reducirse o absentismo (Táboa 5.18).

Táboa 5.18. Dez motivos polos que xestionar a saúde mental e o benestar no ámbito laboral: xustificación económica.

- Os problemas e trastornos de saúde mental están a aumentar en toda Europa e constitúen unha causa cada vez máis importante de absentismo entre os traballadores.
- Os custos que producen os problemas de saúde mental en relación co absentismo superan aos derivados de calquera outro tipo de enfermidade.
- As ausencias provocadas polos problemas mentais son máis prolongadas que as motivadas por outras enfermidades.

- Os cambios na natureza do traballo están a conlevar un aumento do estrés e dos problemas relacionados coa saúde mental.
- O centro de traballo é un lugar especialmente adecuado no que intervir para promover unha boa saúde mental.
- Un traballo de calidade fomenta unha boa saúde mental e o benestar.
- A lexislación sinala a xestión dos riscos psicosociais no traballo.
- En moitos países, a xestión do retorno ao traballo despois dunha incapacidade laboral recae cada vez máis sobre os empregadores e tamén lles beneficia.
- As intervencións destinadas a mellorar a saúde mental e o benestar no traballo axudan aos empregadores a cumprir os principios do contrato social.
- As intervencións centradas no individuo e destinadas a mellorar a saúde mental e o benestar resultan rendibles.

Fonte: Wynne *et al.* (2017, páx. 16).

O traballo de calidade é bo para a saúde física e mental. Algunhas das súas características son (Wynne *et al.,* 2017):

- Sentirse valorado no traballo.
- Ter un traballo con sentido.
- Poder tomar decisións sobre cuestións que nos afectan persoalmente.
- Contar cunha formación adecuada para o traballo desempeñado.
- Dispoñer dos recursos necesarios para desempeñar o traballo.
- Ocupar un posto ben deseñado, é dicir, sen unha carga excesiva.
- Ocupar un posto ben organizado en termos de horarios e de descansos.

Tamén a cultura organizativa contribúe á saúde mental e ó benestar. Por iso é polo que os compoñentes sociais do lugar de traballo poden proporcionar unha contorna de traballo favorable para a saúde mental e o benestar. Por exemplo, poden ofrecer (Wynne *et al.,* 2017):

- Apoio social, xa que os compañeiros de traballo poden axudar aos individuos para compartir os seus problemas persoais, a xestionalos e a afrontalos.
- Capacidades para xestionar os problemas: a interacción social no posto de traballo pode conlevar, directa ou indirectamente, oportunidades para aprender a xestionar os problemas de maneira eficiente.
- Apoio material: os centros de traballo ofrecen recursos en forma de ingresos monetarios, ademais, tamén existe a posibilidade de recibir apoio material directo dos compañeiros como axuda para solucionar problemas.

5.4. A prevención de riscos psicosociais e o Servizo de Vixilancia da Saúde

Respecto á prevención dos riscos psicosociais, existen unha gran cantidade de accións, documentación e normas legais. Seguindo o informe da Unión Europea sobre como promover a saúde mental no lugar de traballo (Wynne *et al.,* 2017), considérase que unha política adecuada de saúde mental e benestar debe ter estes catro elementos en conta: 1) saúde e seguridade; 2) promoción da saúde; 3) rehabilitación e retorno ao traballo; e, 4) igualdade e non discriminación.

A prevención de riscos psicosociais céntrase no primeiro e segundo apartado. En relación á política de saúde e seguridade no traballo, consideran que a mesma debe conter os seguintes elementos:

- As causas do estrés laboral, a súa identificación e o seu control.
- Un compromiso de xestionar e evitar os riscos para a saúde mental existentes no lugar de traballo.

- Información sobre como se abordarán a saúde mental e o benestar a través da identificación dos perigos, da avaliación de riscos e das medidas de control.

- O papel concreto da notificación, por exemplo, a través de declaracións sobre a seguridade, auditorías, etc.

- As cualificacións e a formación que debe ter o persoal implicado.

- Unha definición clara das responsabilidades e da rendición de contas para todos os elementos do sistema de saúde e seguridade.

- As relacións entre a política e o sistema de saúde e seguridade e outras políticas pertinentes, como as relativas á promoción da saúde, a rehabilitación e o retorno ao traballo, a igualdade, a loita contra a discriminación ou a xestión dos recursos humanos.

En relación á política de promoción da saúde no lugar de traballo, que é a que se ocupa do deseño e definición dun enfoque destinado a manter e mellorar a saúde mental e o benestar dos empregados, utilizando como contexto o centro de traballo:

- A política debe abordar tanto os problemas profesionais como os relacionados coa saúde mental e o benestar xerais. Non só debe centrarse no individuo, senón tamén na súa contorna de traballo e debe estar destinada a fomentar a capacidade de recuperación dos traballadores, por exemplo, ao mellorar a súa habilidade para xestionar os problemas.

- A política debe abordar os vínculos existentes coas políticas de saúde e seguridade. En concreto, debe incluír vías para conseguir que a contorna de traballo sexa máis propicia para a saúde mental e o benestar; este fin pode lograrse a través de diversas intervencións relacionadas co deseño ou a organización do traballo ou cos cambios culturais.

- A política debe designar a individuos responsables para a súa aplicación, debe especificar os coñecementos e as competencias que estes últimos deben ter, así como, as actividades nas que deben participar.

O terceiro elemento, a política de rehabilitación e retorno ao traballo pretende que a persoa poida volver ao seu anterior posto de traballo nas mellores condicións posibles. Para iso, suxírese que haxa unha norma dentro da organización que o permita, de aí a relevancia de que haxa leis que o faciliten (Wynne *et al.,* 2018). Por iso é polo que, organismos como a Unión Europea, suxiran que os países deben:

- Estipular como levará a cabo a mediación entre o traballador ausente e a organización.

- Estipular como levará a cabo o control temperán, a avaliación e a remisión aos servizos competentes.

- Estipular como pode acceder o empregado a unha persoa que, se fose necesario, lle apoie ante os profesionais médicos, o supervisor ou a familia.

- Especificar o dereito a un plan de retorno ao traballo adaptado, flexible e individualizado para o traballador ausente.

- Estipular como se avaliará a capacidade de traballo.

- Estipular como se facilitarán acomodacións e axustes estables, correctamente adaptados ao individuo e que conten co apoio necesario.

- Especificar o dereito a que se tomen medidas para un retorno gradual ao traballo.

- Facilitar un sistema activo de xestión dos casos para supervisar o proceso de reintegración.

- Establecer como se ofrecerán oportunidades de capacitación ao traballador ausente a través de actividades de reciclaxe e de rehabilitación no lugar de traballo.

- Facilitar oportunidades para que o empregado examine a súa preparación para o traballo ou para que obteña experiencia nun posto alternativo de transición.

- Facilitar o recurso ao apoio e ao asesoramento técnico.

- Fomentar a concienciación sobre a política de rehabilitación e retorno ao traballo dentro da empresa.

Estas disposicións refírense a unha política de rehabilitación e retorno ao traballo xeral que xestione todo tipo de enfermidades e lesións. Con todo, poderían incluírse outras disposicións centradas especialmente na saúde mental e no benestar. Entre elas, inclúense as seguintes:

- A necesidade de concienciar a todas as partes interesadas do lugar de traballo sobre a saúde mental e o benestar.

- A necesidade de loitar contra a estigmatización e a discriminación naqueles casos nos que se presenten.

- A dispoñibilidade de persoal cualificado, xa que a maioría dos empregados ou directivos non dispoñen dos coñecementos ou das competencias necesarias para xestionar problemas de saúde mental ou de rehabilitación e retorno ao traballo.

- A necesidade de ter en conta os diferentes efectos que poden ter as enfermidades ou os problemas de saúde mental, como, por exemplo: que se pode esperar dos traballadores cando regresan ao seu posto?

- A necesidade de garantir a confidencialidade da información; tendo en conta que os problemas de saúde mental son unha cuestión delicada, as políticas deben garantir a confidencialidade naqueles casos nos que se solicite.

Finalmente, debe haber unha política de igualdade e non discriminación no lugar de traballo, como recollen habitualmente as normas e leis laborais.

En España dispoñemos de varias normas legais que afectan ao anterior, como, de modo xeral, o Estatuto dos Traballadores e, de modo específico, a Lei de Prevención de Riscos Laborais. Tamén outras, como a que afecta ásas persoas con discapacidade, que veremos noutro punto. Na Táboa 5.19 indicamos algúns artigos relevantes das anteriores leis.

Taboa 5.19. Artigos máis relevantes para a prevención de riscos psicosociais das leis do Estatuto dos Traballadores e de Prevención de Riscos Laborais.

Lei do Estatuto dos traballadores
Artigo 19. Seguridade e saúde no traballo. 1. O traballador, na prestación dos seus servizos, terá dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo. 2. O traballador está obrigado a observar no seu traballo as medidas legais e regulamentarias de seguridade e saúde no traballo. 3. Na inspección e control das devanditas medidas que sexan de observancia obrigada polo empresario, o traballador ten dereito a participar por medio dos seus representantes legais no centro de traballo, se non se conta con órganos ou centros especializados competentes na materia a tenor da lexislación vixente. 4. O empresario está obrigado a garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo. O traballador está obrigado a seguir a formación e a realizar as prácticas. Todo iso nos termos sinalados na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e nas súas normas de desenvolvemento, en canto lles sexan de aplicación.

5. Os delegados de prevención e, na súa falta, os representantes legais dos traballadores no centro de traballo, que aprecien unha probabilidade seria e grave de accidente pola inobservancia da lexislación aplicable na materia, requirirán ao empresario por escrito para que adopte as medidas oportunas que fagan desaparecer o estado de risco; se a petición non fose atendida nun prazo de catro días, dirixiranse á autoridade competente; esta, se apreciase as circunstancias alegadas, mediante resolución fundada, requirirá ao empresario para que adopte as medidas de seguridade apropiadas ou que suspenda as súas actividades na zona ou local de traballo ou co material en perigo. Tamén poderá ordenar, cos informes técnicos precisos, a paralización inmediata do traballo se se estima un risco grave de accidente. Se o risco de accidente fose inminente, a paralización das actividades poderá ser acordada polos representantes dos traballadores, por maioría dos seus membros. Tal acordo poderá ser adoptado por decisión maioritaria dos delegados de prevención cando non resulte posible reunir coa urxencia requirida ao órgano de representación do persoal. O acordo será comunicado de inmediato á empresa e á autoridade laboral, a cal, en vinte e catro horas, anulará ou ratificará a paralización acordada.

Lei de Prevención de Riscos Laborais

Artigo 22. Vixilancia da saúde.
1. O empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo. Esta vixilancia só poderá levarse a cabo cando o traballador preste o seu consentimento. Deste carácter voluntario só se exceptuarán, previo informe dos representantes dos traballadores, os supostos nos que a realización dos recoñecementos sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores ou para verificar se o estado de saúde do traballador pode constituír un perigo para o mesmo, para os demais traballadores ou para outras persoas relacionadas coa empresa ou cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigo. En todo caso deberase optar pola realización daqueles recoñecementos ou probas que causen as menores molestias ao traballador e que sexan proporcionais ao risco.
2. As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo respectando sempre o dereito á intimidade e á dignidade da persoa do traballador e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.
3. Os resultados da vixilancia a que se refire o apartado anterior serán comunicados aos traballadores afectados.
4. Os datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores non poderán ser usados con fins discriminatorios nin en prexuízo do traballador. O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ó persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores, sen que poida facilitarse ao empresario ou a outras persoas sen consentimento expreso do traballador. Con todo, o anterior, o empresario e as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención serán informados das conclusións que se deriven dos recoñecementos efectuados en relación coa aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo ou coa necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección e prevención, a fin de que poidan desenvolver correctamente as súas funcións en materia preventiva.
5. Nos supostos en que a natureza dos riscos inherentes ao traballo o faga necesario, o dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde deberá ser

prolongado máis aló da finalización da relación laboral, nos termos que regulamentariamente se determinen.
6. As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.

Todo o anterior faise nas empresas a través do Servizo de Vixilancia da Saúde que se orienta tanto a mellorar a saúde no traballo como as condicións laborais para que as persoas non desenvolvan problemas de saúde. Unha das súas funcións é observar e corrixir condicións de traballo que poidan levar a unha mala saúde, incluída a saúde mental.

En España dispoñemos de varias normas legais que regulan os Servizos de Vixilancia da Saúde. Tamén temos a *"Guía básica e xeneral de orientación das actividades de vixilancia da saúde para a prevención de riscos laborais",* que elabora o Ministerio de Sanidade, a última do ano 2020 (Garcia *et al.,* 2020), a cal orienta, guía e suxire o que hai que facer.

Táboa 5.20. Definición e obxectivos da vixilancia da saúde.

O termo vixilancia da saúde dos traballadores engloba unha serie de actividades, referidas tanto a individuos como a colectividades e están orientadas á prevención dos riscos laborais, cuxos obxectivos xenerais teñen que ver coa identificación de problemas de saúde e a avaliación de intervencións preventivas.

O principal propósito da vixilancia da saúde vai ser comprender mellor o impacto que o traballo ten sobre a saúde dos traballadores, de tal forma que xere información que oriente á toma de decisións para mellorar as condicións de traballo. Por outra banda, a vixilancia debe posibilitar que se identifiquen, tan pronto como sexa posible, os efectos adversos sobre o benestar social, físico e mental, de tal maneira que se poida evitar a progresión cara a un ulterior dano para a saúde máis importante.

Unha parte importante da vixilancia da saúde dos traballadores é a vixilancia das enfermidades, lesións e outros danos de orixe profesional. Consiste na observación sistemática e continua dos episodios relacionados coa saúde na poboación co fin de previr e controlar os riscos profesionais, así como as enfermidades e lesións asociadas a eles.

Fonte: García *et al*. (2020, páx. 16-17).

Na práctica faise unha vixilancia individual e unha vixilancia colectiva da saúde. A primeira sería a vixilancia médica (ex., revisións anuais de saúde) e a colectiva é na que se analizan os riscos e danos que poden atoparse nese posto de traballo ou en toda a empresa (ex., nunha empresa de gases). En todo o anterior hai que seguir tanto as normas legais e sanitarias en vigor (ex., voluntariedade, confidencialidade, ética.), como as excepcións aplicables en certas situacións (ex., obrigatoriedade de certos controis polas específicas condicións de traballo). Así, o art. 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais di que "os recoñecementos son obrigatorios cando sexan imprescindibles para verificar se o estado de saúde do traballador pode constituír un perigo para o mesmo". Isto tamén é aplicable cando o seu estado de saúde pode ser un risco para outros traballadores ou outras persoas.

En relación á saúde mental, é aplicable que o recoñecemento médico previo á contratación laboral en certos postos ou circunstancias, tal como o art. 22 xa citado.

Hoxe é indubidable o papel central que ten na prevención de riscos laborais a vixilancia da saúde das persoas traballadoras, entendida como un instrumento para detectar precozmente efectos adversos derivados da exposición a riscos laborais. Neste sentido hai un esforzo por establecer protocolos específicos de vixilancia da saúde para os riscos psicosociais no traballo como, por exemplo, o Protocolo PSICOVS2023 (Soriano-Tarín *et al.,* 2023). Con todo, o seu carácter voluntario e a confidencialidade limitan a aplicación práctica, especialmente en PEMES, e carece de indicadores claros para avaliar a eficacia a longo prazo. Ademais, debería ampliarse a avaliación ó abordaxe de riscos emerxentes, como o teletraballo, pola súa maior relevancia actual.

5.5. Incapacidade laboral temporal ou permanente e saúde mental

As incapacidades dos traballadores están recollidas na lexislación vixente, como é o Estatuto dos Traballadores, a Lei de Prevención de Riscos Laborais, a Lei da Seguridade Social, xunto a outras normas desenvolvidas a partir das mesmas. Iso vén auspiciado por acordos e normas internacionais, como as de Nacións Unidas ou da Organización Internacional do Traballo.

Pola súa relevancia temos moitas guías sobre a incapacidade laboral (ex., Instituto Nacional da Seguridade Social, 2018; UGT, 2015, 2023). Delas, un apartado sempre está dedicado aos trastornos mentais, onde algúns deles teñen un período longo de tempo de incapacidade.

A Asociación Española de Especialistas en Medicina (Vicente-Herrero *et al.,* 2016) indica algúns aspectos conceptuais relevantes neste tema, como é diferenciar incapacidade de discapacidade, e os seus respectivos graos. Actualmente, esta conceptualización baséase na Clasificación Internacional do Funcionamento da Discapacidade e da Saúde (CIF) da Organización Mundial da Saúde (2001). *Discapacidade* indica os aspectos negativos da interacción entre un individuo, cunha condición de saúde dada, e os factores contextuais (ambientais e persoais). É un termo xenérico, que inclúe deficiencias nas funcións e estruturas corporais, limitacións na actividade e restricións na participación. Do mesmo xeito que o funcionamento, enténdese como unha interacción dinámica entre a condición de saúde e os factores contextuais.

Segundo a CIF, *a enfermidade e a incapacidade* son conceptos distintos que poden ser observados de forma totalmente independente e que non sempre se presentan cunha relación predictora dun con respecto do outro, xa que teñen características independentes. Así, dúas persoas coa mesma enfermidade poden ter diferentes estados funcionais, e dúas persoas co mesmo estado funcional non necesariamente teñen a mesma enfermidade. De modo máis operativo, a *incapacidade* queda referida ó ámbito laboral e circunscríbese ás capacidades dunha persoa para desenvolver un traballo. Pola contra, o tema da *discapacidade* é máis amplo. Non só se refire á capacidade laboral senón tamén ao seu ámbito persoal e social. Por iso é polo que unha mesma persoa pode ter recoñecida unha incapacidade permanente absoluta e unha discapacidade, pero non necesariamente ámbalas situacións van parellas nin teñen por que ter a mesma causa. Esta posibilidade de converxencia fai que en moitos casos os termos mestúrense e utilícense como sinónimos, pero a realidade é outra.

Como din Vicente-Herrero *et al.* (2016), o termo incapacidade pódese definir como a situación sobrevida de forma involuntaria e imprevista que implica unha diminución ou anulación da súa capacidade laboral. O termo oposto, a capacidade, está determinada por aspectos culturais, físicos, educativos, económicos, etc., que limitan a incorporación laboral de todos os individuos a todos os postos de traballo (é dicir, “non

todos podemos realizar todas as tarefas")". Por tanto, a incapacidade refírese á situación que impide desempeñar unha actividade laboral, mentres que a discapacidade se relaciona coa dificultade para desempeñar un rol na vida diaria que sería o normal en función da idade, sexo e factores sociais e culturais.

A nosa lexislación considera a existencia da incapacidade temporal e da incapacidade permanente, diferenciando nesta última os tipos de parcial, total, absoluta e gran invalidez.

En relación á saúde mental, xa o estudo de Vaqueiro *et al.* (2011) indicaba que o principal motivo de incapacidade temporal en España de longa duración é, tanto en homes como en mulleres, a patoloxía osteomioarticular, seguido en homes de lesións e traumatismos, e en mulleres por patoloxías de complicacións do embarazo. A terceira causa en ámbolos sexos son os trastornos mentais, máis frecuentes en mulleres que en homes, predominando os trastornos do estado de ánimo e os de ansiedade. Calcúlase que un 6,5% das baixas débense a trastornos mentais, cun 15,4% do total de días de baixa por continxencia común nas persoas traballadoras (17% en mulleres, 12,4% en homes), en datos de 2021. Nese mesmo ano a media de duración temporal da baixa era de 98 días (FREMAP, 2022). A OIT calcula que o custo dos problemas de saúde mental sitúase entre o 3 e o 4% do PIB da UE. Algúns dos trastornos mentais como a depresión, o trastorno bipolar, algúns trastornos de ansiedade, a esquizofrenia, o alcoholismo ou o trastorno límite da personalidade, poden levar a unha incapacidade permanente absoluta. As persoas con trastornos mentais graves teñen moitas dificultades para incorporarse ao traballo e, cando o fan, adoitan ter postos de menos responsabilidade (Allande-Cussó *et al.,* 2022).

Como se comentou no capítulo 3, o estudo "*Saúde mental e traballo. Diagnóstico da situación"* do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde dos Traballadores (2023), onde repasaban as enquisas feitas en España sobre esta temática, indicaba que este problema é hoxe importante e que hai que tomar medidas para que non siga crecendo, como vén facendo nos últimos anos dende a pandemia do covid-19 que fixo aflorar moitos trastornos mentais.

Destacamos finalmente o informe da Asociación Española de Directores de Recursos Humanos (Saura *et al.,* 2023), onde repasan a situación da saúde mental en España, a súa incidencia no ámbito laboral, as baixas que ocasiona (o 14,3% de todas as baixas laborais no ano 2021), xunto ao seu custo. Propoñen varias medidas que se poden aplicar desde as empresas, como psicoeducación, avaliación frecuente sobre o estado emocional, servizo de psicoloxía e telepsicoloxía, valoración psicofísica nos exames de saúde dos traballadores e programas de mindfulness. Tamén describen exemplos de boas prácticas en empresas baseadas no anterior.

5.6. Persoas con discapacidade e saúde mental

Existen diferentes definicións de discapacidade, pero, xeralmente, faise referencia a unha deficiencia física, mental ou sensorial, xa sexa de natureza permanente ou temporal, que limita a capacidade de exercer unha ou máis actividades esenciais da vida diaria, que pode ser causada ou agravada pola contorna económica e social. Segundo a nosa lexislación, sería unha situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais (ex., Lei 6/2022 dos Dereitos das Persoas con Discapacidade e Inclusión social; Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, 2022; ou o Real Decreto 1/2013 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con

discapacidade e da súa inclusión social). Na nosa normativa considéranse varios tipos de discapacidade: do desenvolvemento (ex., linguaxe), físicas (ex., ausencia de funcións motoras), intelectuais (ex., discapacidade intelectual) ou orgánicas (perda de funcionalidade dalgúns órganos, ex., fibrose quística). Outras clasificacións, como a norteamericana (CDC, 2020) consideran as discapacidades relacionadas coa visión, o movemento, o razoamento, a memoria, a aprendizaxe, a comunicación, a audición, a saúde mental e as relacións sociais.

As normativas existentes en España sobre discapacidade (sobre todo o Real Decreto 1/2013 e Lei 6/2022 dos Dereitos das Persoas con Discapacidade e Inclusión social, e os seus desenvolvementos posteriores), son froito das convencións e acordos internacionais dos últimos anos. Así, destaca a Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, aprobada en 2006, pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, outras posteriores, e a recente Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, de Nacións Unidas (2024). O seu obxectivo é preservar e facer explícitos os dereitos destas persoas, garantindo o seu dereito á actividade profesional e ao traballo (sen discriminación), así como ao goce do resto de dereitos sociais como un cidadán máis.

Dentro da discapacidade, desde hai anos vénse prestando unha especial atención á discapacidade intelectual e á presenza nestas persoas de trastornos mentais asociados, tanto en nenos como adolescentes e adultos (ex., Martorell *et al.,* 2011; Verdugo e Martorell, 2009). O certo é que estas persoas sofren igual ou maior número de trastornos mentais que as persoas sen esta discapacidade, sendo con frecuencia infradiagnosticados (Bouras e Holt, 2004). Estímase que entre o 20 e 40% das persoas con discapacidade cognitiva teñen un trastorno mental asociado (Morentín *et al.,* 2021). É un colectivo especialmente vulnerable e cun importante estigma. Por exemplo, as mulleres con discapacidade intelectual teñen entre 2 e 4 veces máis probabilidades de sufrir violencia nunha relación íntima que as mulleres sen discapacidade (OMS, 2023). Isto incide na súa saúde física, mental e equilibrio emocional.

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (Nacións Unidas, 2024) esixe aos Estados que garantan que as persoas con discapacidade teñan acceso á mesma atención de saúde gratuíta ou a prezos asumibles e da mesma variedade e calidade que as demais persoas. A inclusión das persoas con discapacidade é hoxe un aspecto fundamental para lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e facer realidade unha saúde para todos.

5.7. O tratamento dos problemas de saúde mental

O tratamento dos problemas de saúde mental que un traballador pode presentar realizarase por parte dos recursos dispoñibles no Sistema Nacional de Saúde, o SERGAS en Galicia, ou naqueles outros lugares ou servizos que dispoña a empresa. Aspectos relevantes neste ámbito son o tempo de duración do tratamento e a adecuada reincorporación ao posto de traballo unha vez finalizada a incapacidade laboral temporal.

Nun capítulo posterior verase cumpridamente como están organizados os servizos de saúde mental para a atención aos problemas de saúde mental en Galicia.

5.8. Como mellorar a saúde mental na contorna laboral

Sabemos que a contorna laboral pode ser unha fonte de satisfacción, pero tamén de problemas. Hai factores que facilitan ter unha mellor saúde mental, como é estar satisfeito co traballo. Aínda que a relevancia da saúde mental está hoxe na axenda social,

incluída a laboral, isto non se operativizou de forma práctica para poder detectar, axudar e tratar a estas persoas, sobre todo nos seus estadios iniciais.

Un dos factores clásicos vinculados coa mala saúde mental e co xurdimento de problemas, patoloxías e enfermidades físicas, é o estrés laboral. De aí a necesidade de ter programas específicos no campo laboral para reducilo. A empresa pode ser un lugar de especial interese para a implementación de programas preventivos dirixidos ao manexo do estrés e a outras problemáticas frecuentes, como a redución do consumo de alcol, tabaco e outras drogas ou mellorar as habilidades para afrontar distintas situacións laborais, persoais ou familiares. Na Táboa 5.20 indícase un exemplo acerca da idoneidade do lugar de traballo como espazo para realizar prevención de problemas co consumo de alcol.

Outros problemas que nos últimos anos están a ser foco de atención no mundo laboral son o *mobbing* (acoso moral, acoso psicolóxico), o *burnout* (síndrome de estar queimado polo traballo), a problemática do traballo a quendas, o teletraballo e a ergodependencia (estrés que sofre o traballador polo seu tipo de emprego que lle obriga a facer unha actividade tan intensa que non pode descansar adecuadamente durante longos períodos de tempo) (Díaz, 2012).

Outro aspecto para ter en conta é a preocupación que o traballador pode ter respecto a demandar tratamento por problemas de saúde mental cando o precisa, en canto ao que dirán, ao estigma ou mesmo a que poida perder o posto de traballo, a pesar de estar protexido pola normativa existente. Igualmente, é preciso ter en conta o proceso de incorporación laboral despois de ter un problema de saúde mental. Facilitar esta incorporación, levará a unha mais rápida recuperación, adaptándose mellor ao posto de traballo e a evitar recaídas. En todo iso o Servizo de Vixilancia da Saúde ten unha gran importancia e un papel central.

O que está claro é que o lugar de traballo é un lugar idóneo para facer a prevención de enfermidades e de trastornos mentais (ver Táboa 5.20).

Táboa 5.20. O lugar de traballo e a súa idoneidade para a prevención.

O lugar de traballo ofrece varias oportunidades para implementar estratexias de prevención para reducir o dano causado polo alcol, xa que a maioría dos adultos están empregados e botan unha parte importante do seu tempo no traballo. O lugar de traballo tamén pode ser un factor de risco para o consumo nocivo de alcol. Moitos estudos atoparon asociacións significativas entre o estrés no lugar de traballo e elevados niveis de consumo de alcol, un maior risco de problemas coa bebida e dependencia do alcol. A evidencia atopou que o alcol, e en particular o consumo excesivo de alcol, aumenta o risco de desemprego e, para os que traballan, de absentismo. O consumo de alcol, especialmente o consumo excesivo episódico, aumenta o risco de chegar tarde ao traballo e saír antes do mesmo ou de suspensión disciplinaria, o que leva á perda de produtividade; unha maior rotación por morte prematura; problemas disciplinarios; roubo e outros delitos; pobres relacións cos compañeiros de traballo e baixa moral global na empresa. Os estudos suxiren que o consumo de alcol pode ter máis efectos sobre a produtividade no traballo que sobre o número de días perdidos. Os custos da perda de produtividade é o elemento dominante nos estudos dos custos sociais, representando aproximadamente o consumo de alcol a metade do custo social total na UE.

Fonte: Anderson (2013, páx. 1).

As leis sinaladas previamente céntranse tanto no réxime sancionador (especialmente o artigo 54, 2f do Estatuto dos Traballadores, e o artigo 25, 1 da Lei de Riscos Laborais) (ver Táboa 5.22) como en aspectos da prevención, o tratamento e a rehabilitación. Á súa vez, hai normativas específicas, moi restritivas por cuestións de seguridade, en certos sectores laborais onde a persoa non pode consumir alcol ou drogas dado que ten que estar en condicións físicas e psíquicas adecuadas (ex., no transporte) (Westreich, 2016).

Táboa 5.22. Artigos relevantes que afectan ós traballadores en relación ao consumo de alcol e drogas do Estatuto dos Traballadores e da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Estatuto dos traballadores, artigo 54, 2 f

Artigo 54. Despedimento disciplinario.

1. O contrato de traballo poderá extinguirse por decisión do empresario, mediante despedimento baseado nun incumprimento grave e culpable do traballador.

2. Consideraranse incumprimentos contractuais:

a) As faltas repetidas e inxustificadas de asistencia ou puntualidade ao traballo.

b) A indisciplina ou desobediencia no traballo.

c) As ofensas verbais ou físicas ao empresario ou ás persoas que traballan na empresa ou aos familiares que convivan con eles.

d) A transgresión da boa fe contractual, así como o abuso de confianza no desempeño do traballo.

e) A diminución continuada e voluntaria no rendemento de traballo normal ou pactado.

f**)** *A embriaguez habitual ou toxicomanía se repercuten negativamente no traballo.*

g) O acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou convicción, discapacidade, idade ou orientación sexual e o acoso sexual ou por razón de sexo ao empresario ou ás persoas que traballan na empresa.

Lei de Riscos Laborais, artigo 25, 1

Artigo 25. Protección de traballadores especialmente sensibles a determinados riscos.

1. O empresario garantirá de maneira específica a protección dos traballadores que, polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, incluídos aqueles que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo. A tal fin, deberá ter en conta estes aspectos nas avaliacións dos riscos e, en función destas, adoptará as medidas preventivas e de protección necesarias.

Os traballadores non serán empregados naqueles postos de traballo nos que, a causa das súas características persoais, estado biolóxico ou pola súa discapacidade física, psíquica ou sensorial debidamente recoñecida, poidan eles, os demais traballadores ou outras persoas relacionadas coa empresa poñerse en situación de perigo ou, en xeral, cando se atopen manifestamente en estados ou situacións transitorias que non respondan as esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo.

2. Igualmente, o empresario deberá ter en conta nas avaliacións os factores de risco que poidan incidir na función de procreación dos traballadores e traballadoras, en particular pola exposición a axentes físicos, químicos e biolóxicos que poidan exercer efectos mutaxénicos ou de toxicidade para a procreación, tanto nos aspectos

da fertilidade, como do desenvolvemento da descendencia, con obxecto de adoptar as medidas preventivas necesarias.

Enfoques teóricos como a teoría de demandas e recursos laborais (JDR), o modelo transaccional do estrés ou a teoría da conservación de recursos (COR) revalorizan o papel dos recursos persoais e laborais (como a autoeficacia, o apoio social ou o sentido do propósito) e orientan moitas intervencións cara ao individuo, especialmente con técnicas como as de ámbito da xestión do estrés, o mindfulness, a resiliencia ou o benestar. Pero, paralelamente, desprazan o foco dos factores estruturais ou colectivos (por exemplo, carga de traballo, ambigüidade de rol, inxustiza organizativa) e chocan, en certa medida, co marco normativo europeo, que prioriza a eliminación ou redución do risco na súa orixe, a intervención colectiva e a adaptación do traballo á persoa (Art. 15 da LPRL e Directiva 89/391/EEC). Paradoxalmente, as revisións sobre a eficacia das intervencións organizativas obteñen resultados, nalgúns casos, desalentadores (Kröll *et al.,* 2017; Richardson e Rothstein, 2008).

O absentismo laboral por incapacidade temporal en España presenta unha alta concentración nun pequeno grupo de persoas traballadoras. En concreto, nun amplo estudo nacional das baixas, atoparon que o 16,6% do total de persoas empregadas do Réxime Xeral acumulou o 69,6% dos procesos de baixa e o 64,5% das xornadas perdidas en 2023. Ademais, en cinco anos houbo un incremento do 55% na proporción de traballadores reincidentes (Peiró *et al.,* 2025). Isto introduce retos estruturais para a xestión da saúde ocupacional.

Do mesmo xeito, hai un novo fenómeno que é a dificultade para cubrir vacantes en determinados sectores. Isto implica, cando hai unha vacante ou unha baixa, unha intensificación da carga laboral para o resto do persoal, en moitos casos ante a imposibilidade de cubrir tal praza, o que pode agravar os riscos psicosociais pre-existentes, como tamén os problemas de saúde mental incipientes ou ben precipitalos.

Referencias

Allande-Cussó , R., García-Iglesias, J. J., Fagundo- Rivera, J., Navarro-Abal, Y., Climent-Rodríguez, J. A. e Gómez-Salgado, J. (2022). Salud mental y trastornos mentales en los lugares de trabajo. *Revista Española de Salud Pública, 96*, e1-11.

Anderson, P. (2013). *Alcohol in the workplace*. World Health Organization En: https://www.euro.who.int/__data/assets/pdf_file/0009/191367/8-Alcohol-and-the-workplace.pdf).

Becoña, E. (2023). *Guía de buenas prácticas y calidad en la prevención de las drogodependencias y las adicciones*. Ministerio de Sanidad, Delegación de Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas. En: https://pnsd.sanidad.gob.es/profesionales/publicaciones/catalogo/catalogoPNSD/publicaciones/pdf/2023_Becona_GuiaBuenasPracticasCalidad_PrevDrogasAdicciones.pdf

Bouras, N. e Holt, G. (2004). Mental Health Services for adults with learning disabilities. *British Journal of Psychiatry, 184*, 291-292.

Burdorf, A., Fernandes, R. C. e Robroek, S. J. (2023). Health and inclusive labour force participation. *Lancet, 402(10410)*, 1382-1392.

CDC (2020). *Las discapacidades y la salud*. Centro Nacional de Defectos Congénitos y Discapacidades de Desarrollo de los CDC. Centros para el Control y la Prevención de Enfermedades. En https://www.cdc.gov/ncbddd/spanish/disabilityandhealth/disability.html

Cambrero, D., Díez, M. A., Gómez, S., Hernández, N. e Molinos, R. (2017). *Buenas Prácticas. Promoción de la salud mental en entornos laborales*. Feafes Valladolid "El Puente".

CIG Saúde Laboral (2021). A problemática da saúde mental. Unha pandemia que xa está entre nós. *CIG Saúde Laboral, n. 42*. En: https://www.cigsaudelaboral.org/files/documentos/ARTIGO%201%20Boletin%20CIG%20Saude%20Laboral%20N%2042%20Version%20galego.pdf

Collantes, M. P. Marcos, J. I. e Velázquez, M. (Eds.) (2012). *La salud mental de las y los trabajadores*. La Ley, Grupo Wolters Kluwer España. En: https://www.euskadi.eus/contenidos/libro/medicina_201320/eu_saludmen/adjuntos/salud_mental_trabajadores.pdf

Confederación Salud Mental España (2021). *Guía. La importancia de la salud mental para el bienestar laboral. Trabajar sin máscaras. Emplear sin barreras*. Confederación Salud Mental España. En: https://consaludmental.org/centro-documentacion/importancia-salud-mental-bienestar-laboral/

Consejo Económico y Social de España [CES] (2024). *El sistema sanitario: Situación actual y perspectivas para el futuro*. Consejo Económico y Social de España. En: https://www.ces.es/documents/10180/5299170/INF_012024.pdf

Deloitte (2022). *Mental health and well-being in the workplace*. UK, Deloitte. En https://gx-mental-health-2022-report-noexp.pdf

Departamento de Investigación e Información (INSST) (2023). *Salud mental y trabajo*. Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo, Ministerio de Trabajo y Economía Social. En: https://www.insst.es/documents/94886/5326464/Salud+Mental+y+Trabajo+2023.pdf/9a0163c8-e840-0b47-ea05-dc4e46e866ab?t=1687776097872

Díaz, J. J. (2012). Psicopatología relacionada con alteraciones por quebrantamiento en la organización del trabajo. *Revista de Estudios Jurídicos Laborales y de la Seguridad Social, 2,* 141-151.

Díaz, M. P., Matulié, M. V., Zueras, I. V. e Renom, M. A. (2023). Discapacidad y salud mental: retos pendientes. *Alimara,* 97-105.

FEAPS (2020). *Trastornos de salud mental en las personas con discapacidad intelectual. Declaración FEAPS e Informe Técnico*. Federación Española de Organizaciones en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual.

Federación Salud Mental Castilla y León (2021). *Guía de adaptaciones y buenas prácticas.*

Salud mental y bienestar en el trabajo. Federación Salud Mental Castilla y León. En: https://saludmentalcyl.org/wp-content/uploads/2022/06/FSMCYL_GuiaBuenasPracticasSaludMentalBienestarTrabajo_AF-1.pdf

Federación Salud Mental Comunidad Valenciana (2033). *Salud mental en el entorno laboral*. Federación Salud Mental Comunidad Valenciana. En: https://www.consaludmental.org/publicaciones/Guia-Salud-Mental-Entorno-Laboral.pdf

Frank, J., Mustard, C., Smith, P., Siddiqi, A., Cheng, Y., Burdorf, A. e Rugulies, R. (2023). Work as a social determinant of health in high-income countries: past, present, and future. Lancet, *402(10410)*, 1357-1367.

FREMAP (2022). *Observatorio de Salud. Estudio de la evolución de los "trastornos mentales y del comportamiento" en la incapacidad temporal"*. FREMAP. En: https://gestionit.fremap.es/Documents/pdf/informeTMC-REV0.pdf

FSC-CCOO de Madrid (2022). *Plan para la protección de la salud mental en el entorno laboral*. FSC-CCOO. En: https://madrid.fsc.ccoo.es/035f4ed78a719b833d008879f60787b1000050.pdf

García, M., Esteban, V., Gallo, M., Artieda, L. e Guzmán, A. (2020). *Vigilancia de la salud para la prevención de riesgos laborales. Guía básica y general de orientación*. Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. En: https://www.sanidad.gob.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/docs/guiavigisalud.pdf

Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo (INSST) (2023). *Salud mental en el trabajo. Diagnóstico de la situación*. Servicio de Ediciones y Publicaciones del INSST. En: https://www.insst.es/documentacion/material-tecnico/documentos-tecnicos/salud-mental-y-trabajo-2023

Instituto Nacional de la Seguridad Social (2018). *Manual de tiempos óptimos de incapacidad temporal, 4ª edición*. Ministerio de Empleo y de Seguridad Social, Instituto Nacional de la Seguridad Social. En: https://www.seg-social.es/wps/wcm/connect/wss/d24cc76a-e1f4-49b6-b36f-fb8fc00a32a7/Manual+Tiempos+%C3%93ptimos+IT_Castellano_v4.0_+Accesibilidad.pdf?MOD=AJPERES

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia [ISSGA] (2023). *Patologías non traumáticas e danos psicolóxicos. Galicia. 2013-2022*. ISSGA. En: https://issga.xunta.gal/es/observatorio/patologias-no-traumaticas-y-danos-psicologicosgalicia2013-2022

Kröll, C., Doebler, P. e Nüesch, S. (2017). Meta-analytic evidence of the effectiveness of stress management at work. *European Journal of Work and Organizational Psychology, 26(5),* 677-693.

Leka, S. e Cox, T. (2008). *The European framework for psychosocial risk management: PRIMA-EF*. Institute of Work, Health and Organizations. En: http://www.prima-ef.org/uploads/1/1/0/2/11022736/prima-ef_ebook.pdf

Leonardi, P. M., Parker, S. H. e Shen, R. (2024). How remote work changes the world of work. *Annual Review of Organizational Psychology and Organizational Behavior, 11(1),* 193-219.

Martorell, A., Ayuso, J. L., Salvador-Carulla, L., Tamarit, J. e Zabalegui, M. (2011). *Discapacidad intelectual y salud mental. Guía práctica*. Fundación Pardo-Valcarce y Comunidad de Madrid.

Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 (2022). *Estrategia española sobre discapacidad 2022-2030 para el acceso, goce y disfrute de los derechos humanos de las personas con discapacidad. Aprobada por Consejo de Ministros de 3 de mayo de 2022*.

Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, Secretaria General Técnica y Centro de Publicaciones. En: https://www.mdsocialesa2030.gob.es/derechos-sociales/discapacidad/docs/estrategia-espanola-discapacidad-2022-2030-def.pdf

Ministerio de Sanidad (2022a). *Estrategia de salud mental del Sistema Nacional de Salud. Período 2022-2026*. Ministerio de Sanidad.

Ministerio de Sanidad (2022b). *Plan de Acción de Salud Mental, 2022-24. Estrategia Salud*

Mental del SNS. Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/PLAN_ACCION_SALUD_MENTAL_2022-2024.pdf

Montes, C., Copa, M. J., Ferrón, L., Garabito, M., Lorenzo, M. N. e Sousa, E. (2023). *Caminando desde la prevención al bienestar laboral: riesgos psicosociales y salud en el trabajo*. Instituto de Seguridad y Salud Laboral de Galicia, Consellería de Emprego, Comercio y Emigración, Xunta de Galicia. En: https://issga.xunta.gal/sites/default/files/biblioteca/documentos/Riesgos%20Psicosociais%20CAST%20pliegos.pdf

Morentín, R., Redondo, C., Arias, B. e Rodríguez, J. (2021). *Personas con discapacidad intelectual y alteraciones de la salud mental: Prevalencia y principales características*. Plena Inclusión Castilla y León.

Naciones Unidas (2024). *Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad.* Naciones Unidas. En: https://documents.un.org/doc/undoc/gen/n24/083/45/pdf/n2408345.pdf

National Safety Council (2020). *Safer. Safe actions for employee returns. Mental health and the workplace*. National Safet Council. En: https://www.nsc.org/workplace/safety-topics/safer/mental-health-and-wellbeing

Op de Broek, R., Van Den Broek, K. e De Meyer, S. (2009). Mental health promotion. En T.Haratau e R. Wynne (Eds.), *Workplace health promotion: Definition, methods and techniques*. Romtens Foundation.

OMS (2001). CIF. *Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud Versión abreviada*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Secretaría de Estado de Servicios Sociales, Familias y Discapacidad. Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO). En: https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/43360/9241545445_spa.pdf

OMS (2023). *Discapacidad.* En: https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/disability-and-health

Organización Panamericana de Salud [OPS] (2024). *Salud para todos: transformar la economía para que proporcione lo que importa. Informe final del Consejo sobre Aspectos Económicos de la Salud para Todos de la OMS*. Organización Panamericana de la Salud, Organización Mundial de la Salud. En: https://iris.paho.org/handle/10665.2/59577

Peiró, J. M., Goerlich, F. J., Serrano, L., Mínguez, C., Pascual, F., Davcheva, M., Mesa, J. M. e Villalba, S. (2025). *Nota breve 5: Estudio sobre la incapacidad temporal y siniestralidad*. Umivale Activa e Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas (Ivie). En: https://umivaleactiva.es/dam/umivale-activa/absentismo-y-competitividad/Notas-breves_Umivale_Activa_IVIE-5.pdfUmivale

Richardson, K. M. E e Rothstein, H. R. (2008). Effects of occupational stress management intervention programs: A meta-analysis. *Journal of Occupational Health Psychology, 13(1)*, 69–93.

Rugulies, R., Aust, B., Greiner, B. A., Arensman, E., Kawakami, N., LaMontagne, A. E e Madsen, I. E. H. (2023). Work-related causes of mental health conditions and interventions for their improvement in workplaces. *Lancet*, *402*(10410), 1368–1381.

Os *trastornos neurocognitivos* son problemas ou déficits que afectan ao funcionamento mental e que xorden despois de que a persoa alcanzou un nivel de desenvolvemento cognitivo normal. Isto significa que estes trastornos non están presentes desde o nacemento nin se desenvolven durante a infancia (eses serían os trastornos do neurodesenvolvemento, como o autismo). Neles, a persoa experimenta unha diminución nas súas capacidades mentais en comparación co seu nivel previo. Aínda que noutros problemas mentais (como a esquizofrenia ou o trastorno bipolar) tamén poden aparecer problemas cognitivos, nos trastornos neurocognitivos estes problemas son o síntoma principal. Cando é posible identificar a causa e orixe dun trastorno neurocognitivo, esa información debe rexistrarse e clasificarse por separado. Entre os mesmos están o delirium, o trastorno neurocognitivo leve e o trastorno amnésico.

O *delirium* é un trastorno no que a persoa ten problemas para prestar atención e estar consciente do que está a suceder ao seu redor. Estes problemas aparecen de maneira rápida e adoitan cambiar ao longo do día. Ademais da dificultade para concentrarse e orientarse, poden xurdir outros problemas mentais, como fallos de memoria, desorientación, problemas de linguaxe ou dificultades para entender o que ve ou percibe. É común que o delirium veña acompañado de alteracións no soño: a persoa pode durmir pouco, ou mesmo ter o soño cambiado (estar esperto de noite e durmir de día). Este cadro débese xeralmente a unha enfermidade física (ex., infeccións) ou para os efectos de substancias ou medicamentos, e non é un trastorno mental en si mesmo. Tamén é común que o delirium prodúzase por unha combinación de factores, como enfermidades físicas xunto con efectos de drogas ou fármacos.

O *trastorno neurocognitivo leve* ocorre cando unha persoa nota unha diminución na súa capacidade mental comparado co seu nivel anterior, e esta diminución confírmase con probas obxectivas. Aínda que se observan dificultades nunha ou máis áreas cognitivas (como memoria, atención ou linguaxe), estes cambios non afectan de maneira severa a súa independencia na vida cotiá. É dicir, a persoa pode seguir realizando as súas actividades diarias, aínda que cun pouco máis de esforzo. Esta diminución non se debe só ao envellecemento normal, senón que pode ser causada por factores específicos como enfermidades do cerebro, lesións, infeccións, ou o consumo prolongado de certas substancias, aínda que ás veces a causa non está clara.

O *trastorno amnésico* é unha condición na que unha persoa sofre unha perda de memoria significativa en comparación co esperado para a súa idade e nivel de capacidade mental, e esta perda é moito máis intensa que calquera outra dificultade cognitiva. Este trastorno móstrase principalmente na incapacidade de aprender nova información ou lembrar cousas que antes sabía, aínda que a persoa se atopa consciente e sen outros problemas mentais xeneralizados. Nestes casos, a memoria recente adoita verse máis afectada que os recordos afastados, e aínda pode lembrar cousas a curto prazo (de inmediato). Este problema de memoria xeralmente débese a unha causa neurolóxica como unha lesión, infección ou enfermidade en áreas específicas do cerebro, ou ao uso prolongado de certas substancias ou medicamentos.

A *demencia* é unha síndrome cerebral adquirida que se caracteriza por unha diminución con respecto a un nivel previo de funcionamento cognitivo con deterioro en dúas ou varios dominios cognitivos (como a memoria, as funcións executivas, a atención, a linguaxe, a cognición social e o xuízo, a velocidade psicomotora, as capacidades visuoperceptuales ou visuoespaciales). O deterioro cognitivo non é totalmente atribuíble ao envellecemento normal e interfire significativamente coa independencia no desempeño da persoa das actividades da vida diaria. Hai varios tipos de demencia (ex., Alzheimer, corpos de Lewy, frontotemporal, Párkinson, Huntington).

Tamén se consideran os *trastornos mentais ou do comportamento asociados co embarazo, o parto ou o período posparto (puerperio).* Inclúen síndromes que adoitan aparecer durante o embarazo ou nas primeiras seis semanas despois de dar a luz. Estes trastornos poden implicar síntomas importantes a nivel mental e condutual. Se os síntomas compren os criterios dun trastorno mental específico, como depresión ou trastorno bipolar, tamén debe engadirse ese diagnóstico. Nestes casos, os síntomas poden presentarse de dúas formas: con ou sen síntomas psicóticos.

Cando non hai síntomas psicóticos, a persoa experimenta principalmente síntomas depresivos, como tristeza intensa, perda de interese nas actividades ou falta de enerxía. Nestes casos non hai presenza de delirios nin de alucinacións. É importante distinguir esta síndrome da "tristeza posparto", unha reacción emocional leve e temporal que moitas

mulleres experimentan despois do parto e que non cumpre cos criterios para un trastorno depresivo.

Cando os síntomas inclúen características psicóticas, a persoa presenta delirios, alucinacións ou outros síntomas graves deste tipo. Os delirios son crenzas firmes e infundadas que non cambian, aínda que se presenten probas na súa contra. Por exemplo, unha persoa pode crer firmemente que alguén quere facerlle dano ou que o seu bebé está en perigo, sen que haxa evidencia diso. As alucinacións, que tamén poden presentarse nesta síndrome, implican percibir estímulos que non existen, como escoitar voces. Xunto con estes síntomas psicóticos, adoitan presentarse tamén alteracións do estado de ánimo, xa sexa en forma de episodios depresivos profundos ou de fases maníacas, nas que a persoa pode experimentar unha enerxía excesiva ou unha sensación de grandeza.

Tamén se consideran *síndromes secundarios mentais ou do comportamento asociados con enfermidades ou trastornos clasificados noutra parte*. Aparecen cando certos síntomas psicolóxicos ou condutuais xorden como consecuencia directa dunha condición médica, e non como parte dun trastorno mental principal. Estes síntomas, que inclúen desde problemas do desenvolvemento e síntomas psicóticos ata alteracións no estado de ánimo, a ansiedade, o control de impulsos e a personalidade, requiren atención clínica adicional, ademais do tratamento para a enfermidade que os provoca. Entre os tipos de síndromes secundarias atópanse os relacionados co neurodesenvolvemento, os psicóticos, os de estado de ánimo (como síntomas depresivos ou maníacos), os de ansiedade, os obsesivo-compulsivos, os disociativos, e os de catatonía, entre outros.

Aínda que o CIE-11 inclúe nun capítulo independente os *trastornos do soño-vixilia*, estes teñen unha gran relevancia na clínica, ben aparezan sos, ou como síntoma doutros trastornos (ex., no trastorno depresivo). Entre os devanditos trastornos destaca o insomnio. O motivo de incluílos aparte é porque na actual versión do CIE-11 inclúen varios trastornos que antes estaban nos capítulos do sistema respiratorio, do sistema nervioso e dos trastornos mentais e do comportamento. Dentro dos trastornos do soño e vixilia inclúen os trastornos de insomnio, de hipersomnolencia, respiratorios relacionados co soño do ritmo circadiano do soño e a vixilia, do movemento relacionados co soño e a parasomnia.

Por exemplo, no insomnio distinguen entre o insomnio crónico, o insomnio de curta duración e o trastorno de soño sen especificación. En España o insomnio crónico afecta ao 14% da poboación, e un 43% ten síntomas do insomnio (Mur de Viu *et al.*, 2024). Na clínica é un trastorno amplamente asociado a varios trastornos mentais. Caracterízase porque a cantidade e/ou calidade de soño é insatisfactoria, durante polo menos 3 días á semana, que persiste 3 ou máis meses, con dificultade para conciliar o soño, manterse durmido ou con espertar final temperán. A prevalencia é maior en mulleres e aumenta coa idade, con altas prevalencias en persoas anciás.

Referencias

Agencia de Evaluación de Tecnologias Sanitarias de Andalucía [AETSA] (2018). *Guías de prácticas clínica sobre trastorno mental grave*. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Andalucía.

Druss, B. G., Chwastiak, L., Kern, J., Parks, J. J., Ward, M. C. e Raney, L. E. (2018). Psychiatry's role in improving the physical health of patients with serious mental illness: A report from the American Psychiatric Association. *Psychiatric Services, 69(3),* 254-256.

Gonzalez, A. I., Seijo, N., Díaz, J. C., Lopez, E. e Santed, M. A. (2020). Revisiting the concept of severe mental illness: severity indicators and healthcare spending in psychotic, depressive and dissociative disorders. *Journal of Mental Health, 29(6)*, 670–676.

Grupo de Trabajo de la Guía de Práctica Clínica de Intervenciones Psicosociales en el Trastorno Mental Grave [Grupo de Trabajo TMG] (2009). *Guía de Práctica Clínica de Intervenciones Psicosociales en el Trastorno Mental Grave*. Plan de Calidad para el Sistema Nacional de Salud del Ministerio de Sanidad y Política Social. Instituto Aragonés de Ciencias de la Salud.

Mur de Viu, C., Romero, O., Olivares, J. M., Olmo, V., Agüera, L. e Poza, J. J. (2024). Abordaje clínico-práctico personalizado del paciente adulto con insomnio crónico en el contexto sanitario español. Alianza por el sueño. En: https://www.sefac.org/system/files/2024-06/P23-464_Idorsia_Alianza-por-el-sueno_Recomendaciones-Insomnio_v5.pdf

Ruggeri, M., Leese, M., Thornicroft, G., Bisoffi, G. e Tansella, M. (2000). Definition and prevalence of severe and persistent mental illness. *British Journal of Psychiatry, 177,* 149–155.

World Health Organization (2024). *Clinical descriptions and diagnostic requirements for ICD-11 mental, behavioural and neurodevelopmental disorders*. World Health Organization. En: https://www.who.int/publications/i/item/9789240077263

Capítulo 8
A atención á saúde mental en Galicia

8.1. O Sistema Sanitario Público e os seus dispositivos asistenciais
- 8.1.1. A demanda da saúde mental en Atención Primaria
  - 8.1.1.1. Equipos de atención primaria
  - 8.1.1.2. Servizos de urxencias/Puntos de Atención Continuada (PAC)
  - 8.1.1.3. Manexo dos principais problemas de saúde mental nas consultas de Atención Primaria
- 8.1.2. A atención especializada en Saúde Mental
  - 8.1.2.1. Programa de Enlace Atención Primaria-Hospitalaria
  - 8.1.2.2. Urxencias de Psiquiatría
    - 8.1.2.2.1 O programa Acougo
  - 8.1.2.3. Unidade de Saúde Mental de Adultos (USM)
  - 8.1.2.4. Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil (USM IX)
    - 8.1.2.4.1. Unidade de Atención Temperá
  - 8.1.2.5. Unidade de Psicoxeriatría
  - 8.1.2.6. Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Adultos (Breve)
  - 8.1.2.7. Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil
  - 8.1.2.8. Hospital de Día de Adultos
  - 8.1.2.9. Hospital de Día Infanto-Xuvenil
  - 8.1.2.10. Unidade Hospitalaria de Rehabilitación Psiquiátrica
    - 8.1.2.10.1. Unidade de Media Estancia (Subagudos, Rehabilitación Psiquiátrica, Coidados de Rehabilitación)
    - 8.1.2.10.2. Unidade de Longa Estancia ou Unidade de Coidados Especiais de Rehabilitación
  - 8.1.2.11. Programa de Hospitalización Psiquiátrica a Domicilio
  - 8.1.2.12. Unidade de Continuidade de Coidados
  - 8.1.2.13. Programa de Atención Sociosanitaria
  - 8.1.2.14. Programa de Interconsulta e Enlace Hospitalario en Psiquiatría
  - 8.1.2.15. Centros de Orientación Familiar (COF)
  - 8.1.2.16. Programas específicos (autismo, primeiros episodios psicóticos, disforia de xénero)
  - 8.1.2.17. Unidade de Prevención de Condutas Suicidas
  - 8.1.2.18. Unidade de Trastornos da Conduta Alimentaria
  - 8.1.2.19. Unidade de Apoio Socio-Comunitario para a Atención ao Trastorno Mental Grave (pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais)

8.2. A Rede de Trastornos Adictivos de Galicia
8.3. A atención privada á saúde mental: desde as consultas privadas á atención hospitalaria
8.4. A atención prestada polas asociacións de saúde mental
8.5. Papel dos familiares e coidadores dos pacientes con trastornos mentais
8.6. As persoas con trastornos mentais que non buscan axuda
Referencias

8.1. O sistema público e os seus dispositivos asistenciais

En Galicia, como no resto de España, a atención sanitaria é predominantemente pública. En Galicia realízase a través de Servizo Galego de Saúde (SERGAS), dado que as competencias sanitarias están transferidas á Comunidade Autónoma. Igualmente conviven con ela servizos do ámbito privado e asociacións de pacientes ou de profesionais que teñen convenio coa administración sanitaria. Isto ocorre en todas as especialidades, incluída saúde mental, aínda que con algunhas características propias como veremos a continuación.

Para ter unha idea global da asistencia sanitaria á saúde mental en Galicia, na Figura 8.1 presentamos o esquema dos recursos e dispositivos dos que dispoñemos, tanto do campo público, como do privado e asociativo. A mesma regúlase polo Decreto 389/1994, da atención á saúde mental en Galicia, e en desenvolvementos posteriores, e como aparece en distintos documentos da Consellería de Sanidade (ex., Xunta de Galicia, 2020).

8.1. A demanda da saúde mental en atención primaria

A saúde mental representa un dos motivos de consulta máis frecuentes nas consultas de atención primaria (AP). Os profesionais de AP atenden unha demanda asistencial cada vez maior, secundaria ao malestar emocional relacionado coa realidade social, económica, familiar e xeográfica do momento que nos tocou vivir (Castelló *et al.*, 2016). Trátase do punto máis accesible ao sistema sanitario. Por iso, aos profesionais de AP corresponderalles atender a persoas con síntomas emocionais, aínda que non teñan ningún trastorno e tamén a aqueles que padezan patoloxías mentais máis severas (Revista Encuentro, 2017).

Múltiples investigacións apuntan que os pacientes con trastornos mentais ou con conflitos psicosociais crónicos adoitan consultar de forma repetida cos diversos dispositivos de AP (Buitrago *et al.*, 2018). Son moitos e variados os motivos de consulta: ansiedade, tristeza, trastornos de conduta en nenos e adultos, fobias, medos e temores a enfermidades orgánicas, solicitudes de atención psicolóxica especializada…, supoñendo un auténtico reto polo alto número de pacientes atendidos por profesional, a falta de tempo en consulta e a limitada formación específica en saúde mental.

Os datos máis fiables sobre a atención en AP para os trastornos mentais témolos no informe do Ministerio de Sanidade (2019), da base de datos BDCAP de 2017, a cal recolle os diagnósticos e tratamentos que se realizan en AP. Indican que un 27,4% das persoas tiña rexistrado nese ano un problema de saúde mental (30,2% mulleres, 24,4% homes). O problema máis frecuentemente rexistrado foi o trastorno de ansiedade (6,7%), seguido polo trastorno depresivo (4,1%) e trastornos psicóticos (1,2%). O síntoma ou trastorno do soño afecta ao 5,4%. Todo isto significa que nese ano 3 de cada 10 casos acudiron a AP por problemas de saúde mental.

A iso súmase a limitada presenza de profesionais de psicoloxía clínica nos centros de saúde, o que deixa a abordaxe de moitos problemas emocionais en mans de profesionais non especializados, e a miúdo conduce a unha medicalización innecesaria (Oliveirais *et al.*, 2021).



Figura 8.1. Dispositivos asistenciais da rede pública do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), de outros conveniados total ou parcialmente polo SERGAS e recursos privados para la atención a la Saúde Mental en Galicia

8.1.1. Equipos de atención primaria

Os equipos de AP están integrados por médicos e médicas especialistas en medicina de familia e atención comunitaria ademais de enfermería, cun número crecente de especialistas en enfermería familiar e comunitaria, que se atopan presentes en todos os centros de saúde, independentemente da poboación á que ofrezan cobertura. Tamén se conta con traballadores sociais, matronas, pediatras especialistas en atención primaria, odontólogos, farmacéuticos, nutricionistas e fisioterapeutas.

É importante recalcar que todos eles poden ter un papel relevante na atención á saúde mental, xa que moitos dos motivos de consulta atribúense de forma inicial a unha causa orgánica (por exemplo, unha dor lumbar, unha cefalea ou unha dor abdominal recorrente, sendo moitas veces a manifestación da sobrecarga laboral, problemas familiares, económicos...) ou mesmo demandas de tipo administrativo, como un informe de dependencia ou discapacidade, dos cales dependen axudas económicas fundamentais para eses pacientes e que poden ser tanto causados como consecuencia dun problema de saúde mental.

Os centros de saúde distribúense de tal forma que ofrecen asistencia ao 100% da poboación en Galicia (e mesmo ofrécese asistencia a pacientes desprazados doutras comunidades ou sen cobertura sanitaria, aínda que neste caso non é posible a derivación a un segundo nivel asistencial).

Galicia, pola súa diversidade xeográfica e demográfica, presenta unha idiosincrasia moi variable entre as zonas costeiras e o interior máis rural, á parte das grandes cidades. Estas diferenzas reflíctense tamén no ámbito da saúde mental, onde factores como o acceso aos servizos, o illamento social, o desemprego ou o envellecemento poboacional son moi relevantes.

En xeral, as cidades e as zonas costeiras, ao estar máis densamente poboadas, contan con maior dispoñibilidade de recursos sanitarios. Isto facilita a detección temperá, a continuidade asistencial e o acceso a terapias farmacolóxicas e psicolóxicas. En contraste, no interior rural, os centros de saúde adoitan estar máis dispersos e son maiores os desprazamentos para acceder aos servizos. Ademais de que a poboación destas zonas está máis envellecida. Isto pode aumentar a soidade non desexada, depresión e outros trastornos afectivos especialmente en persoas maiores. Doutra banda, aínda que as comunidades rurais poden ofrecer contornas máis tranquilas, tamén poden xerar sensación de illamento.

8.1.2. Servizos de urxencias/Puntos de atención continuada (PAC)

As consultas urxentes realizadas fóra do horario ordinario en AP (de 15.00-8.00 horas, naqueles centros que só contan con quenda de mañá en días laborais, ou de 22.00-8.00 horas no caso de centros que dispoñen de consultas de tarde) son atendidos por facultativos de garda e enfermería especializados en AP.

Xeralmente as consultas máis frecuentes de saúde mental son crise de ansiedade, alteracións da conduta (axitación ou agresividade) e intentos autolíticos. Estes pacientes aténdense nos centros de saúde, nos domicilios ou na propia vía pública de así ser requirido. No caso de alteracións da conduta ou situacións de risco de suicidio cóntase co programa do 061 de emerxencias sanitarias "ACOUGO" (desenvolvido máis adiante neste mesmo capítulo).

8.1.3. Manexo dos principais problemas de saúde mental nas consultas de Atención Primaria

Os labores que se fan en relación aos problemas de saúde mental nas consultas de AP son as seguintes (Grupo de Trabajo de Saúde Mental en Atención Primaria, 2023):

1) Detección e avaliación inicial. A avaliación comeza con entrevistas clínicas estruturadas ou semiestruturadas, co obxectivo de identificar síntomas relacionados coa ansiedade, depresión, estrés, consumo de substancias e outros trastornos. Empréganse cuestionarios como o PHQ-9 (severidade do trastorno depresivo), GAD-7 (escala para a valoración de ansiedade xeneralizada) e test AUDIT (detección do consumo de alcol) para apoiar o diagnóstico inicial.

2) Intervencións psicoeducativas e consellería breve. Trátase de dar información sobre a súa clínica e posible patoloxía ao paciente, proporcionar estratexias de afrontamento e hábitos de vida saudables. Emprégase o consello breve, baseado en técnicas cognitivo-condutuais, que demostrou ser eficaz en casos leves ou moderados de ansiedade e depresión.

3*) Farmacoterapia*. Cando os síntomas son moderados ou severos, pódese iniciar tratamento farmacolóxico, principalmente con antidepresivos, e en casos de ansiedade que interfire coa funcionalidade do paciente con benzodiazepinas o menor tempo posible. Débese facer un seguimento coidadoso para avaliar posibles efectos secundarios, adherencia ao tratamento e evolución clínica.

No contexto actual existen dous grandes problemas ao enfocar unha consulta de saúde mental propiciados pola alta demanda asistencial e a consecuente falta de tempo: ben que se decida prematuramente unha derivación ao psicólogo clínico ou ao psiquiatra de referencia cun tempo medio de espera de aproximadamente 2-8 meses (difiren entre áreas sanitarias) ou inicio innecesario de medicación. Isto tamén xera iniquidade, xa que quen pode permitirse un maior sobreesforzo económico recorren a servizos privados.

4) Coordinación con Saúde Mental Especializada. Realízase unha derivación dos casos complexos: crónicos con evolución tórpida ou de alto risco (ideación suicida activa, trastornos psicóticos ou fracaso de varias liñas de tratamento).

5) Intervencións grupais e comunitarias. Algunhas unidades de atención primaria ofrecen talleres grupais sobre manexo do estrés, ansiedade, mindfulness, risoterapia, etc.

Por iso, os obxectivos da atención primaria en relación coa saúde mental son os seguintes:

- Enfoque bio-psico-social: na promoción, a prevención, a participación social, a organización de servizos de saúde, a ligazón con outros servizos e a recuperación das persoas na súa contorna.
- Avaliación e administración de medicamentos.
- Intervencións psicolóxicas de primeiro nivel: escoita empática, contención emocional, orientación básica, intervencións psicoeducativas, uso de recursos ou ferramentas de apoio psicolóxico. Aínda que por limitacións de tempo e moitas veces por falta de formación non é posible.
- Intervencións psicoeducativas. Plans de acción local e atención comunitaria.
- Intervencións en prevención e promoción da saúde (alimentación saudable, exercicio).
- Actividade burocrática crecente: existe un aumento progresivo de requirimentos ao médico de atención primaria provenientes de profesionais da educación, xustiza e de servizos sociais.

As propostas de mellora para unha mellor atención nos centros de atención primaria serían as seguintes (Grupo de Trabajo de Saúde Mental en Atención Primaria, 2023):

1) Potenciar a autonomía das persoas e achegarlles ferramentas para a xestión da súa saúde, así como a toma de decisións compartidas.

2) Favorecer a recuperación do paciente e evitar a cronicidade.

3) Favorecer unha maior integración social.

4) Diminuír o consumo de psicofármacos e a automedicación.

5) Evitar a medicalización dos problemas cotiáns. Débese ter especial coidado co sobrediagnóstico e a etiquetaxe, xa que poñer un diagnóstico médico a un problema social pode ter implicacións asistenciais e epidemiolóxicas.

6) Mellorar as competencias e ferramentas dos profesionais de atención primaria en relación coa saúde mental.

7) Aumentar a incorporación de psicólogos clínicos, tal como xa se está implementando noutras comunidades. Esta medida permitiría ofrecer intervencións psicolóxicas breves, evitar a cronificación dos problemas e reducir as derivacións.

En resumo, a atención primaria é fundamental na abordaxe da saúde mental pola súa accesibilidade, a súa capacidade de intervención temperá e mantida no tempo. Investir en programas de formación de persoal e modelos de colaboración é clave para mellorar a resposta do sistema de saúde fronte aos trastornos mentais.

8.1.2. A atención especializada en Saúde Mental

No marco do sistema sanitario público de Galicia, os dispositivos de saúde mental constitúen unha rede de servizos especializados orientados á prevención, o diagnóstico, o tratamento e a rehabilitación dos trastornos mentais. Estes dispositivos, integrados no Servizo Galego de Saúde (Sergas), estrutúranse para garantir unha atención accesible, integral e coordinada, adaptada ás necesidades da poboación. A continuación, descríbense os distintos recursos dispoñibles, as súas funcións e o papel que desempeñan na abordaxe da saúde mental na comunidade galega seguindo unha orde que reflicta ou aproxime ao proceso habitual de acceso e atención dentro do sistema. Iníciase cos dispositivos aos que as persoas acceden nunha fase inicial de demanda ou necesidade de atención (excluíndo neste apartado a primeira atención a través do médico de atención primaria, xa descrito anteriormente), pasando posteriormente a aqueles que interveñen en fases intermedias e prolongadas en función da complexidade e gravidade dos casos ou das necesidades específicas dos pacientes. A intención é ofrecer unha visión estruturada e coherente do percorrido asistencial dentro do sistema de saúde mental.

8.1.2.1. Programa de Enlace Atención Primaria-Hospitalaria

O *Programa de Enlace Atención Primaria-Hospitalaria* iniciouse en Galicia en 2021 enmarcado dentro do Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19, Período 2020-2024, aínda que a súa implantación foi heteroxénea en tempo e forma nas distintas áreas sanitarias. Os obxectivos do programa son favorecer o acceso aos tratamentos e evitar a cronificación, dotar aos equipos de atención primaria das ferramentas necesarias para facer fronte á abordaxe dos trastornos mentais máis frecuentes, fomentar a coordinación cos recursos específicos en saúde mental e o desenvolvemento de programas de intervención sociocomunitaria en saúde mental.

No momento actual hai un psicólogo clínico en cada área sanitaria, excepto na área de Pontevedra onde hai dous desde o ano 2024, e na Coruña por agora non hai ningún. Na maioría dos casos, o facultativo desprázase por días ou semanas a diferentes centros de saúde (normalmente dous). Non hai psiquiatras incorporados ao programa.

Entre as funcións do psicólogo clínico están: orientación e asesoramento ao médico de atención primaria (MAP) no manexo dos casos (sen intervención directa); intervención directa individual de carácter breve e focalizada en obxectivos terapéuticos e desde un marco teórico flexible e acorde ás necesidades dos usuarios; intervención grupal; formación a persoal do centro de saúde mediante sesións clínicas; actividades comunitarias (concello, colexios…), así como coordinación con outros dispositivos.

As derivacións realízanas os MAP dos centros de saúde, polo que a poboación atendida provén da cota pertencente aos devanditos centros. Na maioría dos casos, o psicólogo clínico realiza un filtro das mesmas e selecciona os casos subsidiarios de atención no propio centro (fundamentalmente cadros de ansiedade, depresión leve-moderada e procesos adaptativos, nos que non haxa unha evolución recorrente ou crónica) e os casos que serán derivados a outros dispositivos de saúde mental: Unidade de Saúde Mental (USM), Unidade de Condutas Adictivas, Psicoxeriatría, Centro de Orientación Familiar (COF), etc.

Polo de agora só se atende a poboación maior de 16 anos. Os principais problemas clínicos que presentan os pacientes do programa pertencen ao rango de sintomatoloxía ansioso-depresiva, reaccións adaptativas, insomnio e trastornos psicosomáticos. Destaca o trastorno adaptativo como máis frecuente, estando esta sintomatoloxía relacionada normalmente con problemas de saúde, laborais e familiares. A duración do tratamento dun paciente adoita ser breve, na dirección dos obxectivos do programa, cunha media de 6 sesións.

Como puntos fortes do programa destacan a accesibilidade ao profesional de saúde mental, así como unha mellor capacidade de acollida e resposta, xa que os tempos de espera son menores que en USM previndo o agravamento e a cronificación, así como a sobrecarga das unidades de saúde mental. Esta maior accesibilidade e a intervención desde un enfoque non patoloxizador, no que o fármaco non sexa necesariamente a primeira opción terapéutica, permite reducir a medicalización de problemas da vida cotiá. Ademais, a presenza do psicólogo clínico no centro de saúde facilita a posibilidade de achegar ao equipo de atención primaria formación específica en aspectos relacionados co manexo de pacientes do ámbito da saúde mental.

Como limitación destaca a sobrecarga da cota que soporta o programa nalgunhas áreas, o que pode poñer en risco a calidade asistencial, en canto a tempos de espera (tanto para primeiras como sucesivas consultas), dispoñibilidade para coordinacións e docencia, criterios de derivación e obxectivos terapéuticos. Obsérvase a necesidade de reducir a ratio e ampliar recursos humanos para que o programa se consolide e esténdase a todos os centros de atención primaria, así como ampliarse á poboación infanto-xuvenil, procurando unha atención psicolóxica realmente accesible ao conxunto da poboación que o necesite.

8.1.2.2. Urxencias en Psiquiatría

Nos servizos de urxencias dos hospitais de terceiro nivel (que son os hospitais de referencia de cada área sanitaria) hai un psiquiatra as 24 horas do día, cuxa función é brindar atención especializada aos pacientes que o precisen, encargándose do diagnóstico e tratamento dos mesmos.

Aténdese a todas as persoas que cheguen a urxencias, tanto poboación pediátrica como adulta, independentemente da súa procedencia, aínda que, de precisar derivación a consultas externas ou un ingreso serán remitidos á súa área de referencia. En Galicia as urxencias son atendidas por psiquiatras e residentes de psiquiatría, que se apoian no persoal de urxencias (médicos de urxencias, técnicos de coidados auxiliares de enfermería

(TCAEs), celadores, enfermeiras, traballadores sociais, administrativos e demais persoal).

Os pacientes atendidos nun servizo de urxencias adoitan presentar crises de ansiedade, trastornos psicóticos ou ideación autolítica, por ser estas as causas máis frecuentes e urxentes de consultas, aínda que en ocasións pódese atender calquera tipo de trastorno mental, ou realizar unha intervención de apoio para pacientes con outras patoloxías médicas.

Os pacientes poden acceder ao servizo de urxencias directamente, derivados por outros facultativos ou traídos polo 061. Unha vez en urxencias son atendidos polo persoal do devandito servizo e, se se considera oportuna unha valoración especializada, avísase ao psiquiatra de garda. Unha vez atendidos serán derivados, segundo sexa necesario, a consultas externas de atención primaria ou especializada ou, se é preciso, realizarase un ingreso na unidade de hospitalización de psiquiatría.

O tratamento que se leva a cabo en urxencias pode incluír terapia farmacolóxica, coa prescrición e seguimento de medicación psiquiátrica, intervención psicoterapéutica breve e/ou intervencións psicoeducativas, ao paciente e á súa familia sobre o trastorno e o seu manexo. A duración da intervención é breve, cun límite xeral de 48 horas no servizo de urxencias.

Destacariamos da psiquiatría de urxencias a súa inmediatez e rapidez na atención e abordaxe do paciente. Como propostas de mellora, suxírese incrementar os recursos humanos para reducir tempos de espera en urxencias, así como a carga do profesional. Tamén sería recomendable incrementar a formación en saúde mental ao persoal do propio servizo de urxencias.

8.1.2.2.1. O Programa ACOUGO

Na comunidade autónoma de Galicia existe un programa deseñado polo 061 en colaboración coas unidades de psiquiatría, que ten como instrumento básico un "*Protocolo xeral para traslados e ingresos non voluntarios e urxentes de persoas con enfermidade ou trastorno mental*" subscribido entre a Consellería de Sanidade, a Delegación do Goberno en Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É o programa ACOUGO. Este programa consiste no aviso ao 061 ante alteracións de conduta ou situacións de risco, por parte de persoal sanitario ou a familia do paciente, para o seu traslado a urxencias e valoración por un psiquiatra.

O programa está encamiñado a mellorar a rapidez de resposta dos distintos intervintes na resolución da crise de saúde mental, asegurando a atención as 24 horas do día. Os obxectivos deste programa son: acceso inmediato das persoas afectadas aos recursos asistenciais a través da vía telefónica; desenvolvemento dun protocolo específico de intervención dirixido aos pacientes; asegurar o traslado de pacientes en condicións de seguridade, rapidez e dignidade; asegurar a conexión interniveis: atención primaria, atención especializada ambulatoria e hospitalaria conectando cos servizos de urxencia; establecer un programa de adestramento e formación continuado específico para operadores e equipos de intervención do 061; desenvolvemento dun programa informático de rexistro; Informar, asesorar e orientar aos pacientes, familiares e cidadáns; establecer un programa de intervención con pacientes coñecidos e atendidos polos servizos asistenciais que se atopan en situación de risco ou crise; e, establecer un programa de mellora continua.

Este programa implementa a coordinación de recursos entre os distintos niveis asistenciais e, de ser precisas outras institucións, como protección civil, autoridades civís ou administración de xustiza, para asegurar a intervención inmediata, efectiva, segura e

de calidade no lugar da crise, cando un cidadán alerta dunha situación na que se sospeite descompensación dunha patoloxía psiquiátrica crónica ou o debut dun cadro agudo.

8.1.2.3. Unidade de Saúde Mental de Adultos (USM)

Unha *Unidade de Saúde Mental* (USM) é o dispositivo básico sobre o que se asentarán todas as accións de saúde mental. Ten como función principal brindar atención especializada a persoas con trastornos mentais como ansiedade, depresión, esquizofrenia, entre outros trastornos. En Galicia aténdense pacientes a partir de 16 anos, xa que a idade previa é atendida na unidade de saúde mental infanto-xuvenil.

Cada unidade deste tipo cubreatende unha área sanitaria específica cuxo obxectivo é proporcionar servizos a unha poboación determinada, asegurando que todos os individuos con necesidades de saúde mental nesa área teñan acceso a unha atención continua e coordinada. As unidades de saúde mental sitúanse, dentro da área a que pertenzan, naqueles lugares que o Servizo Galego de Saúde determine e, preferentemente, nos edificios propios dos centros de asistencia especializada extrahospitalaria e, alternativamente, nos centros de atención primaria.

O equipo de profesionais nunha USM está composto por psiquiatras, psicólogos clínicos, enfermeiros especializados en saúde mental e traballadores sociais. Os psiquiatras encárganse do diagnóstico e tratamento farmacolóxico dos trastornos mentais; os psicólogos clínicos realizan avaliación, diagnóstico e tratamento mediante terapias psicolóxicas baseadas na evidencia; os enfermeiros especializados en saúde mental supervisan o seguimento de tratamentos e brindan educación para a saúde, e os traballadores sociais, ofrecen apoio e asesoramento en aspectos sociais que afectan a saúde mental.

O perfil de pacientes que se atenden son persoas que presentan sintomatoloxía de intensidade moderada a grave e con interferencia na súa vida diaria. Os trastornos máis prevalentes son: trastornos do estado de ánimo, trastornos de ansiedade, trastornos de personalidade, trastorno mental grave e trastornos do neurodesenvolvemento. Tamén acoden persoas con reaccións adaptativas a estresores psicosociais (eventos vitais estresantes, enfermidade, falecemento de persoas próximas, estrés laboral…). Unha mínima proporción de pacientes acoden para realizar valoracións psicométricas ou cognitivas como probas complementarias solicitadas por outros servizos como Neuroloxía ou Medicina Interna, por exemplo.

Os pacientes acoden á unidade tras derivación dos médicos de atención primaria, psiquiatría e, en menos ocasións doutros profesionais de atención especializada (neuroloxía, medicina interna…). Outros poden ser remitidos desde profesionais doutros dispositivos do mesmo servizo (por exemplo, hospitalización, interconsulta e enlace). Ademais, a USM pode derivar aos pacientes a outros recursos segundo as súas necesidades, como hospitais de día de saúde mental para tratamentos intensivos sen necesidade de ingreso completo, unidades de hospitalización de saúde mental (tanto para ingresos breves en situacións agudas, ou máis prolongados para procesos de rehabilitación), ou a outros programas específicos (unidade de condutas adictivas, unidade de alcoholismo, centro de orientación familiar, programa de intervención intensiva, unidade de prevención da conduta suicida…).

O tratamento que se leva a cabo nunha USM é integral e pode incluír terapia farmacolóxica, coa prescrición e seguimento de medicación psiquiátrica; terapia psicolóxica, con intervencións individuais ou grupais baseadas en diferentes enfoques terapéuticos e intervencións psicoeducativas, que ofrecen educación ao paciente e á súa familia sobre o trastorno e o seu manexo. A duración do tratamento dun paciente

promedio nunha USM varía segundo o trastorno e a súa resposta, podendo oscilar desde uns meses, nos trastornos máis reactivos ou adaptativos, ata varios anos en casos de trastornos crónicos que requiren seguimento continuo.

Destacariamos das USM a súa localización accesible, xeralmente situadas en centros urbanos sen ser necesario desprazarse ao hospital; o traballo interdisciplinario, onde a colaboración entre distintos profesionais permite unha atención integral do paciente; e o enfoque comunitario, que promove a atención na contorna do paciente, favorecendo a súa integración e reducindo estigmas.

Como propostas de mellora, suxírese incrementar os recursos humanos para reducir, tanto o volume de carga asistencial de cada profesional, como as listas de agarda (tanto para unha primeira consulta como para o tempo entre consultas, que adoita ser excesivo na maioría das áreas sanitarias), poñendo en risco a calidade asistencial e a posibilidade de intervencións efectivas; incluír tempos destinados á coordinación do equipo que permita a elaboración de plans individualizados de tratamento para os casos máis complexos, así como a comunicación cos profesionais derivantes para mellorar no traballo interdisciplinar e potenciar a atención integral do paciente; ampliar ou adaptar recursos loxísticos e espazos que faciliten a implementación de terapias grupais, reunións, etc.; e ampliar a colaboración con outros servizos comunitarios para unha atención máis integrada e completa.

8.1.2.4. Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil (USM IX)

Unha *Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil* (USM IX) ten como función principal brindar atención especializada a nenos e adolescentes con trastornos mentais tales como ansiedade, depresión, trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH) e trastornos do espectro autista(TEA) entre outros. En Galicia aténdese nesta unidade a nenos e mozos ata os 16 anos. Cada unidade deste tipo cubre unha área sanitaria específica cuxo obxectivo é proporcionar servizos a unha poboación determinada, asegurando que todos os individuos con necesidades de saúde mental nesa área teñan acceso a unha atención continua e coordinada.

O equipo de profesionais nunha USM IX está composto por psiquiatras, psicólogos clínicos, enfermeiros especializados en saúde mental e traballadores sociais. Os psiquiatras encárganse do diagnóstico e tratamento farmacolóxico dos trastornos mentais; os psicólogos clínicos realizan avaliación, diagnóstico e terapia psicolóxica, tanto cos rapaces como coas familias, dadas as frecuentes dinámicas disfuncionais que manteñen ou exacerban o problema; os enfermeiros especializados en saúde mental levan a cabo o seguimento de tratamentos e brindan educación para a saúde; e os traballadores sociais avalían a situación social e familiar e ofrecen asesoramento e apoio, chegando nalgúns casos á necesidade de recorrer a intervención de servizos sociais cando se ve comprometida a seguridade do menor.

Os pacientes atendidos nunha USM IX adoitan presentar trastornos mentais que requiren intervención especializada, sendo frecuentes os trastornos de conduta, TDAH, trastornos da esfera ansioso-depresiva, trastornos de aprendizaxe, de alimentación, de soño (insomnio, terrores nocturnos, pesadelos...), TEA, entre outros. Tamén se atenden trastornos psicóticos, aínda que estes son moito menos frecuentes nestas idades.

Os pacientes poden acceder á USM IX principalmente a través de derivacións desde Atención Primaria (pediatría), cando se identifica a necesidade de atención especializada en saúde mental. Tamén se aceptan derivacións desde servizos especializados. Ademais, a USM IX pode derivar aos pacientes a outros recursos segundo as súas necesidades, como hospitais de día de saúde mental infanto-xuvenil para

tratamentos intensivos sen necesidade de ingreso completo, ou unidades de hospitalización para ingresos breves en situacións agudas.

O tratamento que leva a cabo nunha USM IX é integral e pode incluír terapia farmacolóxica, coa prescrición e seguimento de medicación psiquiátrica; terapia psicolóxica, con intervencións individuais, familiares ou grupais baseadas en diferentes enfoques terapéuticos e intervencións psicoeducativas, que ofrecen educación ao paciente e á súa familia sobre o trastorno e o seu manexo.

A duración do tratamento dun paciente nunha USM IX varía segundo o trastorno e a resposta do paciente, podendo oscilar desde uns meses ata varios anos en casos de trastornos que requiren seguimento continuo. Se ao cumprir os 16 anos persiste a necesidade de seguimento, este continuará nunha unidade de saúde mental de adultos.

Destacariamos dunha USM IX a accesibilidade e o traballo interdisciplinario, onde a colaboración entre distintos profesionais permite unha atención integral do paciente; e o enfoque comunitario, que promove a atención na contorna do paciente, favorecendo a súa integración e reducindo estigmas.

Como propostas de mellora, identifícanse as mesmas que en USM de adultos.

8.1.2.4.1. Unidade de Atención Temperá

A atención temperá en Galicia é unha competencia compartida pola Consellería de Política Social, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que, cos seus equipos de intervención, forman a *Rede Galega de Atención Temperá*. Esta rede dispón duns equipos interprofesionais que, dependendo do diagnóstico realizado, abordarán o caso desde unha ou outra especialidade do equipo.

É un servizo normalmente vinculado, ou relacionado, coa Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil. En tal caso enfócase na detección, diagnóstico e tratamento precoz de trastornos ou problemas de saúde mental, en idades comprendidas entre os 0 e os 6 anos. O obxectivo principal é intervir rapidamente para evitar que os síntomas empeoren e mellorar o prognóstico a longo prazo.

Na *Unidade de Atención Temperá* levase a cabo, previa petición de intervención por parte de profesionais de pediatría, neuropediatría ou rehabilitación, unha valoración de nenos que, en xeral, adoitan presentar trazos indicativos de presenza de trastorno do neurodesenvolvemento: atraso no desenvolvemento, atraso na linguaxe, trastorno específico da linguaxe, TDAH, dificultades de aprendizaxe, trastornos de eliminación, trastorno restritivo alimentario e trastorno do espectro autista principalmente (en aumento desde hai poucos anos), constituíndo estas as principais demandas. Tamén se abordan dificultades de regulación emocional e conduta, así como algúns casos de ansiedade-depresión infantil. Moita da demanda provén dos centros educativos, que remiten aos pais e nais a pediatría en Atención Primaria, sendo estes os remitentes nun segundo momento.

Conta cun equipo de profesionais como psiquiatra, psicólogo clínico, traballador social e enfermería especializada en saúde mental que traballan multidisciplinariamente. Entre as súas funcións atópanse a avaliación rápida e exhaustiva dos síntomas intervindo de maneira precoz para previr ou evitar a progresión dos síntomas. A miúdo, psicólogo clínico e psiquiatra remítense pacientes mutuamente para valoración de aspectos máis propios de cada profesión. Psiquiatría valora a adecuación de medicación psicotrópica chegado o caso e realiza o seguimento correspondente. A intervención psicolóxica adoita constituírse de catro a cinco sesións, dunha duración aproximada dun ano (no caso dun diagnóstico de TEA, o habitual é que se manteña en consulta durante uns anos, cunha revisión semestral ou mesmo anual), dentro dun contexto de terapia breve, ademais de aplicar instrumentos de avaliación psicométrica. Enfermería leva a cabo tarefas de

counselling e acompañamento, psicoeducación e pautas en trastornos de eliminación, alimentación ou trastornos de conduta principalmente. Seguen un enfoque integral atendendo tanto os síntomas emocionais e condutuais como as necesidades sociais e familiares do paciente.

8.1.2.5. Unidade de Psicoxeriatría

Unha *Unidade de Psicoxeriatría* é un servizo específico que se dedica á atención integral de persoas maiores de 65 anos que presentan trastornos mentais (sexan de orixe orgánica ou funcional), como demencias, trastornos afectivos ou psicoses, a miúdo acompañados de fraxilidade e outras patoloxías asociadas. A fronteira de idade pode moverse cara a límites mesmo menores, no caso de enfermidades como as demencias cualificadas como preseniles.

O seu obxectivo é optimizar e mellorar o tratamento, a atención e o benestar das persoas maiores que sofren trastornos mentais, establecendo plans terapéuticos individualizados que contemplen tanto a estabilización sintomática como a detección e manexo de síndromes xeriátricas, tales como polifarmacia, pluripatoloxía, deterioro cognitivo, incontinencias e caídas. Aínda que na terceira idade poden darse esencialmente os mesmos trastornos psiquiátricos que noutras idades, en comparación coa patoloxía mental do adulto, o peso específico que supón o deterioro cognitivo e as demencias outorga a este grupo de enfermidades un protagonismo indiscutible na epidemioloxía dos trastornos psicoxeriátricos. As características dos pacientes nestas unidades en canto a síntomas psíquicos son: trastornos psíquicos crónicos iniciados en idades anteriores; trastorno afectivo de inicio tardío, presenza de enfermidades somáticas crónicas e discapacitantes; cambios orgánicos asociados ao envellecemento; malestar psíquico debido á maior probabilidade de sufrir acontecementos vitais estresantes (loitos, perda de funcións, dependencia…).

O equipo multidisciplinar dunha Unidade de Psicoxeriatría adoita estar composto por psiquiatra (que se ocupa do tratamento farmacolóxico, *screening* cognitivo e asistencia in situ en centros xeriátricos, colexios especiais e residencias específicas para discapacidade física/psíquica), psicólogo clínico (que se ocupa do tratamento psicoterapéutico individual, familiar e grupal, avaliacións cognitivas, neuropsicolóxicas e de funcionamento), enfermería especializada en saúde mental (con funcións destinadas ao coidado da saúde, adherencia ao tratamento, valoración funcional e screening cognitivo) e traballador social (realizando asesoramento a pacientes e familiares sobre recursos sociais, trámites de valoración de dependencia e participación no plan de intervención terapéutica). Ofrecen unha asistencia psicoxeriátrica integral, traballando de maneira conxunta e coordinada para abordar as múltiples facetas dos trastornos mentais na poboación xeriátrica: aspectos físicos, emocionais, condutuais, sociais e espirituais.

Os pacientes poden acceder a estas unidades a través de diversas vías, como a derivación desde atención primaria, servizos de urxencias ou hospitalización, centros de saúde mental comunitarios (USM), programas de interconsulta e enlace ou desde o servizo de neuroloxía. A coordinación entre os diferentes niveis asistenciais é fundamental para garantir unha atención continua e coherente.

Como puntos fortes destacamos unha atención integral ao ancián desde un punto de vista interdisciplinar, así como un menor tempo de espera para unha primeira consulta e sucesivas en comparación coa temporalidade da USM. Destaca como área de mellora a necesidade de aumento de recursos humanos e materiais que permita manter o programa en todas as áreas sanitarias.

8.1.2.6. Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Adultos (Breve)

Unha *Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Adultos*, tamén chamada Unidade de Hospitalización Breve (UHB) está deseñada para brindar atención intensiva e especializada a pacientes que atravesan episodios agudos de trastornos mentais. Estes episodios poden incluír descompensacións severas de trastornos mentais, risco significativo de suicidio ou condutas agresivas que non poden ser manexadas en contornas ambulatorias.

Estas unidades adoitan atender a pacientes a partir de 16 anos que requiren unha intervención hospitalaria urxente para estabilizar a súa condición. Os principais problemas clínicos que levan ao ingreso nunha unidade de agudos inclúen trastornos psicóticos, episodios maníacos ou depresivos severos, situacións de risco suicida ou condutas violentas que representan un perigo para o paciente ou a súa contorna.

A duración da estancia é xeralmente curta, cunha media dunhas 3 semanas, enfocándose na contención da crise e a estabilización do paciente para a súa pronta reintegración na súa contorna habitual.

O equipo multidisciplinar nunha unidade de agudos está composto por psiquiatras, psicólogo clínico, persoal de enfermería especializado en saúde mental, técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAEs), traballador social e terapeuta ocupacional. Cada profesional desempeña un papel crucial no diagnóstico, tratamento e rehabilitación do paciente, asegurando unha atención integral que abarca desde a avaliación clínica ata o apoio na reintegración social.

Os pacientes ingresan nestas unidades xeralmente a través dos servizos de urxencias hospitalarias, cando presentan síntomas que non poden ser manexados de maneira ambulatoria; aínda que tamén poden ser derivados do resto de dispositivos da rede de saúde mental cando se considera oportuno. Tras a estabilización, e dependendo da evolución clínica, poden ser derivados a unidades de hospitalización subaguda para unha rehabilitación máis prolongada (unidades de hospitalización de media ou longa estancia ou hospital de día), ou dados de alta con seguimento en consultas externas ou dispositivos específicos.

O tratamento nestas unidades é intensivo e personalizado, combinando intervencións farmacolóxicas para estabilizar os síntomas agudos, con terapias psicolóxicas, tanto en formato individual como grupal, que permitan ao paciente comprender e manexar a súa condición, promover unha actitude proactiva no seu proceso para un mellor aproveitamento da súa estancia hospitalaria, facilitación de ferramentas dirixidas ao manexo da súa sintomatoloxía tanto dentro como fóra do hospital, ampliación de perspectiva ante os factores causantes ou influentes na crise que motivou o ingreso, psicoeducación sobre factores de risco e protección, motivación para a adherencia ao tratamento farmacolóxico ou para a continuación da intervención psicoterapéutica a nivel ambulatorio, procura de recursos comunitarios facilitadores da melloría, orientación a familiares, etc. Ademais, impleméntanse programas grupais de psicoeducación e actividades terapéuticas (a cargo de enfermería e terapeutas ocupacionais) que facilitan a recuperación e preparan ao paciente para a súa reintegración social e familiar.

Entre os aspectos destacados dunha unidade de agudos atópase a súa capacidade para ofrecer unha atención especializada e centrada no paciente, nunha contorna segura e controlada, e integrado no hospital xeral. A colaboración estreita entre os diferentes profesionais permite, mediante reunións diarias integradas por representantes de cada un dos colectivos profesionais implicados, a valoración individual de cada caso para a intervención coordinada e a abordaxe integral das necesidades do paciente. Como

proposta de mellora, suxírese incrementar os recursos humanos e materiais para mellorar a calidade da atención.

8.1.2.7. Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil

Unha *Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil* está deseñada para brindar atención especializada e intensiva a nenos e adolescentes que atravesan episodios agudos de trastornos mentais. Estes episodios poden incluír descompensacións severas de trastornos mentais, risco significativo de autolesións ou condutas que non poden ser manexadas en contornas ambulatorias. Os principais problemas clínicos que levan ao ingreso nunha unidade de agudos infanto-xuvenil inclúen trastornos da conduta alimentaria, trastornos de conduta graves, trastornos do espectro autista, trastorno obsesivo-compulsivo, trastornos afectivos graves ou sintomatoloxía psicótica e situacións de risco de autolesións ou condutas que representan un perigo para o paciente ou a súa contorna.

Estas unidades adoitan atender a menores de ata 16 anos que requiren unha intervención hospitalaria urxente para estabilizar a súa condición. Os pacientes ingresan nestas unidades xeralmente a través de derivacións de servizos de saúde mental ambulatorios ou de urxencias hospitalarias, cando presentan síntomas que non poden ser manexados de maneira ambulatoria. Tras a estabilización, e dependendo da evolución clínica, poden ser derivados ao hospital de día infanto-xuvenil ou dados de alta con seguimento en consultas externas.

O equipo multidisciplinario nunha unidade de agudos infanto-xuvenil está composto por psiquiatras infantís, psicólogos clínicos, persoal de enfermería especializado en saúde mental, TCAEs, terapeuta ocupacional, traballador social e profesores. Cada profesional desempeña un papel crucial no diagnóstico, tratamento e rehabilitación do paciente, asegurando unha atención integral que abarca desde a avaliación clínica ata o apoio na reintegración social.

O tratamento nestas unidades é intensivo e personalizado, combinando intervencións farmacolóxicas para estabilizar os síntomas agudos con terapias psicolóxicas que permitan ao paciente comprender e manexar a súa condición. Ademais, impleméntanse programas de psicoeducación e actividades terapéuticas que facilitan a recuperación e preparan ao paciente para a súa reintegración social e familiar. Normalmente disponse tamén de profesorado para continuar na medida do posible a formación académica dos pacientes.

A duración do tratamento nunha unidade de agudos infanto-xuvenil adoita ser breve, con estancias que varían segundo a resposta do paciente e a natureza do seu trastorno. O obxectivo é lograr unha estabilización rápida que permita continuar o tratamento nunha contorna menos restritiva.

Entre os aspectos destacados dunha unidade de agudos infanto-xuvenil atópase a súa capacidade para ofrecer unha atención especializada e centrada no paciente, nunha contorna segura e controlada. A colaboración estreita entre os diferentes profesionais permite abordar de maneira integral as necesidades do paciente. Como proposta de mellora, suxírese incrementar os recursos humanos e materiais para mellorar a calidade da atención.

8.1.2.8. Hospital de Día de Adultos

Un *Hospital de Día en Adultos en Psiquiatría* é un centro de hospitalización parcial que desenvolve funcións intermedias entre as unidades de saúde mental e as

unidades de hospitalización. Os pacientes acoden a este dispositivo un período de horas determinado (normalmente pola mañá) e, ao finalizar a atención, regresan aos seus fogares.

Estes centros adoitan atender a pacientes a partir de 16 anos con trastornos mentais que requiren un tratamento intensivo e de tempo limitado, actuando como unha alternativa á hospitalización psiquiátrica completa nos casos nos que non é preciso unha contención no medio pechado e sen separar totalmente ao paciente do seu medio social e familiar. Os principais problemas clínicos que presentan os pacientes nestes centros inclúen síntomas psicóticos, alteracións do estado de ánimo e dificultades na adaptación social e laboral. O obxectivo é involucrar activamente ao paciente no seu propio proceso de tratamento, facilitando a súa interacción social e diminuíndo o seu illamento.

No hospital de día traballan diversos profesionais especializados, incluíndo psiquiatras, psicólogo clínico, enfermeiros de saúde mental, TCAEs, terapeuta ocupacional e traballador social. Cada un deles desempeña funcións específicas orientadas á avaliación, tratamento e rehabilitación dos pacientes, traballando de maneira conxunta para abordar as múltiples facetas dos trastornos mentais.

Os pacientes poden acceder ao hospital de día por diversas vías desde a rede de saúde mental, aínda que as derivacións ocorren principalmente desde consultas externas ou da unidade de agudos. O tratamento que se leva a cabo no hospital de día consiste en intervencións farmacolóxicas, terapias psicolóxicas individuais e grupais, programas de rehabilitación psicosocial e actividades de terapia ocupacional, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e a funcionalidade do paciente. A duración do tratamento dun paciente medio adoita ser variable, abarcando desde varios meses ata anos, dependendo da evolución clínica e as necesidades individuais, cun enfoque no seguimento a longo prazo para previr recaídas e promover a estabilidade.

Destacariamos do hospital de día o seu enfoque multidisciplinar e personalizado, a coordinación efectiva entre os diferentes niveis asistenciais e a promoción da autonomía do paciente. Como puntos fortes, atópase a capacidade de adaptación ás necesidades cambiantes dos pacientes e a integración de recursos comunitarios. Como puntos débiles, poderían sinalarse a sobrecarga de traballo e a necesidade de recursos adicionais. Proponse, como mellora, o aumento de recursos, a implementación de programas de formación continua para o persoal e a ampliación da rede de apoio comunitario.

8.1.2.9. Hospital de Día Infanto-Xuvenil

Tamén existe un *Hospital de Día Infanto-Xuvenil en Psiquiatría*, de características semellantes ó de adultos, que atende a pacientes ata os 16 anos. Destacariamos como diferente o perfil do paciente, centrándose o de infanto-xuvenil en atender trastornos da conduta alimentaria, trastornos do espectro autista, inestabilidade emocional, autolesións, conduta suicida e outros problemas de conduta sendo moito menos frecuente o trastorno mental grave. Trabállase tamén a prevención do suicido independentemente do trastorno mental.

8.1.2.10. Unidade Hospitalaria de Rehabilitación Psiquiátrica

As unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica están destinadas á atención de pacientes cunha patoloxía que esixa unha actuación terapéutica activa de duración intermedia cando non estea indicado realizala noutros dispositivos de hospitalización total ou parcial.

8.1.2.10.1. Unidade de Media Estancia (Sub-Agudos, Rehabilitación Psiquiátrica; Coidados de Rehabilitación)

Unha *Unidade de Media Estancia en Psiquiatría* (UME), tamén coñecida como Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica, é un dispositivo sanitario que proporciona atención especializada a persoas con trastornos mentais graves derivados dos distintos dispositivos da rede de saúde mental que presentan déficits e problemas funcionais que requiran programas activos de rehabilitación de duración intermedia para a súa estabilización e con previsión de externalización á súa contorna de procedencia. O perfil de pacientes atendidos nestas unidades inclúe a persoas con trastornos mentais graves (principalmente psicoses, aínda que tamén trastornos depresivos graves, trastornos de personalidade…), que requiren unha atención intensiva debido á complexidade e cronicidade da súa condición, así como unha contorna estruturada que favoreza a súa recuperación, dadas as dificultades significativas no seu funcionamento diario.

Cada UME cubre unha área sanitaria específica, atendendo a unha poboación determinada. A capacidade destas unidades varía segundo a área e as necesidades locais, co obxectivo de proporcionar atención personalizada e adaptada a cada comunidade. O equipo dunha UME está composto por profesionais de diversas disciplinas, incluíndo psiquiatras, psicólogo clínico, enfermeiros especializados en saúde mental, TCAEs, terapeutas ocupacionais e traballadores sociais. Cada profesional desempeña funcións específicas orientadas á avaliación, tratamento e rehabilitación dos pacientes, traballando de maneira conxunta para abordar as múltiples facetas dos trastornos mentais.

Os pacientes poden acceder á UME a través de diversas vías, como a derivación desde unidades de hospitalización breve, servizos de urxencias ou centros de saúde mental. A coordinación entre os diferentes niveis asistenciais é fundamental para garantir unha atención continua e coherente.

O tratamento na UME céntrase na estabilización clínica, a rehabilitación psicosocial e a preparación para a reintegración na comunidade. O tratamento que se leva a cabo na UME consiste en intervencións farmacolóxicas, terapias psicolóxicas individuais e grupais, programas de rehabilitación psicosocial e actividades de terapia ocupacional. O obxectivo é a resolución e mellora significativa dos problemas que indicaron o seu ingreso, co logro da máxima autonomía e das habilidades psicosociais e relacionais necesarias para a súa integración na comunidade de referencia. A duración do tratamento nunha UME é variable e depende das necesidades individuais de cada paciente. Algúns poden requirir estancias de varios meses, mentres que outros poden necesitar hospitalizacións máis prolongadas para lograr unha recuperación óptima.

Entre os aspectos destacados dunha UME atópase o seu enfoque multidisciplinar e personalizado, a coordinación efectiva entre os diferentes niveis asistenciais e a promoción da autonomía do paciente. Como puntos fortes, atópase a capacidade de adaptación ás necesidades cambiantes dos pacientes e a integración de recursos comunitarios, destacando neste caso a importancia do traballo social no asesoramento, apoio e acompañamento en todo o necesario para tal fin. Como puntos débiles, poderían sinalarse a sobrecarga de traballo e a necesidade de recursos adicionais. Proponse, como mellora, a implementación de programas de formación continua para o persoal e a ampliación da rede de apoio comunitario.

8.1.2.10.2. Unidade de Longa Estancia ou Unidade de Coidados Especiais de Rehabilitación

Unha *Unidade de Longa Estancia en Psiquiatría*, tamén coñecida como Unidade de Coidados Especiais de Rehabilitación, é un dispositivo asistencial destinado a proporcionar tratamento e coidados continuados a persoas con trastornos mentais graves e crónicos que, debido á súa severidade e persistencia, requiren hospitalización prolongada. Estas unidades buscan estabilizar clinicamente ao paciente e promover a súa rehabilitación psicosocial, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida e, cando sexa posible, facilitar a súa reintegración na comunidade.

O perfil dos pacientes atendidos nestas unidades inclúe a persoas con trastornos mentais graves (principalmente psicoses) que non responderon a varias liñas de tratamentos anteriores, xa que normalmente pasaron antes por diferentes unidades, e seguen requirindo unha atención intensiva e prolongada debido á complexidade e cronicidade da súa condición. Estes pacientes adoitan presentar dificultades significativas no seu funcionamento diario e necesitan unha contorna estruturada para a súa recuperación. As persoas usuarias desta unidade adoitan ser pacientes con trastornos psíquicos graves e condutas disruptivas, con psicopatoloxía grave de alta intensidade e longa evolución, pacientes con alta expresividade emocional e baixa tolerancia ó estrés, asociada a condutas impulsivas, así como aquelas que requiran medidas especiais de supervisión e contención. Terán por finalidade o tratamento e estabilización dos problemas que presentan estes pacientes, a fin de obter resultados que sexan compatibles co seu traslado a outros programas de rehabilitación ou, de ser posible, a súa reintegración na comunidade en condicións suficientemente adecuadas.

O funcionamento, o equipo, a intervención e os puntos fortes e débiles, en liñas xerais, ten as mesmas características que a unidade de media estancia.

8.1.2.11. Programa de Hospitalización Psiquiátrica a Domicilio

O *Programa de Hospitalización a Domicilio* (PHD) é un servizo sanitario que proporciona atención médica especializada no fogar do paciente, equiparable á que recibiría nunha hospitalización convencional. Este modelo asistencial permite que pacientes con patoloxías agudas ou subagudas sexan tratados na súa contorna familiar, favorecendo a súa comodidade e reducindo riscos asociados ás estancias hospitalarias prolongadas.

Os mesmos atenden a pacientes de todas as idades que, a pesar de necesitar coidados hospitalarios, presentan unha situación clínica estable que permite o seu manexo seguro no domicilio. A indicación para este tipo de hospitalización non depende dun diagnóstico concreto, senón da situación clínica do paciente e a capacidade de contención da súa contorna domiciliaria. Os diagnósticos predominantes inclúen principalmente trastorno mental grave como esquizofrenia, trastorno delirante, trastorno bipolar ou depresión grave.

O equipo multidisciplinario dun PHD está composto por médicos, enfermeiros e, en ocasións, traballadores sociais. Estes profesionais encárganse de realizar visitas domiciliarias programadas para administrar tratamentos, seguir a evolución clínica e brindar educación sanitaria tanto ao paciente como aos seus familiares.

Os pacientes adoitan ser derivados desde a unidade de hospitalización cando é posible continuar o seu tratamento e seguimento en domicilio, pero este ten que ser máis estreito do que se pode proporcionar en consultas externas ou outras unidades. O ingreso ao programa é de carácter voluntario e precisa dun consentimento informado e compromiso básico de coidados de familiar ou convivinte (coidador).

O tratamento nestes programas é intensivo e personalizado, combinando intervencións farmacolóxicas para estabilizar os síntomas agudos con intervencións

psicoterapéuticas que permitan ao paciente comprender e manexar a súa condición. Ademais, impleméntanse programas de psicoeducación e actividades terapéuticas que facilitan a recuperación e preparan ao paciente para a súa reintegración social e familiar.

A duración do tratamento nun PHD adoita ser breve (meses), que varía segundo a resposta do paciente e a natureza do seu trastorno. O obxectivo é lograr unha estabilización rápida que permita progresivamente unha menor dependencia do equipo promovendo a autonomía e funcionalidade na súa vida.

Entre os aspectos destacados dunha UHD atópase a súa capacidade para ofrecer unha atención especializada e centrada no paciente, na súa propia contorna. A colaboración estreita entre os diferentes profesionais permite abordar de maneira integral as necesidades do paciente. Como proposta de mellora, suxírese incrementar os recursos humanos e materiais para reducir as listas de espera e mellorar a calidade da atención.

8.1.2.12. Unidade de Continuidade de Coidados

Unha *Unidade de Continuidade de Coidados en Psiquiatría* ten como función principal garantir a atención integral e sostida de pacientes con trastornos mentais graves e persistentes, facilitando a súa transición fluída entre os distintos niveis e dispositivos asistenciais, e asegurando a coherencia e eficacia no tratamento ao longo do tempo.

Cada equipo deste tipo cubre unha área sanitaria específica cuxo obxectivo é proporcionar servizos a unha poboación determinada, asegurando asistencia a todos os usuarios con trastorno mental grave (fundamentalmente trastornos psicóticos ou afectivos), con interferencia grave no seu funcionamento social e laboral, que presenten problemas de accesibilidade tanto pola súa patoloxía como por dificultades de desprazamento, escaso ou nulo apoio familiar ou social, baixa adherencia ao tratamento e/ou frecuentes reingresos hospitalarios, garantindo unha atención continua e coordinada.

No equipo traballan diversos profesionais especializados, incluíndo psiquiatras e enfermeiros de saúde mental. Cada un deles desempeña funcións específicas orientadas á avaliación, tratamento, rehabilitación e reintegración social dos pacientes, traballando de maneira conxunta para abordar as múltiples necesidades dos trastornos mentais graves.

Os pacientes poden ser derivados de calquera dispositivo da rede de saúde mental. Aínda que o máis frecuente é que sexan derivados tras un ingreso, tanto desde a unidade de hospitalización psiquiátrica, como desde a unidade de rehabilitación, tamén se reciben usuarios derivados desde as consultas externas, hospitalización a domicilio ou hospital de día.

O tratamento que se leva a cabo consiste en intervencións farmacolóxicas, psicoterapéuticas e de apoio na integración comunitaria, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e a funcionalidade do paciente. A duración do tratamento dun paciente medio adoita ser variable, abarcando desde varios meses ata anos, dependendo da evolución clínica e as necesidades individuais, cun enfoque no seguimento a longo prazo para previr recaídas e promover a estabilidade.

Destacariamos deste programa o seu enfoque multidisciplinar e personalizado, a coordinación efectiva entre os diferentes niveis asistenciais e a promoción da autonomía do paciente. Como puntos fortes, atópase a capacidade de adaptación ás necesidades cambiantes dos pacientes, a asistencia domiciliaria e a integración de recursos comunitarios. Como puntos débiles, poderían sinalarse a sobrecarga de traballo e a necesidade de recursos adicionais. Proponse, como mellora, a implementación de programas de formación continua para o persoal e a ampliación da rede de apoio comunitario.

Outros aspectos relevantes inclúen a importancia da colaboración coas familias e coidadores, a sensibilización da comunidade respecto á saúde mental e a participación activa en programas de investigación e formación para manterse actualizados nas mellores prácticas asistenciais.

8.1.2.13. Programa de Atención Sociosanitaria

O *Programa de Atención Sociosanitaria en Psiquiatría* ten como función principal garantir a atención integral e sostida de pacientes con trastornos mentais graves e persistentes, que se atopen institucionalizados en dispositivos sen atención sanitaria especializada.

Cada programa deste tipo cubre unha área sanitaria específica cuxo obxectivo é proporcionar servizos directamente a aqueles centros nos que residan pacientes e non teñan na súa estrutura un psiquiatra, asegurando que todos os individuos institucionalizados con necesidades de saúde mental nesa área teñan acceso a unha atención continua e coordinada. Estes centros adoitan ser no seu maior parte residencias de maiores.

No equipo deste programa traballan xeralmente psiquiatras e enfermeiros especialistas en saúde mental, aínda que nalgunhas unidades poden contar con psicólogos clínicos e traballadores sociais. Cada un deles desempeña funcións específicas orientadas á avaliación, tratamento, rehabilitación e reintegración social dos pacientes, traballando de maneira conxunta para abordar as múltiples facetas dos trastornos mentais.

Os pacientes poden acceder á unidade derivados de calquera consulta da rede de saúde mental ou baixo demanda das propias institucións. Os principais problemas clínicos neste programa inclúen o seguimento de pacientes con trastorno mental grave e alteracións condutuais en contexto de demencia; aínda que se pode abordar calquera trastorno de saúde mental. É frecuente que os pacientes destes dispositivos teñan unha idade superior a 65 anos, pero é posible atender a pacientes máis novos se é preciso, sempre que estean institucionalizados.

O tratamento que se leva a cabo consiste principalmente en intervencións farmacolóxicas e psicoterapéuticas, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e a funcionalidade do paciente. Tamén hai unha importante función psicoeducativa cos profesionais de cada centro. A duración do mesmo adoita ser variable, abarcando desde varios meses ata anos, dependendo da evolución clínica e as necesidades individuais, cun enfoque no seguimento a longo prazo para previr recaídas e promover a estabilidade.

Destacariamos deste programa a súa capacidade de atención no propio centro, mantendo un enfoque multidisciplinar e personalizado, a coordinación efectiva entre os diferentes niveis asistenciais e a promoción da autonomía do paciente. Como puntos fortes, atópase a capacidade de adaptación ás necesidades cambiantes dos pacientes e a integración de recursos comunitarios. Como puntos débiles, poderían sinalarse a posible sobrecarga de traballo e a necesidade de recursos adicionais. Proponse, como mellora, a implementación de programas de formación continua para o persoal e a ampliación da rede de apoio comunitario.

Outros aspectos relevantes inclúen a importancia da colaboración coas familias e coidadores, a sensibilización da comunidade respecto á saúde mental e a participación activa en programas de investigación e formación para manterse actualizados nas mellores prácticas asistenciais.

8.1.2.14. Programa de Interconsulta e Enlace Hospitalario en Psiquiatría

Un *Programa de Interconsulta e Enlace Hospitalario en Psiquiatría* é un servizo especializado dentro dos hospitais xerais que se centra na atención a pacientes ingresados noutros servizos nos que, ademais da súa patoloxía médica principal, presentan síntomas como ansiedade, depresión, delirium, trastornos de adaptación ou manifestacións psicóticas.

Estas unidades están compostas por equipos multidisciplinares que inclúen principalmente psiquiatras e psicólogos clínicos. A súa principal función é avaliar e manexar os aspectos psicolóxicos e psiquiátricos dos pacientes hospitalizados noutras especialidades, facilitando unha atención integral que aborde tanto as condicións físicas como mentais. O seu labor céntrase en responder ás consultas realizadas por outros servizos médicos ou cirúrxicos cando xorden inquietudes sobre a saúde mental dun paciente, proporcionando avaliacións diagnósticas, recomendacións terapéuticas e seguimento continuo durante a hospitalización. A intervención busca non só tratar estes síntomas psiquiátricos ou emocionais, senón tamén mellorar a adherencia ao tratamento médico, optimizar a recuperación e facilitar a comunicación entre o paciente e o equipo médico.

Ademais deste labor de interconsulta, estes profesionais levan a cabo funcións de enlace, que son estratexias ou programas deseñados para garantir a coordinación, continuidade e complemento á atención médica recibida en distintas patoloxías específicas, como, por exemplo: psicooncoloxía, dano cerebral, esclerose lateral amiotrófica (ELA), perinatal, cirurxía bariátrica, dor crónica, atención á saúde mental do profesional, entre outros. Nestes programas realizan funcións de avaliación e diagnóstico conxunto con outros médicos ou especialistas, intervención en crise, psicoeducación (tanto aos pacientes como aos equipos médicos), coordinación na elaboración de plans de tratamento integrais que inclúan tanto a intervención médica, como a psiquiátrica e psicolóxica, implantación de terapias grupais, etc.

Xunto á atención clínica directa, este programa desempeña un papel fundamental na formación e educación do persoal sanitario, promovendo unha comprensión máis ampla da interacción entre a saúde física e mental. Tamén participan en actividades de investigación orientadas a mellorar as prácticas clínicas e os resultados en pacientes con comorbilidades médicas e psiquiátricas.

Como puntos fortes do programa, están a mellora da detección temperá de trastornos mentais en pacientes que están a recibir atención médica por outros motivos, favorece un enfoque integral da saúde, diminúe as taxas de rehospitalizacións e melloran a adherencia ao tratamento. Como proposta de mellora, suxírese incrementar os recursos humanos e materiais para mellorar a calidade da atención.

8.1.2.15. Centros de Orientación Familiar (COF)

Tamén existen os *Centros de Orientación Familiar*, ou COF, en todas as áreas sanitarias, con 17 centros en total. Os COF oriéntanse a varios aspectos da sexualidade, como informar, previr e educar en temas de anticoncepción, relacións de parella, incluíndo crise e conflitos de parella. Tamén ao tratamento das disfuncións sexuais.

Outras tarefas dos COF son o asesoramento anticonceptivo, anticoncepción de urxencia, interrupción voluntaria do embarazo, prevención de enfermidades de transmisión sexual e atención psicolóxica á problemática sexual e da parella, labor que fai un psicólogo clínico en cada centro. Igualmente hai outros profesionais como médico ou xinecólogo, persoal de enfermería e outros.

8.1.2.16. Outros programas específicos (autismo, primeiros episodios psicóticos, disforia de xénero).

Á parte dos programas anteriores tamén existen outros específicos de saúde mental, como son os de autismo, os de primeiros episodios psicóticos e o de disforia de xénero.

O *programa de autismo* oriéntase ás persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA). A Consellería de Sanidade financia varios proxectos da Federación Autismo Galicia, como poden ser programas de apoio psicolóxico, rehabilitación cognitiva ou mellora emocional para estas persoas. Ao tempo, implantaron varias medidas para estes pacientes, uns 18.000 aproximadamente en Galicia, onde destaca que teñan a denominada tarxeta AA, específica para eles, coa que aceden máis fácil e prioritariamente ao sistema sanitario e fanlles máis rápidas as probas médicas que precisan. Un exemplo de programa específico é o Programa de atención temperá para nenos e nenas con sospeita de TEA, que se leva a cabo na Unidade de Atención Temperá.

O programa de primeiros episodios psicóticos, posto en marcha en varios hospitais, oriéntase a aquelas persoas que presentan por primeira vez un episodio psicótico. Diríxese a persoas de 18 a 40 anos que tiveron un primeiro episodio psicótico e que están nos primeiros tres anos de avaliación. O obxectivo do programa é facer un adecuado seguimento do paciente para que poida recuperarse e non teña episodios posteriores. O tratamento abarca intervencións comunitarias, intensivas, duradeiras e integrais sen limitarse á terapia farmacolóxica. Inclúe intervencións individuais, familiares, en grupo e seguimento telefónico. Este programa conta con psiquiatra, psicólogo clínico e enfermería en saúde mental.

Outro dos programas específicos que hai é o de disforia de xénero tamén se dispón do protocolo sanitario de Atención Primaria para as persoas trans.

8.1.2.17. Unidade de Prevención de Condutas Suicidas

Unha *Unidade de Prevención de Condutas Suicidas* ten como función principal desenvolver e implementar estratexias integrais destinadas a reducir a incidencia de condutas suicidas na poboación. Estas unidades enfócanse na identificación temperá de individuos en risco, a intervención oportuna e a promoción de factores protectores que contribúan ao benestar mental e emocional.

En Galicia hai unha unidade por cada área sanitaria. O obxectivo das mesmas é proporcionar recursos e apoio adecuados para a prevención do suicidio. Nestas unidades traballan profesionais de diversas disciplinas, incluíndo psiquiatra, psicólogo clínico, enfermería especializada en saúde mental e traballador social. Cada un desempeña funcións específicas orientadas á detección, intervención e seguimento de persoas en risco, así como á educación e sensibilización da comunidade sobre a prevención do suicidio.

O perfil das persoas atendidas abarca a individuos a partir de 16 anos que presentan factores de risco asociados ao suicidio, como trastornos mentais, antecedentes de intentos previos, situacións de crises ou vulnerabilidade social. Ademais, préstase especial atención a grupos específicos que poidan ter unha maior incidencia de condutas suicidas. Os principais problemas clínicos que presentan as persoas nestas unidades inclúen ideación suicida, planificación ou intentos de suicidio. Aquelas cun diagnóstico principal de adicción con consumo activo ou calquera psicopatoloxía que polas súas características non permita intervención psicoterapéutica (como poden ser o retraso mental grave ou unha demencia avanzada), non son incluídos neste programa.

As persoas poden acceder á unidade derivadas de calquera consulta da rede de saúde mental, aínda que a maior parte de derivacións chegan de urxencias, consultas externas e hospitalización. O tratamento que se leva a cabo consiste en intervencións multidisciplinais que poden incluír terapia psicolóxica individual ou grupal, manexo farmacolóxico cando é necesario, elaboración dun plan de coidados específico da man de enfermería (moitas veces con apoio/sostén telefónico) e programas de apoio social.

De maneira xeral, o tratamento ten unha duración de 6 meses e posteriormente o paciente é derivado á Unidade de Saúde Mental ou ao seu médico de atención primaria, segundo proceda en cada caso polo estado clínico no momento da alta. Realízase unha consulta de revisión (que será telefónica) ao ano de inicio do tratamento. Existe posibilidade de prórroga e repetir o programa outros 6 meses se fose necesario. Normalmente, a intervención por parte do equipo ten unha frecuencia semanal, espazando progresivamente as citas e con posibilidade do uso telefónico se se precisa (por exemplo, nunha situación de crise).

Destacariamos da unidade o seu enfoque proactivo na identificación e manexo do risco suicida, a colaboración estreita entre diferentes profesionais e servizos e a adaptabilidade para responder as necesidades cambiantes dos pacientes.

Como punto forte destacamos a rápida dispoñibilidade, practicamente sen lista de espera, así como a promoción dunha cultura de prevención na comunidade. Como puntos débiles, poderían sinalarse a limitación de recursos nalgunhas áreas que serían mellorables ampliando recursos.

8.1.2.18. Unidade de Trastornos da Conduta Alimentaria

A *Unidade de Trastornos da Conduta Alimentaria* (TCA) está situada dentro do Complexo do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), no Hospital Provincial de Conxo, é a única que hai en Galicia. Integra consultas externas e unha planta de hospitalización que tamén funciona como hospital de día para realizar un enfoque integral e multidisciplinar para o tratamento destes trastornos. Este modelo mixto permite abordar as necesidades específicas de cada paciente en diferentes niveis de atención, facilitando unha continuidade no tratamento e unha adaptación progresiva á vida cotiá.

A este dispositivo acceden pacientes de todas as áreas de saúde, a partir dos 16 anos, derivados por un psiquiatra ou da Unidade de Saúde Mental se presentan un trastorno da conduta alimentaria (principalmente anorexia e bulimia) que non responde ó tratamento. Este servizo componse de:

- *Consultas Externas*: Destinadas á avaliación e seguimento ambulatorio de pacientes con TCA. As consultas externas permiten realizar diagnósticos iniciais, planificar tratamentos personalizados e levar a cabo intervencións terapéuticas sen necesidade de ingreso hospitalario. Ademais, facilitan o seguimento continuo da evolución do paciente e a coordinación con outros niveis asistenciais.

- *Planta de Hospitalización*: A hospitalización completa está indicada para pacientes que requiren unha intervención intensiva debido á gravidade do seu estado físico ou psicolóxico. Durante o ingreso, proporciónase atención médica constante, apoio psicolóxico e supervisión nutricional para estabilizar ao paciente e abordar complicacións asociadas ao TCA. A estancia hospitalaria permite unha intervención integral nunha contorna segura e controlada.

- *Hospital de Día*: O hospital de día ofrece unha modalidade de tratamento intensivo sen necesidade de pasala noite no centro. Os pacientes asisten durante o día a diversas actividades terapéuticas e educativas, incluíndo o uso dun comedor terapéutico

situado na mesma planta que forma parte do seu tratamento. Este comedor permite supervisar e apoiar ós pacientes durante as comidas, facilitando a reeducación alimentaria e a adquisición de hábitos saudables nunha contorna controlada.

Esta unidade funciona de maneira autónoma, dividindo ela os seus propios pacientes entre as tres modalidades de tratamento segundo precisen, en función da gravidade do trastorno. Dispoñen de psiquiatra, psicólogo clínico, enfermería especialista en saúde mental e TCAEs. Contan coa supervisión estreita por parte do servizo de endocrinoloxía do estado físico dos pacientes. Esta disposición facilita a coordinación entre os diferentes niveis de atención e asegura unha continuidade no tratamento. Ademais, permite adaptar a intensidade das intervencións segundo as necesidades individuais de cada paciente, favorecendo unha recuperación máis efectiva e personalizada.

Como áreas de mellora sería necesario ampliar recursos humanos e materiais para poder atender dunha maneira correcta a demanda crecente destas patoloxías e que puidesen existir este tipo de unidades en todas as áreas sanitarias para evitar a necesidade de desprazamento dos pacientes e as súas familias polo custo económico e loxístico que supón e, ante o cal, moitos pacientes vense obrigados a rexeitar esta opción.

8.1.2.19. Unidade de Apoio Comunitario para a Atención ao Trastorno Mental Grave (Pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais)

A *Unidade de Apoio Comunitario para a Atención ao Trastorno Mental Grave*, está destinada a prestar apoio ás persoas con trastorno mental persistente, con autonomía de conduta, pero sen posibilidades de convivencia familiar e que requiren axuda psicosocial para o seu desenvolvemento e integración social na comunidade.

Un *piso protexido* é unha unidade na que a estancia do paciente tende a ser por tempo indefinido e pasa a ser domicilio habitual deste. Unha *vivenda de transición* é unha unidade na que a estancia do paciente é por un período concreto de tempo, como paso previo a un piso protexido ou como estancia temporal no caso de ausencia do coidador principal. Ambas unidades teñen unha capacidade máxima de 5 persoas, preferentemente do mesmo sexo.

A diferenza dos anteriores, as *unidades residenciais* están destinadas a aloxar pacientes que non precisan coidados sanitarios específicos, pero que presentan carencias de autonomía que requiren unha atención social continuada de carácter tutelar. As unidades residenciais son equipamentos de pequeno ou mediano tamaño destinados a albergar, en réxime de convivencia case-familiar, a un número máximo de 25 persoas.

Estas unidades xestiónanse polos organismos competentes e reciben apoio sanitario de todos os dispositivos asistenciais da área na que están situadas. O marco de actuación encádrase dentro dun modelo de atención comunitaria das persoas con trastornos mentais persistentes que ademais teñan dificultade para a incorporación á súa vivenda habitual.

As funcións xerais destas unidades de apoio social comunitario son: o mantemento na contorna comunitaria das persoas con trastornos mentais crónicos, promovendo e apoiando a súa integración psicosocial; mellorar o funcionamento psicosocial, posibilitando a maior autonomía e independencia posible; o apoio ás familias dos pacientes con trastornos mentais crónicos, favorecendo as súas capacidades e recursos de adaptación ao trastorno e promovendo unha mellora na súa calidade de vida; e a prestación de servizos de rehabilitación psicosocial, podendo estar conectados con outros recursos que os realicen.

Estas unidades deberán servir, a través de diferentes programas levados a cabo polos responsables dos mesmos, para a adquisición de: habilidades sociais que permitan unha maior integración na sociedade; actividades da vida diaria que posibiliten unha maior autonomía funcional; educación do usuario acerca do seu trastorno e discapacidade; e habilidades que eviten as recaídas propias do trastorno.

En canto á localización, tanto os pisos protexidos como as vivendas de transición e as unidades residenciais deberán estar situados no ámbito comunitario, ben comunicadas e cunha estrutura diferenciada de calquera outro dispositivo ou centro sanitario.

Para acceder a calquera das tres unidades, é requisito imprescindible padecer un trastorno mental persistente e ser maior de 16 anos e menor de 60; presentar unha situación de discapacidade secundaria a un trastorno mental grave; estar en situación de estabilidade clínica, que non requira de tratamento hospitalario; ser derivados dos dispositivos da rede de saúde mental do Servizo Galego de Saúde e ter residencia efectiva e estar empadroado en Galicia.

O procedemento de adxudicación de praza está regulado no artigo 12 do Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes. O procedemento iníciase coa solicitude formulada polo xefe de servizo de psiquiatría e acompáñase do informe social emitido polo traballador social de referencia ou, na súa falta, o traballador social dos servizos sociais municipais, e do informe médico que acredite a estabilidade do paciente e o obxectivo terapéutico a alcanzar.

Co obxecto de optimizar estas unidades de apoio comunitario a prestación da atención é cofinanciada polos usuarios. A Consellería de Sanidade publica anualmente o prezo máximo por praza para os centros con subvención pública.

8.2. A rede de trastornos adictivos de Galicia

A rede de trastornos adictivos de Galicia está formada por unha serie de dispositivos asistenciais, financiados ao 100% ou preto do 100% pola Consellería de Sanidade, cando son asociacións, e ao redor do 30% cando son Concellos os titulares das mesmas. Por tanto, aínda que non dependen administrativamente do SERGAS, si teñen unha integración funcional co resto do sistema sanitario, pero non orgánica, tal como recolle a Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde (DOGA do 28 de marzo de 2007). Unhas dependen do propio Sergas (ex., as Unidades de Alcoholismo e outras Adiccións, en dous hospitais de distintas áreas sanitarias), outras de asociacións e outras de concellos. Podemos distinguir os dispositivos centrados no tratamento das drogodependencias, que tratan as drogas legais, as ilegais e as novas adiccións, e os centrados de xeito exclusivo no alcol, xogo patolóxico e outras adiccións comportamentais (ver https://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/documents/1465/20220704_recursos_trastornos_adictivos_gal.pdf).

Debido ao grave problema do consumo de heroína desde mediados dos anos 70 do s. XX, e logo en décadas posteriores o consumo de cocaína, marihuana, drogas de síntese e outras drogas, creouse en España o Plan Nacional sobre Drogas, tendo cada comunidade autónoma un propio Plan sobre Drogas, como é aquí o *Plan de Galicia sobre Drogas*. Entre as súas funcións está a prevención do consumo de drogas, sobre todo no campo escolar, e o tratamento e rehabilitación social das persoas cun trastorno de consumo de substancias psicoactivas. Por iso, o SERGAS inclúe esta asistencia sanitaria, actualmente a través de convenios con Concellos, asociacións e con algúns recursos

propios (SERGAS, 2020), co financiamento máis atrás comentado, aínda que non están formalmente dentro do sistema sanitario galego. O mesmo ocorre para os problemas de alcol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos comportamentais.

Hai unha ampla rede de dispositivos asistenciais por toda Galicia, cos centros máis grandes nas cidades da Coruña e Vigo, pero tamén os hai en cidades e vilas máis pequenas. Os dispositivos céntranse basicamente na atención ás drogodependencias, fundamentalmente drogas ilegais. No noso contexto destacan as denominadas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (máis actualmente chamadas Unidades de Atención ás Adiccións), Unidades de Día e Comunidades Terapéuticas. Nestes dispositivos desenvólvense diversos programas asistenciais como o de dispensación de derivados opiáceos, de redución de danos e riscos, programas libres de drogas ou programas de rehabilitación ou incorporación social. A participación nuns ou outros dependerá das características da persoa que demanda o tratamento. Dependendo da área sanitaria haberá todos os recursos ou parte deles, aínda que se poden derivar a eles cando é necesario (ex., a unha Comunidade Terapéutica).

Unha vez realizada a demanda na unidade asistencial, que pode ser por petición directa do interesado ou ser derivado de atención primaria, de psiquiatría ou doutros recursos sanitarios ou sociais, a persoa é avaliada e asignada ao profesional, ou profesionais, que levarán a cabo o tratamento dependendo do seu problema clínico. Mentres que na Unidade Asistencial vese á persoa unha ou dúas veces por semana, á Unidade de Día acode diariamente durante varias horas (variable en función do recurso), derivado da Unidade de Atención as Adiccións correspondente e sempre que o paciente estea abstinente, e alí realiza distintas actividades dirixidas a mellorar as súas competencias para o mantemento da abstinencia e a súa adaptación social, familiar e laboral. Na Comunidade Terapéutica o usuario está en réxime de internamento aberto (pode pedir a alta, a menos que haxa unha orde xudicial de internamento). Neste caso o obxectivo é traballar coa persoa fóra da súa contorna habitual para lograr a súa estabilización e mantemento da abstinencia. Na Comunidade Terapéutica o programa é moi completo e amplo, incluíndo áreas como o coidado da saúde física, a socioeducativa, a formativa e laboral, a psicolóxica e a médico-farmacolóxica.

Ademais destes dispositivos, existen outras accións específicas que se levan a cabo, como poden ser as desintoxicacións hospitalarias, cando son necesarias, especialmente en heroína e alcol; programas en institucións penais para consumidores de drogas, como son os programas de dispensación de metadona e de redución de danos; programas de colaboración cos centros de saúde; coordinación cos servizos sociais municipais; ou vivendas de apoio para a incorporación social.

Os profesionais dos distintos dispositivos están formados, fundamentalmente, por médicos, psiquiatras, psicólogos clínicos, persoal de enfermería, traballadores sociais e educadores sociais. Igualmente pode haber psicólogos xerais sanitarios, pedagogos, mestres ou avogados, dependendo dos distintos programas xa citados, sobre todo na Unidade de Día e Comunidade Terapéutica.

Actualmente en Galicia hai 17 Unidades Asistenciais de Drogodependencias, repartidas por toda a xeografía, 10 Unidades de Día e 3 Comunidades Terapéuticas, na Coruña, Ferrol e Tomiño, e outra máis de Proxecto Home en Santiago de Compostela, conveniada co SERGAS. Nos centros de drogodependencias a principal demanda en Galicia é por consumo de cánnabis nas súas distintas presentacións, ao redor do 40-50%, seguido pola cocaína, do 30-40%, e logo outras adiccións por drogas, como a heroína ou outras. As persoas dependentes da heroína, grupo fundamental de asistentes aos centros hai unhas décadas, hoxe están maioritariamente en programas de mantemento con derivados opiáceos (metadona, buprenorfina/naloxona), en programas de seguimento ou

de prevención de recaídas. Na actualidade as demandas de tratamento por heroína son poucas. Os últimos datos dos que dispoñemos para Galicia, do ano 2023, indican que nos distintos dispositivos tratáronse a nivel ambulatorio 14.977 pacientes, xunto con 527 en comunidade terapéutica, 183 en unidades de desintoxicación e 370 en unidades de día (PNSD, 2025). En toda España foron tratadas nestas unidades un total de 246.000 persoas, onde 47.000 están en programas con substitutivos opiáceos.

A atención aos pacientes con trastornos adictivos é alta en Galicia, como vén ocorrendo desde os anos 80, aínda que ten habido un cambio paulatino do predominio dunhas a outras drogas, pasándose do consumo predominante de heroína a mediados dos anos 70 e década dos 80, ao de cocaína posteriormente, nos anos 1990 e 2000 en diante. Na actualidade destaca a elevada demanda por consumo de cánnabis.

Un aspecto destacable é que os pacientes con condutas adictivas presentan unha alta incidencia de trastornos mentais asociados comórbidos (patoloxía dual) o que supón a necesidade dunha estreita colaboración coas Unidades de Saúde Mental para a correcta abordaxe do paciente.

Ao anterior hai que engadir outros dispositivos asistenciais con conveno co SERGAS ou a Consellería de Sanidade que se centran no tratamento das persoas con dependencia do alcol, do xogo patolóxico e doutras adiccións comportamentais. Hai catro centros deste tipo, na Coruña, Ferrol, Vigo e Ourense, este último integrado na Unidade de Condutas Adictivas. E, ademais, dispoñemos das Unidades de Alcoholismo nos hospitais públicos de Conxo, en Santiago de Compostela e o Hospital Lucus Augusti de Lugo.

Igualmente, teñen conveniocon outros servizos, como os recursos dependentes de Proxecto Home, que conta con varios dispositivos asistenciais para o tratamento de drogas con programas específicos para distintas adiccións clasificados en centros de acollida e reinserción social e comunidades terapéuticas. Igualmente, existen convenios con dúas asociacións para o tratamento do trastorno de xogo e adiccións comportamentais, unha en Vigo e outra na Coruña. Por último, fináncianse programas desenvolvidos por distintas asociacións como son o de atención xurídico-social (en diversas cidades de Galicia) e o de pisos de incorporación social en trastornos adictivos (na provincia de Pontevedra).

A pesar da existencia de varios informes consensuados e aprobados por unanimidade por todos os grupos políticos a nivel estatal, dentro da Comisión Mixta Congreso-Senado para o Estudo da Problemática das Drogas, onde se conclúe que a mellor atención ao paciente drogodependente debe facerse no Sistema Nacional de Saúde, non se chegou a implementar isto en case ningunha Comunidade Autónoma tal integración da Rede de Conductas Adictivas en Saúde Mental. No caso de Galicia, actualmente está en marcha un proceso de integración das unidades de dependencia municipal, representados pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Consellaría de Sanidade, como do resto das Unidades de Condutas Adictivas existentes, dentro do SERGAS. Prevese que esta integración sexa efectiva no ano 2026.

8.3. A atención privada á saúde mental: desde as consultas privadas á atención hospitalaria

A sanidade, na maioría dos países europeos, é fundamentalmente pública, nuns de todo gratuíta, noutros con sistemas de copagamento. Iso non impide que unha parte da atención sanitaria sexa tamén de tipo privado. A sanidade privada adoita ser complementaria á pública, ou ás veces unha parte dela conveniada co sistema público.

Con frecuencia utilízase para ter unha segunda opinión, ou para non ter que esperar pola atención sanitaria pública, polas listas de agarda.

No caso da atención á saúde mental, dada a gran demanda dos últimos anos e a carencia de suficientes profesionais no sistema público, a realidade é que unha parte da súa atención se leva a cabo a nivel privado. Neste sentido, hai múltiples centros dedicados á atención psiquiátrica dos trastornos mentais e, nun número aínda moito maior, á atención psicolóxica que proporcionan psicólogos clínicos ou psicólogos xerais sanitarios no campo privado. Normalmente adoitan ser consultas nas que está un único profesional, aínda que hai outras nas que comparten atención varios profesionais, ben sexan dunha mesma especialidade, ou de varias de saúde mental (ex., psicólogo clínico e psiquiatra).

Un dos principais motivos da actual demanda no campo privado en saúde mental é pola rapidez de obter unha cita, de poucos días ou semanas, a diferenza do que ocorre no sistema público, habitualmente de varios meses. Ademais, a nivel privado, dedícanlle máis tempo ao paciente. A iso hai que engadir que, no caso de psiquiatras e psicólogos clínicos, a calidade e experiencia profesional do campo privado en saúde mental é a mesma que no ámbito público, dado que foron formados no sistema sanitario público a través dun sistema de residencia (sistema MIR en psiquiatría ou PIR en psicoloxía clínica, ou EIR en enfermería en saúde mental) durante varios anos despois de aprobar o acceso a formación na especialidade, unha vez que xa é licenciado ou graduado (cinco anos no caso de psiquiatría, catro anos no caso de psicoloxía clínica e dous anos no caso do EIR en enfermería en saúde mental). Este é un aspecto importante que dá seguridade ao paciente cando demanda os seus servizos a nivel privado.

Ademais, existen varios hospitais psiquiátricos privados onde os pacientes adoitan estar neles en réxime de internamento pola presencia de trastornos mentais, sobre todo trastornos mentais graves, como depresións graves, psicoses, trastorno límite de personalidade, trastornos alimentarios, demencias e adiccións.

8.4. A atención prestada polas asociacións de saúde mental

Son varias as asociacións que prestan axuda a persoas con trastornos mentais ao longo de toda Galicia. Como exemplo, na web do SERGAS hai un total de 23 asociacións que levan a cabo algún tipo de programa financiado para persoas con trastorno mental grave. Estas van desde Cruz Vermella e Cáritas, a Itínera, FEAFES, Lar Pro Saúde Mental, Agalure, Agaja, Érguete, etc. Cada unha adoita desenvolver un programa específico dentro dos fins da mesma, uns para persoas especificamente con trastorno mental grave, ou para persoas que teñen problemas de xogo, de adiccións con trastornos de personalidade, etc. Tamén para coidadores de familiares con estes trastornos ou para grupos específicos, como poden ser adolescentes, mulleres, etc.

Imos exemplificar, de entre todas as existentes, unha delas, a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (FEAFES) de Galicia. A mesma está integrada por 12 asociacións para atender a persoas con trastornos mentais, na maioría dos casos con trastornos mentais graves, e ás súas familias. Destas asociacións dependen distintos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, centros ocupacionais, centros de día, residencias ou pisos protexidos. A estes centros os pacientes acoden a realizar distintas actividades de rehabilitación psicosocial (programas de adestramento en habilidades sociais, rehabilitación cognitiva, actividades da vida diaria, psicoeducación e prevención de recaídas…), coidado da saúde, seguimento ou orientación laboral e xurídica. Tamén poden acudir os familiares e achegados para recibir principalmente información e asesoramento. O seu obxectivo é mellorar a adaptación das persoas con trastorno mental ao seu contexto máis próximo recuperando e construíndo as súas

capacidades. Por último, estas asociacións tamén teñen entre os seus obxectivos a loita contra o estigma social que moitas persoas con trastornos mentais sofren a día de hoxe.

Nestas asociacións, e nos centros cos que contan, dispoñen de distintos profesionais dependendo das súas características, pero, en xeral, adoitan contar con psicólogos xerais sanitarios, traballadores sociais, educadores, terapeutas ocupacionais e profesionais responsables das áreas legal e laboral.

Pola relevancia que cobrou a saúde mental nos últimos anos, estas asociacións convertéronse nun recurso relevante para os seus usuarios polo tipo de servizos que prestan tanto a eles como ás súas familias. Nos últimos anos están tamén desenvolvendo programas de especial interese como os de intervención precoz en psicose, dirixido a persoas mozas que tiveron recentemente un episodio psicótico, e que teñen por obxectivo fomentar a recuperación e a prevención de futuros episodios.

8.5. Papel dos familiares e coidadores dos pacientes con trastornos mentais

Desde que se levou a cabo o proceso da desinstitucionalización psiquiátrica, que implicou o peche dos hospitais psiquiátricos, onde as persoas con trastornos mentais permanecían ingresadas unha parte importante da súa vida, a familia pasou a ter un papel fundamental na vida dos pacientes con trastornos mentais. Pero non sempre se lle prestou a atención necesaria para que poidan desempeñar axeitadamente esta función porque os pacientes seguen sufrindo de modo importante as consecuencias e o estigma asociados aos trastornos mentais. A pesar de que na actualidade parece desaparecer a denominación de "tolo", presente noutras épocas non tan afastadas, polo concepto ou denominación de "persoa enferma" ou "persoa cun trastorno mental", máis utilizado actualmente, a realidade é que estas persoas seguen tendo unha alta dose de estigma. E, a familia da persoa que ten un trastorno mental non dispón de moitos recursos onde acudir para poder afrontar adecuadamente esta situación. Por iso é polo que, en moitos casos, organízanse para formar asociacións como as que no punto anterior sinalamos. Nestas asociacións os familiares dispoñen de programas específicos sobre como afrontar mellor ter na casa un familiar cun trastorno mental, ou programas de respiro familiar, axuda mutua para familias ou psicoeducación para familiares.

É unha das áreas que precisa fomentarse, tanto pola prevalencia dos trastornos mentais, onde non só está afectado o paciente senón a súa contorna máis próxima, como para que os familiares teñan un papel activo na recuperación deses pacientes (ex., coa psicoeducación familiar) e igualmente evitar que se vexan afectados e desbordados pola situación que teñen co familiar con trastorno mental, e que lles pode chegar a afectar á súa propia saúde mental (ex., o esgotamento emocional de moitos familiares).

8.6. As persoas con trastornos mentais que non buscan axuda

Polo que vimos en capítulos anteriores, nos múltiples estudos epidemiolóxicos realizados, non todas as persoas cun trastorno mental solicitan axuda. Canto máis tempo transcorre sen recibir atención, o risco de cronificación é maior e, por tanto, increméntase a gravidade do trastorno se non se fai nada.

O non acudir en busca de axuda cando se teñen problemas psicolóxicos ou psiquiátricos é, fundamentalmente, por tres motivos: non busca axuda terapéutica porque considera que ninguén lle pode axudar; considera que o seu problema o pode afrontar pola súa conta e tentar resolvelo por si mesmo, aínda que poida pasar o tempo e non mellorar; ou, ten medo ao posible rexeitamento social se visibiliza que ten un problema de saúde mental ou diagnostícanlle que ten un trastorno mental.

Conforme increméntase o coñecemento e a preocupación sobre os trastornos mentais, tal e como está a suceder na actualidade, moitas persoas fanse conscientes de que teñen un problema polo que deben pedir axudar. Pero tamén estamos a atopar o extremo oposto, que é pedir axuda ante calquera circunstancia que produza un mínimo de malestar. Neste caso, impídese que entren en funcionamento os nosos mecanismos innatos de resiliencia para afrontar situacións novas, difíciles, cotiás, que son parte da vida. Unha boa educación sanitaria para a poboación é importante para que saiban diferenciar as circunstancias e reaccións normais ante as distintas dificultades que se poden presentar na vida e as que están relacionadas coa presenza dun trastorno mental. Ante isto, parte do traballo que teñen que realizar os profesionais de atención primaria (tanto os médicos de atención primaria como os psicólogos clínicos que agora están a empezar a estar presentes en primaria) son labores de tipo preventivo mediante accións orientadas a evitar intervencións médicas ou psicolóxicas innecesarias ou potencialmente iatroxénicas, centrándose na despatoloxización do malestar da vida cotiá.

Referencias

Buitrago Ramírez, F., Ciurana Misol, R., Chocrón Bentata, L., Fernández Alonso, M. C. García Campayo, J., Montón Franco, C. e Tizón García, J. L. (2018). Prevención de los trastornos de la salud mental en atención primaria. Actualización PAPPS. *Atención Primaria, 50 (Supl. 1*), 83-108.

Castelló, M., Fernández de Sanmamed, M. J., García, J., Mazo, M. V., Mendive, J. M., Rico, M., Rovira, A., Serrano, E. e Zapater, F. (2016*). Atención a las personas con malestar emocional relacionado con condicionantes sociales en Atención Primaria de Salud.* Fòrum Català d'Atenció Primària.

Grupo de Trabajo de Salud Mental en Atención Primaria. (2023). *Informe sobre la integración de la salud mental en atención primaria*. Sociedad Española de Medicina Familiar y Comunitaria (semFYC).

López, M. (2021). Salud mental y atención primaria: una alianza pendiente. *Revista Clínica de Medicina de Familia, 14(2),* 87–94.

Ministerio de Sanidad (2019). *Salud mental en datos: prevalencia de los problemas de salud y consumo de psicofármacos y fármacos relacionados a partir de los registros clínicos de atención primaria.* Ministerio de Sanidad.

Olivares, J., Gutiérrez, F., e López, M. (2021). Salud mental y atención primaria: una alianza pendiente. *Revista Clínica de Medicina de Familia, 14(2),* 87–94.

Plan Nacional sobre Drogas [PNSD] (2025). *Plan Nacional sobre Drogas. Memoria 2023*. Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas.

Revista Encuentro (2017). *Salud mental en atención primaria: la atención en primera línea*. Revista Encuentro, 1.

SERGAS (2020). *Estratexia 2020*. Santiago de Compostela: Sergas, Consellería de Sanidade. En https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Documents/557/SERGAS_ESTRATEXIA_2020_280316_cas.pdf

Xunta de Galicia (2020). *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024*. Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Atención Sanitaria.

Capítulo 9
Retos actuais relevantes en saúde mental

9.1. Ética e saúde mental
9.2. Os dereitos do paciente con trastornos mentais
9.3. A estigmatización e discriminación dos pacientes de saúde mental
9.4. Mellorar o coñecemento da poboación sobre os trastornos mentais: a alfabetización en saúde mental
9.5. Uso de novas tecnoloxías en saúde mental
9.6. O desenvolvemento e acceso a novos tratamentos en saúde mental
9.7. Introducir programas innovadores para a saúde mental
9.8. A problemática das listas de agarda
9.9. O incremento do custo sanitario e social dos trastornos mentais
Referencias

9.1. Ética e saúde mental

Segundo o Dicionario da Real Academia Española da Lingua, a ética é o "conxunto de principios e normas que rexen a conduta humana, relacionados co sentido do ben e do mal". Por tanto, calquera profesional ten que basear a súa práctica en facer o maior ben posible e evitar que a súa intervención sexa inadecuada e carrexe problemas á persoa que trata. Na práctica, estudouse moito a relación entre ética e práctica profesional, especialmente nas profesións sanitarias.

No ámbito profesional da saúde mental, a ética xunto cos códigos deontolóxicos de cada profesión, teñen gran importancia. A deontoloxía profesional, ou deberes que rexen o exercicio dunha profesión, é o que guía a práctica clínica de calquera profesional sanitario e reciben adestramento na mesma, tanto no seu período de formación como posteriormente durante o exercicio profesional.

Hai consenso de que calquera intervención clínica en saúde mental ten que seguir os principios de autonomía (capacidade do paciente de tomar a súa propia decisión sobre o seu tratamento e respectar os seus valores), beneficencia (actuar en beneficio do paciente e aliviar o seu sufrimento, enfermidade ou trastorno mental que padece), non maleficencia (evitar calquera dano intencional ou por neglixencia ao paciente, non sometelo a riscos innecesarios e non omitir a axuda cando o precisa) e xustiza ou equidade (seguir os fundamentos morais, legais e culturais definidos para que unha persoa sexa tratada con equidade, consideración e respecto) (de la Cámara, 2022). O dereito á confidencialidade, o consentimento informado, o dereito á intimidade, a aplicación do mellor tratamento, entre outros, son elementos cotiáns da práctica clínica dos profesionais da saúde mental.

En saúde mental os principios éticos teñen unha especial relevancia naqueles casos nos que o paciente non é capaz de poder tomar decisións por si mesmo, entre os que destacan os menores e as persoas con discapacidade. Por iso é preciso que haxa unha regulación adecuada, con normas e leis para asegurar que os pacientes reciban a mellor asistencia profesional posible.

Hai moita documentación e exemplos sobre dilemas éticos que se poden presentar na clínica (Carmi *et al.*, 2018; González, 2016; Mejías-Licanzos e Aguilera-Serrano, 2022; Pastor e do Río, 2018; Ramos, 2018). Tamén disponse de comités éticos onde se pode expor algunha dúbida, por exemplo os Comités de Ética Asistencial que existen en todos os hospitais públicos. Igualmente, os colexios profesionais teñen unha Comisión Deontolóxica á que poden tamén acudir os pacientes.

9.2. Os dereitos do paciente con trastornos mentais

Os dereitos do paciente están regulados en España por distintas leis, destacando a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica. Outras leis que tamén hai que ter en conta, e que están en parte ou totalmente recollidas na anterior, son a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e os distintos códigos deontolóxicos profesionais, a Lei de Cohesión e Calidade o Sistema Nacional de Saúde (Lei 16/2003), o Real Decreto-Lei 7/2018 que regula o acceso ao Sistema Nacional de Saúde en condicións de equidade e de universalidade de todos os residentes en España, así como varios artigos do Código Civil e Código penal.

A Lei 41/2002, de autonomía do paciente, regula os dereitos e obrigacións do paciente e dos profesionais sanitarios que o atenden. Son aspectos destacados da mesma

a historia clínica, o consentimento informado e a confidencialidade. Na Táboa 9.1 indicamos os principios básicos en que se basea esta Lei.

Táboa 9.1. Principios básicos da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.

Artigo 2. Principios básicos. 1. A dignidade da persoa humana, o respecto á autonomía da súa vontade e á súa intimidade orientarán toda a actividade encamiñada a obter, utilizar, arquivar, custodiar e transmitir a información e a documentación clínica. 2. Toda actuación no ámbito da sanidade require, con carácter xeral, o previo consentimento dos pacientes ou usuarios. O consentimento, que debe obterse despois de que o paciente reciba unha información adecuada, farase por escrito nos supostos previstos na Lei. 3. O paciente ou usuario ten dereito a decidir libremente, despois de recibir a información adecuada, entre as opcións clínicas dispoñibles. 4. Todo paciente ou usuario ten dereito a negarse ao tratamento, excepto nos casos determinados na Lei. A súa negativa ao tratamento constará por escrito. 5. Os pacientes ou usuarios teñen o deber de facilitar os datos sobre o seu estado físico ou sobre a súa saúde de maneira leal e verdadeira, así como o de colaborar na súa obtención, especialmente cando sexan necesarios por razóns de interese público ou con motivo da asistencia sanitaria. 6. Todo profesional que intervén na actividade asistencial está obrigado non só á correcta prestación das súas técnicas, senón ao cumprimento dos deberes de información e de documentación clínica, e ao respecto das decisións adoptadas libre e voluntariamente polo paciente. 7. A persoa que elabore ou teña acceso á información e a documentación clínica está obrigada a gardar a reserva debida.

Esta Lei dá un peso central ao paciente en canto aos seus dereitos en relación con calquera acto sanitario. Así, un aspecto relevante é o do consentimento informado, o cal se xeneralizou en todo o sistema sanitario. Consiste en que para calquera acto sanitario o paciente ten que ser informado do mesmo, da súa eficacia, posibles problemas e da existencia doutras alternativas, para logo aceptalo ou non. Igualmente, debe indicárselle que os seus datos manteranse confidenciais fóra do acto profesional polo que acode. En moitos casos, e isto é algo habitual nos hospitais, ten que asinar que consinte o tratamento que lle van a aplicar ou probas que lle van a realizar.

A lei tamén inclúe o consentimento por representación ou substitución, sexa por autorización expresa do paciente ou por representación legal.

Relacionado co consentimento informado está o dereito á confidencialidade de todo acto sanitario. Foi un gran avance para manter a confidencialidade de todos os datos, incluíndo aqueles que poden levar ao estigma ou á discriminación do paciente (ex., se ten un diagnóstico dun trastorno mental que a sociedade considera estigmatizante). O paciente tamén ten dereito a non ser informado do seu diagnóstico ou tratamento se así o desexa (isto é relevante en casos de diagnóstico de enfermidades graves).

Outro aspecto que regula a Lei é o das historias clínicas. Ás mesmas só poden acceder os profesionais sanitarios no acto profesional, tendo dereito o paciente para acceder á súa historia clínica ou para pedir informes sobre os seus diagnósticos e

tratamentos. A confidencialidade da información contida nas mesmas ten que estar en todo momento asegurada.

No caso de menores serán os pais ou o seu representante legal o encargado de tomar decisións polo mesmo, sobre todo cando teña as súas capacidades intelectuais ou emocionais diminuídas, aplicándose igualmente a normativa no caso das persoas adultas cando corre perigo a súa vida (ex., intento de suicidio) ou se é necesario un internamento obrigatorio por prescrición facultativa.

Sempre que se atende a un menor, se ten menos de 12 anos, o consentimento faino o seu representante legal (pai ou nai, ámbolos dous no caso de que estean separados, ou a persoa que o titoriza). Débese escoitar a opinión do menor para obter o seu asentimento. Se o menor está entre os 12 e 16 anos pódese avaliar a súa madurez para que poida consentir. A partir dos 16 anos ten a maioría de idade sanitaria pola que é autónomo para tomar a decisión sobre a intervención e dar ou non o seu consentimento. A única excepción é cando se atope en grave risco para a súa vida ou a súa saúde, nese caso os pais son informados e a súa opinión tense en conta para a toma de decisións.

O dereito do paciente para negarse á aplicación dun tratamento concreto está contemplado, a menos que se presenten algunhas das excepcións recollidas no noso ordenamento xurídico na Lei 41/2002 de autonomía do paciente. No caso dos internamentos non voluntarios é un xuíz o que os ten que autorizar, e contémplanse naqueles casos nos que os pacientes teñen graves alteracións de conduta, síntomas psicóticos, ideación suicida, intoxicación alcohólica ou por drogas, actos delituosos, ou outros graves onde se valora que o internamento como mellor opción, xa sexa por unhas horas ou días.

Nestas excepcións, a persoa atópase nunha situación na que a súa capacidade de autonomía atópase temporalmente diminuída e non é capaz de valorar a súa situación (a nivel psicolóxico e físico) como o faría coas súas capacidades cognitivas conservadas. Trátase, por exemplo, de persoas que presentan graves alteracións condutuais en relación a unha descompensación psicótica dun trastorno mental grave de base, por alteracións de conduta relacionadas coa intoxicación ou consumo de tóxicos (como é o caso das psicoses tóxicas) ou pola verbalización expresa de ideación suicida con elevado risco de paso ao acto. En todos estes casos, en base ao artigo 763 da Lei de Axuizamento Civil, é posible promover o seu ingreso hospitalario de carácter involuntario, isto é, en contra da preferencia ou decisión da persoa. Para iso, o facultativo, debe informar ó xuíz desta necesidade nas 24 horas seguintes á súa valoración, tendo o paciente que ser valorado pola comisión xudicial (xuíz, secretario do xulgado, médico forense), nas 72 horas posteriores como máximo. O xuíz, tras a súa valoración e lectura dos informes clínicos realizados polo facultativo, emitirá a ratificación do internamento involuntario ou non.

9.3. A estigmatización e discriminación dos pacientes de saúde mental

Un tema relevante cando falamos de persoas que teñen trastornos mentais é o do estigma que moitos deles sofren a diario por padecer un trastorno destas características. Hoxe, patoloxías comúns, como a ansiosa-depresiva, cada vez ten menos estigma asociado, así como máis facilidade para o recoñecemento das dificultades e de pedir axuda profesional. Isto contrasta co que ocorre en trastornos percibidos como máis graves, que é do que fundamentalmente se fala no resto do apartado.

No libro de Erwin Goffman (2009), *Estigma: a identidade deteriorada*, defínese o estigma como os atributos dun individuo que lle xeran profundo descrédito e desvaloración social. Actualmente, no campo da saúde mental por estigma referímonos ás actitudes negativas, crenzas e estereotipos que a xente pode ter cara a quen padece

trastornos mentais. Ademais, o estigma que sofren estas persoas, dada a súa importante presenza na sociedade, pode levalos a non buscar, ou atrasar, a procura de atención sanitaria ou, mesmo, abandonar o tratamento no caso de xa ter un trastorno mental diagnosticado, para tentar superar o estigma que iso lle provoca.

Hai distintos tipos de estigma: o persoal ou internalizado (autoestigma, o que a persoa percibe levándolle a crenzas de desvalorización e discriminación), o familiar (onde o desvalorizan, íllano ou exclúeno socialmente), o institucional (coas políticas que lles aplican por ter trastornos mentais) e o público (con prexuízos e estereotipos negativos cara aos pacientes con trastornos mentais; ex., a crenza sobre o seu perigo) (Mascayano *et al.*, 2015).

Xa Meyer (2003) expuxo hai anos a coñecida como teoría do estrés das minorías. Esta expón que determinadas persoas simplemente por pertencer a un determinado colectivo están máis expostas a situacións de estrés, estigma e marxinalidade que outras, por exemplo as persoas trans e tamén as persoas con trastornos mentais graves.

Recentemente, no ano 2022, destaca a creación por parte da importante revista médica *The Lancet* dunha comisión específica para analizar o fenómeno do estigma e da discriminación en saúde mental e o modo de acabar con ela (Thornicroft *et al.*, 2022). A mesma apunta que o estigma implica separación entre grupos, baseada na crenza de que outros son distintos. En saúde mental o estigma ten características peculiares, ademais da exclusión social, implica ver ás persoas con trastornos mentais de modo negativo e o uso dunha linguaxe despectiva cara a elas. Por tanto, o estigma leva á discriminación das persoas con trastornos mentais, véselles como persoas distintas, cunha menor valoración cara a eles, máis problemas para acceder ao mercado laboral e un rexeitamento manifesto doutras persoas da súa contorna, mesmo de familiares.

Un exemplo claro do anterior vémolo na esquizofrenia, que é un dos trastornos relacionados cunha maior estigmatización, recibindo un maior rexeitamento por parte da poboación xeral (Valery *et al.*, 2020). Con frecuencia considérase que estas persoas son perigosas, incompetentes, con pobre prognóstico e téntase manter a máxima distancia social cara a eles. Este rexeitamento contrasta coas actitudes e crenzas positivas que manteñen os profesionais da saúde mental, considerando que son menos perigosos do que pensa a poboación xeral e con confianza nos efectos positivos do tratamento farmacolóxico (Valery e Prouteau, 2020).

No caso da poboación xeral o estudo de Vigairo e Moral (2016) realizado en Asturias, mostrou que o 46% das persoas avaliadas asociaba cometer determinados delitos con ter un trastorno psicótico. Eran as mulleres as que tiñan actitudes máis positivas cara ás persoas con este trastorno, en comparación cos homes.

A pesar dos esforzos por reducir o estigma, as intervencións dispoñibles teñen unha eficacia moderada e adoitan ser máis efectivas en adolescentes que en adultos (Ma *et al.*, 2023; Song *et al.*, 2023;). No caso de adultos, moitos estudos evidencian que as reducións do estigma son modestas e, en ocasións, pouco sostidas no tempo, o cal subliña a necesidade de estratexias máis sostidas e adaptadas a diferentes contextos socioculturais. A evidencia suxire que programas con contacto directo con persoas con experiencia en saúde mental son máis efectivos que as estratexias educativas tradicionais.

A Comisión *The Lancet* propón varias accións para mellorar o estigma e a discriminación dos pacientes con trastornos mentais (Táboa 9.2): eliminar contidos estigmatizantes en medios de comunicación, incluír formación obrigatoria sobre saúde mental nos plans de estudos sanitarios, e empoderar ás persoas con experiencia vivida como axentes activos na loita contra o estigma.

Táboa 9.2. Obxectivos para acabar co estigma e a discriminación en saúde mental, segundo a *The Lancet Commission*.

- As organizacións non gobernamentais internacionais deberían emitir directrices que declaren inaceptables todas as formas de estigma e discriminación contra as persoas con trastornos mentais. - Os gobernos de todos os países deberían aplicar políticas que apoien o fin do estigma e a discriminación contra as persoas con trastornos mentais. - Garantir a erradicación do estigma e a discriminación contra as persoas con trastornos mentais no lugar de traballo. - Os plans de estudos nacionais para todos os profesionais da saúde e a asistencia social e os cursos de formación profesional deberían incluír sesións de formación obrigatorias sobre as necesidades e os dereitos das persoas con trastornos mentais. - Todos os medios de comunicación deben eliminar sistematicamente os seus contidos estigmatizantes. - As persoas con experiencia vitais de saúde mental deben recibir un forte apoio para reducir a estigmatización e a discriminación.

9.4. Mellorar o coñecemento da poboación sobre os trastornos mentais: a alfabetización en saúde mental

A pesar do gran boom da saúde mental nos últimos anos hai un claro descoñecemento por parte da poboación sobre os trastornos mentais, a súa adquisición, tratamento, evolución e prognóstico. Todos considéranse por igual, esquecendo que hai unha gran variedade de trastornos mentais, que poden afectar a nenos, adolescentes, adultos e persoas maiores ou anciás, obviándose frecuentemente o aspecto máis determinante que é o nivel de gravidade. Así, non é o mesmo ter un problema persoal que produce tristeza, que unha depresión lixeira, moderada ou grave. Isto marcará a diferenza entre o malestar, que a persoa pode manexar por si mesma, e a necesidade de demandar axuda, co fin de ter un diagnóstico preciso, que se aplique o tratamento adecuado, ver cal é o prognóstico e realizar un seguimento para obter un adecuado resultado terapéutico a curto, medio e longo prazo.

O descoñecemento acerca dos trastornos mentais adoita estudarse baixo a denominación de "alfabetización en saúde mental". Fai referencia aos coñecementos e crenzas sobre os trastornos mentais, que permitan o seu recoñecemento, xestión ou prevención (Jorn *et al.*, 1997). Por exemplo, con frecuencia equipárase o sufrimento reactivo á existencia dun trastorno mental, como cando a persoa di que "estou depre", "estou triste", etc. Unha boa alfabetización en saúde mental inclúe (Zabaleta *et al.*, 2023): a capacidade de recoñecer trastornos mentais para facilitar a procura de axuda; coñecemento da axuda profesional e os tratamentos efectivos dispoñibles; coñecemento sobre as estratexias efectivas de autoaxuda; habilidades para brindar apoio á saúde mental dos demais; e, estratexias de prevención dos trastornos mentais. Isto faise habitualmente a través de estratexias de educación para a saúde, aínda que se trata dun campo novo e adoitan ser accións puntuais en centros escolares ou institutos. Este é un campo que está a cobrar cada vez máis importancia, pero que debe seguir desenvolvéndose amplamente nos próximos anos.

Temos experiencias nacionais de alfabetización en saúde mental en institutos (ex., Amado-Rodriguez *et al.*, 2024), espazos nos que se atopa que o coñecemento que se ten sobre a saúde mental é medio-baixo, con actitudes estigmatizantes cara ás persoas con trastornos mentais e con menor probabilidade de procura de axuda se se teñen problemas

de saúde mental. Por sorte, cada vez temos máis información sobre os problemas de saúde mental e como facela chegar aos máis novos (Cheremisina *et al.*, 2024), así como distintos programas para aumentar a alfabetización en saúde mental e que mostraron funcionar adecuadamente (González-Sanguino *et al.*, 2024), sobre todo no que respecta á adquisición de coñecemento, xa que non lograron reducir o estigma (Casañas *et al.*, 2022). Por iso, queda moito traballo por facer, non só entre os mozos senón tamén nas persoas maiores.

Como exemplo no noso contexto próximo, poderíase citar que en Galicia estase traballando nos últimos anos co Programa YAM, que pretende chegar a todos os adolescentes galegos. Existe máis información ao respecto en: https://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/yam?idioma=ga.

A alfabetización debe estar unida á sensibilización en saúde mental. O que hoxe dinnos, mañá esquecémolo, se non interiorizamos iso que nos dixeron. De aí o que haxa que insistir en que se debe crear a idea social de que os trastornos mentais son algo frecuente, case "normal" na vida de moitas persoas, e que os van padecer polo menos unha de cada tres persoas nalgún momento da súa vida, e que deixen de verse os trastornos mentais como "raros", "perigosos", etc.

Na actualidade, tamén resulta imprescindible desenvolver a alfabetización dixital en saúde mental. Esta inclúe a capacidade de identificar fontes fiables de información online, utilizar ferramentas de autoavaliación con criterio, recoñecer plataformas clínicas acreditadas e discernir entre contidos con base científica e aqueles que poden ser desinformación. Ademais, implica coñecer os riscos asociados ao uso indiscriminado de recursos dixitais para a saúde mental, como o autodiagnóstico erróneo ou a exposición a tratamentos non validados.

9.5. Uso de novas tecnoloxías en saúde mental

Unha das revolucións na que estamos inmersos é na consolidación das denominadas como novas tecnoloxías e a súa aplicación a todos os aspectos da vida. Especificamente facemos referencia ás tecnoloxías da información e as comunicacións (TICs) que son un conxunto de recursos tecnolóxicos (ex., computadores, Internet, telefonía) dirixidos a almacenar, crear, intercambiar e transmitir información e a todos os seus desenvolvementos (uso de Apps, videochamadas…), aos que as medidas de distanciamento social impostas pola pandemia producida polo covid-19, contribuíron a impulsar, de modo abrupto, a súa introdución en todos os ámbitos, incluída a asistencia sanitaria á saúde mental.

No obxectivo número 3 dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas saliéntase a importancia de promover a saúde e o benestar en persoas de todas as idades, sinalando no punto 3.8 a necesidade de alcanzar unha cobertura sanitaria universal. A saúde dixital (*Digital Health* e *eHealth* en inglés) foi identificada como unha forma de alcanzar este obxectivo xa que permitiría o acceso aos recursos sanitarios a un maior número de persoas. Nesta liña, a OMS (2021) estableceu dentro do Marco Europeo de Acción en Materia de Saúde Mental 2021-2025, a necesidade de utilizar intervencións psicolóxicas baseadas na evidencia mediante o uso de tecnoloxías dixitais.

Nos últimos anos, a utilización das TICs nas intervencións dirixidas á mellora da saúde tivo un rápido crecemento, do mesmo xeito que a investigación sobre os seus resultados. Por exemplo, Erbe *et al.* (2017) conclúen que a utilización de intervencións a través de Internet, como apoio ao tratamento presencial en adultos con algún trastorno mental, diminúe a probabilidade de abandono do tratamento, axuda a manter os cambios

obtidos na terapia e aumenta as porcentaxes de abstinencia en persoas con trastorno por consumo de substancias.

Dentro das TICs, o uso das videochamadas como tecnoloxía que facilita a comunicación entre persoas que se atopan a distancia física, foi unha das que máis creceu. O uso deste tipo de tecnoloxía permite reducir os custos económicos e de tempo asociados ao desprazamento e facilita a accesibilidade a recursos que están afastados xeograficamente. Os estudos mostran que non hai diferenzas en canto aos resultados do tratamento, cando se compara unha mesma intervención realizada en persoa co formato online a través de videochamada (Banbury *et al.*, 2018). Pero isto non nos debe levar a engano, porque as videochamadas son útiles para para incrementar a accesibilidade aos tratamentos, por exemplo as persoas que viven en zonas rurais , pero nos casos máis graves non queda clara a súa eficacia. Por iso, poden ser complementarios na clínica pero é máis difícil que a poidan ser un sustituto nos casos graves.

O uso do teléfono móbil tamén creceu exponencialmente no ámbito da saúde, recibindo a denominación en inglés de *mHealth* (*mobile health*). Dentro desta tecnoloxía, o deseño e uso de Apps orientadas á saúde converteuse nunha aproximación máis dentro do campo clínico (Marcolino *et al.*, 2018). A OMS (2016) considera que as *mHealth Apps* son ferramentas apropiadas para o seguimento de pacientes e para a práctica clínica. O uso de Apps no ámbito da saúde mostrou bos resultados non só para facilitar o contacto entre o profesional e o paciente, senón tamén para axudar ao usuario mediante recordatorios e consellos para levar a cabo as indicacións proporcionadas polo profesional sanitario. Á vez, permite a recompilación de datos acerca da adherencia ao tratamento e a execución das tarefas entre sesións, o cal contribúe a identificar os factores que facilitan ou dificultan o cambio de conduta (Lindhiem *et al.*, 2015).

